


AUÑIÓS

Nº 15

MAIO 2010




ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns



XACOBEO 2010
Galicia



CRENZAS MARIÑEIRAS

Por: Xoán Xosé Pérez Labaca

Dentro da vida mariñeira existían moitas crenzas e tradicións que buscaban a protección da casa fronte a toda clase de inimigos invisibles. Así, cando as casas estaban en construción agachábanse, dentro das paredes, moedas que tiveran unha cruz. Unha vez rematada a construción era costume espallada colocar en recunchos cornos, ferraduras ou ramos. Hoxe en día estase a substituír pola beizón por parte do cura do lugar.

Tamén as entradas da casa quedaban protexidas ao colocar ramos con xestas en flor ou pintar cruces de cor vermella nas portas, para que os malos espíritos non puideran entrar. Incluso, fai moitísimos anos, existía o costume de pintar, pola parte de afora desa mesma cor, algunha nas paredes.

Case con seguridade, procedentes de ritos ancestrais, hai tradicións para as botaduras dos barcos novos que celebran a cerimonia escachando contra o casco unha botella de sidra ou champaña; tamén sendo bendicido polo cura ou poñéndolle o ramo ou allos en certos recuncho da embarcación.

Segundo me contou hai anos un amigo meu da Illa de Arousa chamado Segundo Nine Ferro, había outras ocasións onde se celebraban ritos de protección das dornas que eran na noite de San Xoán, cando se lle depositaban ramos de xestas ou codesos, cantando aquela canción, que tamén cantaba un carpinteiro de ribeira de Ons, ao que lle chamaban Cachote, que dicía:


“Dorniña, ponte de quilla
que te vou a carenar
de rosas e caraveles
para saír a la mar”.

E no sábado de Gloria, espallábaselle enriba auga bendita.

Para protexer a pesca, eran moitos os ritos que existían no mundo mariñeiro. Por exemplo eran bastante comúns os costumes que se realizaban coa finalidade de tentar de atraer a pesca: mediante asubíos, facendo ofrendas de flores ao mar, como botar ao mar anacos de pan de millo e rosca ou, incluso, asistindo á misa antes de comezar a tempada.

Outros costumes estaban mais relacionados cos propios aparellos de pesca, por exemplo cando se remataba de construír unha nova “cacea”, botábanse sobre ela allos, bendiciáase con auga bendita ou viño, ou golpeábase cunha póla de acivro. Con certa frecuencia, despois dunha mala temporada de pesca, era costume mallar a rede cunha xesta ou con vimbios e, incluso, mallar o propio barco.

Cesáreo Patiño carenando unha dorna na Illa de Ons.



Sobre este último aspecto, existe un interesante traballo, orixinal de Celestino Pardellas de Blas titulado “O costume de varea-las dornas na Illa de Ons”, publicado no número cero da revista Aunios no que fala da crenza

que había alí, naquela illa, e da forma de castigar á embarcación, que non aportaba pesca ou aportaba pouca por atoparse “enmeigada”. Este sistema de castigo mediante o vareo non era moi doado de facer pois requiría uns personaxes (a vareira...), uns procedementos (poñer o barco de quilla...), uns momentos apropiados en certas datas especiais (doce da noite, noiteboa...), uns materiais (vimbios, silva macho...), uns rituais (rezos secretos...) etcétera, para botar o feitizo fóra.



Igrexa de San Xaquín. Curro. Illa de Ons

Mónica B. Suárez Groba estudou a fonda relixiosidade do mariñeiro galego facendo constar que: “... esta é ben coñecida e dela consérvanse moitos e variados ritos. Non é estraño a busca de axuda sobrenatural cando se hai que enfrontar aos perigos que o mar presenta.

Un dos rituais máis difundidos é o do saúdo, consistente en saudar dende o barco ás capelas de virxes ou santos situadas nos promontorios da costa. Normalmente acompañábase dun grollo de augardente que o patrón lle ofrecía á tripulación. Nas costas galegas sucédense as devocións que teñen sempre coma protagonista ó

mar... Citar tódalas referencias devotas da espiritualidade mariñeira, nunha terra coma a nosa, é unha cousa case imposible. Cada vila, cada aldea, cada lugar zoupado polas ondas e que sabe de invernos escuros e tenebrosos, foi tecendo a súa particular devoción e erguendo o seu senlleiro patrón”.

Hai algúns moi coñecidos como o das terras da Mariña luguesa, que escolleron ao mítico San Roque, que igual cura un andazo, derrota o inimigo invasor ou domina os elementos da natureza, convertendo ademais aos seus devotos. Ou o San Xaquín de Ons, do que di o cantar e que ademais está reflectido nos azulexos da entrada da igrexa:

“Santo.

San Xaquinciño da Illa
daios un ventiño en popa,
pra chegar ao noso porto
que temos a vela rota
Esta illiña galega
defensa da nosa ría
é devota de San Xaquín,
o pai da Virxe María”

Tamén hai outros patróns máis descoñecidos coma Santa Bárbara ou incluso unha parella de sabios segundo di esta cantiga:

"San Xerome e San Román,
e así como eles son santos
teñen as chaves do temporal
sexan os tronos amansados".

Moito mais afamada pola súa vocación procreadora, cos baños das nove ondas na praia A Lanzada, non se debe esquecer neste rito a antiquísima tradición de avogada protectora a Nosa Señora da Area, da Lanzada en Noalla, onde se ergue a románica ermida no promontorio do seu nome, e que segundo afirma a tradición ten a honra de impedir que ningún mariñeiro morra afogado, pois como di a cantiga:

"Nosa Señora da Area
dona da Lanzada
non permite que o mariñeiro
teña morte afogada".

Agora ben a fonda devoción que presentan case todos os pobos mariñeiros do litoral galego é para a Nosa Señora do Carmen, considerada patroa da xente do mar, sexan pescadores ou non, xa que engade baixo a súa celestial protección tamén aos mariñeiros e mariños da Armada e a toda a xente que traballa nalgún oficio relacionado co mar.

Para ir rematando cabe destacar o tratado sobre este tema do profesor Antonio Fraguas Fraguas, reflectido no libro titulado “La Galicia Insólita”. Escrito que me chamou poderosamente a atención e que di así: *“As crenzas relixiosas no medio da xente do mar non son o único medio ao seu alcance para tratar de conxurar a impotencia humana; existen tamén os vellos ritos para propiciar a pesca. A fe que moitos dedican á Virxe ou aos Santos da súa devoción; esvaecese cando sobre todo porque había ocasións nas que a pesar das oracións, e da esperanza na axuda divina, todo parece saír mal. A veces pásanse días enteiros sen pescar a penas nada, e o desánimo apoderase de toda a tripulación. Neses casos a crenza máis frecuente é a de que alguén botáralles o mal de ollo e que a embarcación estaba embruxada. Desde ese instante entrábase nunha dimensión espiritual diferente na que a relixión cristiá perdía toda a súa forza, e recorríase a unha meiga para que co seu poder desfíxese o feitizo que envolvía á embarcación. O procedemento que se seguía estaba revestido de gran solemnidade e secretismo. Pola noite, embarcábase a tripulación levando con ela a unha bruxa. En medio do mar deixábase o barco ao garete. Persignábanse todos, descubrían a cabeza e axeonllábanse en silencio como se estivesen na igrexa. Cada un deles levaba na man un cirio aceso, mentres que a bruxa, ataviada cunha estola e provista dun libro, ía musitando unhas oracións para cortar o mal de ollo...”*

A Lanzada, ermida e castelo.



Como se pode apreciar o que si estaba moi presente eran os “males de ollo e do aire” que afectaban ao patrón polo que a este non lle quedaba mais remedio que acudir á muller que sabe quitalos e enfrontarse á peneira que había dicir se o aire era de vivo ou de morto e o mal de ollo da malquerencia dunha persoa ou dunha bruxa ou muller sabia. Segundo conta María Jesús Otero Acuña no seu libro “Isla de Ons, Privilegio de la Naturaleza”: “...existía unha bruxa especializada en “Facer bailar a peneira”. Se se lle preguntaba aquilo que desexabamos saber, ela facíaa bailar e se ao parar daba a cara é que era mentira, pero se daba as costas entón era verdade”. Noutros

aspectos das crenzas das xentes do mar aparece no libro de Vitor Vaqueiro “Galicia Insólita”, no apartado dedicado aos “seres fabulosos”, falando das “lavandeiras” que eran, segundo di el, unhas mulleres que lavaban co diaño. Fai referencia un escrito de Ana Liste e di: *“... recolle un relato da Illa de Ons a relación entre a bruxería e o acto de lavar pola noite. Segundo a narración un mozo vai de volta para a súa casa despois de acompañar una mozas. O pasar xunto a beira dun “río” observou a tres mulleres lavando o que provoca nel certo desacougo que lle fai preguntar cal a necesidade de lavar de noite, Nese momento una da mulleres o agarra e sen mais zámpao no medio dunhas silveiras de onde é recollido no día seguinte todo rabuñado.”*

Outro tipo de crenza é a das marcas ou debuxos nas embarcacións. José María Massó no seu libro “Barcos en Galicia” indica que diferentes debuxos eran empregados, sobre todo, no sur de Galicia, para identificar as barcas e aparellos de cada un, e di: *“É realmente fascinante este mundo das “marcas” nos barcos. Teño observado que todas están pintadas con pintura branca”.*

Debemos lembrar que as cores nas embarcacións é un feito relativamente recente, xa que os botes, sobre todo as dornas, dos pescadores eran totalmente negros debidos á brea que os protexía. Sen embargo a símbolos, coma “o sansolimán”, ou “a estrela de David”, outorgábenselle poderes máxicos contra determinados perigos e inimigos. Hai que pensar tamén que por aqueles

tempos o índice de analfabetismo era moi grande, superaba a finais do século XIX mais do oitenta por cento en homes e do noventa e cinco en mulleres, o que serve para especular se as marcas tamén debían servir para que os pescadores distinguiran e soberan de quen eran as embarcacións polo debuxo, xa que non sabían ler o folio. Tamén penso que, por veces, era o distintivo de cada familia.

Quedan no tinteiro moitas mais crenzas das que trataremos, se cadra, noutra ocasión.



LÉXICO MARIÑEIRO E DICCIONARIOS. MUELLES E PEIRAOS

Por: Francisco Calo Lourido.

As linguas romances foron xestándose en todos e cada un dos territorios da Romanía ata que principiaron a se manifestar en documentos escritos a partir do século XI, hai agora, redondeando, un milleiro de anos. Linguas como o francés ou o español, unha vez que apareceron na escrita, continuaron a se desenvolver, sen solución de continuidade, ata hoxe. Poetas, novelistas e dramaturgos, así como escribáns e cronistas, foron creando, adaptando, pulindo e fixando as diferentes linguas, e gramáticos, como Nebrija, no caso do español, elaboraron, xa no século XV, as súas primeiras gramáticas, normativizando os usos. A lingua galega xurdiu polas mesmas datas que as súas irmás e principiou unha andadura que, nos primeiros séculos, foi certamente gloriosa. Conformémonos, agora, con lembrar as cantigas dos nosos trobadores medievais.

Chegamos así ás fins do século XV, cando o devandito Nebrija proclama que a lingua sempre foi compañeira do Imperio, mentres Galicia sofre por parte dos Reis Católicos unha “doma e castración” que se manifesta coa creación da Real Audiencia, en 1480, na que raramente se atopaban membros de orixe galega. Agrávase a situación coa chegada obrigada de escribáns procedentes de Castela e ignorantes da nosa lingua ou coa integración dos mosteiros galegos nas congregacións de Castela, sobre todo na de San Bieito de Valladolid. Xa non haberá abades galegos nos nosos mosteiros, senón foráneos que, o mesmo que os capitáns xenerais, presidentes da audiencia ou escribáns reais e de número só falarán a lingua de Castela. O galego escrito desaparece na práctica, quedando relegado ao pobre estatus de lingua oral, polo que, se chegou aos nosos días, foi polo uso ininterrompido que seguiron a facer del labregos, mariñeiros e, en menor número, artesáns. Estes homes conservaron e aumentaron unha lingua riquísima, colmada de nomes e matizada de sinónimos para definir todo aquilo que configuraba a súa existencia diaria. Pero ninguén se preocupaba de plasmala, de fosilizala documentalmente –sen entrar agora nos poetas do chamado Rexurdimento-, pois a maioría dos seus usuarios eran ágrafos ou, no mellor dos casos, malamente podían escribir, nun nivel

primario, en español, única lingua na que foron escasamente alfabetizados.

No derradeiro terzo do pasado século, o galego, da man dos cambios políticos trala morte do ditador, cobrou carta de natureza e principiou a abrirse camiño no campo académico. Creouse unha cátedra universitaria para dalo a coñecer aos estudantes de linguas románicas, logo unha licenciatura específica e, posteriormente, chegouse á dotación de prazas de profesorado no ensino básico e secundario. Para poder formar licenciados universitarios e profesores de lingua galega, foi preciso normativizar esta, algo que se tivo que principiar a facer de xeito necesariamente apresurado. Multiplicáronse as gramáticas, con sucesivas correccións, e asemade os dicionarios. É precisamente a estes derradeiros instrumentos lingüísticos, imprescindibles en toda lingua, aos que imos botar unha ollada neste breve artigo.

Desde moito antes de que se tivesen producido os pasos anteriores a prol da lingua galega e do seu ensino, xa contabamos cunha serie de vocabularios e mesmo cun fantástico dicionario enciclopédico en tres tomos, como é o de Eladio Rodríguez González -coas addendas de Méndez Ferrín e Bernardino Graña- a quen por certo hai que acudir en máis dunha ocasión, se queremos atopar certas verbas referidas á actividade piscatoria. Nalgún dos meus traballos teño feito alusión á carencia de estudos etnográficos sobre o noso mar en contraposición á relativa abundancia dos que se realizaron sobre a vida rural e a actividade agrícola. Expliquei isto, como resultado da procedencia rural da meirande parte dos nosos grandes investigadores desde a Xeración NÓS. Similar explicación atopo para as ausencias de léxico mariñeiro nos nosos dicionarios, cada vez máis completos e depurados.

A terminoloxía náutico-pesqueira está perfectamente recollida nos dicionarios españois, porque nesta lingua se escribiron, desde sempre, traballos científicos, etnográficos e técnicos, así como relatos e novelas, algunha delas cun riquísimo vocabulario. Galicia, terra de homes de mar por excelencia, ten a disposición dos


usuarios un léxico pobrísimo neste eido. Poño un exemplo: se eu tiver que escribir un texto sobre navegación a vela dos grandes veleiros, atoparíame falto de palabras e tería que botar man do español.

¿Acaso as goletas e os bergantíns galegos do século XVIII, feitos en Galicia por carpinteiros, cordieiros (por empregar un termo de moitas zonas da costa, como A Guarda ou Porto do Son, entre outras), ferreiros e veleiros galegos non levaban no seu aparello un rico vocabulario en lingua propia?; ¿Capitáns e pilotos galegos, curtidos previamente na baixura e/ou na pesca de altura, e tripulación exclusiva de mariñeiros -os mais deles analfabetos, e todos co rostro queimado polos salseiros do mar galego- esquecían a lingua propia así como poñían o pé na regala do barco para saltar a bordo? Obviamente, non. O que sucedía era que non escribían e, cando os pilotos presentaban unha queixa de mar, o escribán traducía ao español. A contaminación desta lingua dominante foi brutal e sospeito que a obrigatoriedade do servizo na Mariña de Guerra acelerou o proceso de substitución do vocabulario galego dos pobres mariñeiros polo español dos seus mandos. O mesmo que, unha vez que a Armada nomeou a Virxe do Carme como patroa, se espallou por toda a costa a súa devoción da man dos mozos cumpridos. Antes disto, a Virxe do Carme, co seu escapulario, máis que avogosa dos mariñeiros, érao das almas do purgatorio. Foi excepcional o seu nomeamento como patroa, en 1771, polos homes de mar do Grove.

Esta situación fixo que a maioría da terminoloxía mariñeira galega desaparecese, conservándose unicamente na pesca de baixura e, aínda así, chea de innecesarios castelanismos. Os nosos dicionarios, elaborados por autores non sempre coñecedores da etnografía piscatoria, pero si sabedores, por formación universitaria, do vocabulario castelán, mostran un léxico pobrísimo, por unha banda, e un pánico aos castelanismos, pola outra.

Vexamos, agora, un único exemplo de léxico mariñeiro, deixando para outra ocasión verbas como xábega/xávega, trainera/traiña/traiñeira, bote/buceta etc. Voume centrar tan só nunha palabra que está totalmente viva nos nosos portos de mar, onde se usa en exclusiva e sen sinónimos; pero que non se recolle nos dicionarios, tentándose por tódolos medios, sobre todo a través dos correctores das editoriais, eliminar do vocabulario galego. En máis dunha ocasión teño deixado a protesta escrita do abuso e impertinencia dos correctores que, a golpe de dicionario, ousan

modificar o léxico dos investigadores, mesmo en temas que aqueles ignoran absolutamente.



Muelle.

Tódolos mariñeiros galegos lle chaman muelle ao muelle; pero, no galego normativo, esta palabra non existe, é un castelanismo e non se debe empregar. Non se trata dun castelanismo local, senón da *única* verba que designa esa construción na que os barcos atracan, amarran e cargan ou descargan os seus fretes. Pero os que non son mariñeiros din que non se debe de usar, polo que hai que obrigar aos usuarios a deixar de empregar a única verba que coñecían e a usar outra que eles, non así algúns dos seus antepasados, endexamais ouviran.

En Galicia había **peiraos** -palabra que non existe en portugués- onde os barcos podían arrimar a terra con seguridade. Eran construcións pétreas paralelas á costa, con ou sen ramplas. É dicir, eran o que os portugueses chaman *cais*, os casteláns, *embarcadero* ou *andén*, os franceses *quai*, os ingleses *platform* ou *quay* e os alemáns *Bahnsteig*, pero tamén *Quai*. En todas estas

linguas, agás en Galicia (e en Castela), por préstamo ou por derivación, existe unha verba común derivada do galo *cai*. Ignoro de onde procede e que camiño seguiu para chegar aquí a nosa verba peirao, que o Dicionario Xerais da Lingua remonta ao latín *petra*. É posible, se ben a min me resulta moi atractiva a idea de relacionala co grego *Epeiros*, “terra firme”, de onde *Epiro*. ¿Tal vez tamén *Pireo*, o porto de Atenas? Sempre se chamou peiraos aos embarcadoiros que costeaban a cidade de Pontevedra, no río Lérez, e esta palabra figura tamén en topónimos, caso de Ribeira.

En Galicia o que non había eran **muelles**, coñecidos xa desde a antigüidade no mediterráneo. Toda a costa peninsular, agás a galega, se foi enchendo de muelles, construcións pétreas perpendiculares á costa ou paredóns que penetran no mar. Galicia chega sempre tarde ás modernidades. A palabra que designa esta obra ten unha etimoloxía moi clara; procede do latín *moles*, que da *môle* en francés, *molo* en italiano, *moll* en catalán, *mole* en Inglés, *Mole* en alemán ou *molhe* en Portugués. Outra volta, en tódolos países veciños, sexan eles de lingua románica ou xermánica (por préstamo) teñen o derivado do latín *moles*. En Galicia non, aínda que tódolos mariñeiros lle chamen así. Meu avó Vicente, fillo e pai de patróns, morreu, malpocado, sen saber que atracaba o seu barco nun peirao.

No ano 1634, un portugués chamado Texeira (castelanización de Teixeira) elabora un atlas para Filipe IV, o chamado Rei Planeta. Daquela os mapas non se facían para o estudo ou a aprendizaxe, senón cunha finalidade militar. Os exércitos debían de coñecer coa meirande precisión o territorio que pretendían invadir e os mapas elaborábanse para iso. Por tanto, tamén eran artigos que, hoxe, aparecerían clasificados como *top secret* e, por conseguinte, eran material

cobizado polos axentes estranxeiros e de alto valor nas redes contrabandistas. O interese do atlas de Teixeira radicaba na súa minuciosa descrición gráfica, e mesmo textual, de toda a costa peninsular. Pretendía mostrar




Ría de Muros e Noia, segundo o Atlas de Teixeira

o estado das defensas e das zonas susceptibles dun ataque inimigo por mar, así como dos fondeadoiros, dos fortes e das pontes, polo que o detalle no debuxo de posibles muelles ou embarcadoiros era un aspecto esencial e, conseguintemente, coidado. Por iso plasmou con moito xeito os peiraos de Pontevedra e, cando fala de Bares, á que el chama *Varias*, di: “En esta mesma ría, de la otra parte del puerto de Viçedo, esta vna plaia de arena donde está vna aldea que llaman Varias.

Población de pescadores, no tiene más puerto que el abrigo que le azen vnas peñas a los barcos”. E, cando debuxa e pinta a miña vila do Porto do Son marca ben o Caudillar e a Parede e en texto di: “Tiene este lugar vna caleta donde se abrigan barcos” (Teixeira, 2003: 326 e 330). A coidadísima estética do Atlas, aspecto que, daquela, resultaba accesorio, confírelle á obra unha grande beleza.

Por Teixeira sabemos que, naquel ano de 1634, non había en toda a costa galega un só paredón que se internase no mar, é dicir, ningún muelle, mentres que, pola contra, eran estes xa abondosos en todo o Mediterráneo, en Portugal ou no Cantábrico non galego. Non dispoño de datos sobre cando se empezaron a construír estes paredóns en Galicia; pero, sen dúbida, foron feitos a partir do século XVIII e non antes de 1634, é dicir, moi recentemente. Cando entrou aquí

esta construción, pertencendo o Reino de Galicia a unha España xa gobernada desde Castela, fíxoo co seu nome latino moles ditongado ao xeito castelán. Se aplicáramos aquí a metodoloxía da escola alemá *Wörter und Sachen* (“Palabras e Cousas”) concluíríamos que o obxecto muelle entrou aquí xunto coa palabra que o determinaba, o mesmo que algunha outra que en próxima entrega veremos, caso da xábega/xavega ou da trainera/traíneira. Se no canto de ser unha verba española, fose inglesa, non habería ningún problema en aceptala, como sucede con internet ou córner; pero por diferencialismo coa lingua veciña, da que se hai que afastar, preferimos ser a lingua máis pobre do occidente europeo e, mentres todos eles teñen unha construción paralela á costa, derivada de *cai*, e outra perpendicular que penetra no mar, procedente de *moles*, nós, indixentes de léxico, só temos *peiraos*, por moito que lles admire aos nosos mariñeiros que, postos a ser analfabetos, nin sequera saben como se chama onde atracan o seu barco. Cuestión distinta é por qué non temos tomado o nome sen ditongar, cando podó citar ben máis dun *moll* feito polos fomentadores cataláns no século XIX, a fin de facilitar as descargas da sardiña nos seus almacéns. Neste caso sería un *molle*, que soaría o mesmo que o portugués *molhe*. Nin un nin outro: peirao e grazas.



Ría de Pontevedra, segundo o Atlas de Teixeira

Bibliografía:

CALO LOURIDO, Francisco (2008): “O patrimonio marítimo de Galicia, primeira potencia pesqueira europea”. *III Xornadas sobre a Protección do Patrimonio Cultural. O Patrimonio Etnográfico*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, pp. 103-128.


TEXEIRA, Pedro (2003): *El Atlas del Rey Planeta. La “Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos de Pedro Teixeira (1634)”*. PEREDA, F. e MARÍAS, F. (eds.). Editorial Nerea S. A. San Sebastián.

ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ASOCIACIÓN DURANTE O ANO 2009

RUTA XACOBEA:

Ao igual que no 2008, a asociación non programou ningún tipo de peregrinación, loxicamente, á espera do ano 2010 que coincide en Ano Santo e onde temos preparadas un bo número de actividades.

O que si, seguimos loitando, xunto con outras asociacións, para que a Ruta Xacobeia Marítima Galega, comece na desembocadura do río Miño, na Garda, e siga paralela á costa ata a Illa de Sálvora, continúe pola Ría de Arousa e remonte o río Ulla ata Pontecesures, dando así vida á singradura seguida, segundo conta a lenda, polos discípulos do Apóstolo.



asociacións e organismos, tanto de material (libros, revistas, traballos,...) como didáctico – culturais.

FESTA DOS MAIOS:

Por mor de diferentes problemas, non se puido celebrar o 1º de maio a festa dos Maios na Illa de Ons, como é tradición dende hai 11 anos.

REVISTA AUNIOS Nº 14:

Editamos a revista Aunios no seu nº 14. Contamos coa inestimable axuda dos colaboradores habituais, falamos de Celestino Pardellas, Alonso Romero,

Mayán Taboada, Cabeza Quiles, Yago Abilleira, Pérez Labaca, Santos Pena e Trigo Fontán que tocaron temáticas referidas á Illa de Ons como: A aparición do primeiro petróglifo, os Maios, a propiedade, a hidronimia, o submarino afundido nas súas augas, sobre Cachote, a morte de Miro e o faro.

Neste número tamén tivo unha importante representación os artigos sobre o Grove, con colaboracións de: Anxo Rabuñal, Cosme Damian, Alumnos do CEIP Rosalía de Castro, José Taboada, Francisco Meis, Moncho Lavandero e Miguel Besada, que versaron sobre: o inventario de Sálvora, Conservación das aves do complexo Ons-O Grove, as

BIBLIOTECA ITINERANTE, VIAXES CULTURAI, INTERCAMBIOS,...:


Seguimos na nosa liña de querer realizar as máximas actividades posibles pero, un ano máis e como xa comentabamos no número anterior, a falla de axudas económicas non permitiu durante este pasado ano levar a cabo a Biblioteca Itinerante.

Si que se realizaron viaxes culturais e ecolóxicas por diferentes lugares da nosa xeografía galega, participando nelas xunto a outras asociacións.

Mantemos a bo ritmo os intercambios con outras



Presentación da revista AUNIOS 14



Entrega a Álvaro Agulla da Pineira de prata.

chatas, contos, o tiro a pichón e sobre personaxes mecos.

Xa por último a revista completouse con artigos de interese sobre temas do país como son o artigo de Víctor Castro sobre as mandas, Calo Lourido sobre actividades corsarias, Pablo Pérez sobre a Salve Marinera, Costas Goberna sobre os taboleiros de xogo de Lobeira, Ricardo Arnaiz sobre o mundo das anémonas, López-Dóriga sobre Pardo de Cela e Manuel Chazo sobre o mar de Arousa.

A revista foi presentada en xuño no Liceo Casino de Marín. Nesa presentación entregóuselle unha Pineira de Prata ao periodista do Diario de Pontevedra Álvaro Agulla polas axudas e colaboracións prestadas á Asociación sendo o propio homenaxeado o que fixo a presentación do número 14 de AUNIOS.

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA:

Tiñamos pensado o realizar varias exposicións na Illa de Ons sobre diferente temática, pero ao atoparse en obras o local das antigas escolas que a Dirección de Parques Nacionais está rehabilitando para albergar a aula da natureza, museo, sala de exposicións,...., non se puideron levar a cabo.

CAMPIONATO DE CHAVE:

De novo este ano 2009 con motivo das Festas de San Xaquín organizamos o II Campionato de Chave, trofeo San Xaquín, patrocinado pola Comisión de Festas.


Resultou moi competida e interesante sendo os gañadores unha parella de veciños da Illa: Berto



Finalistas do campionato de Tiro á Chave



Primeiros e segundos clasificados



Entrega a Mayán da Pineira de Prata



Entrega ao Presidente do "Bastón de Mando"



Ensaio da Orquestra "A Illa é Nosa"

Portela e José Luís Piñeiro (Se); os segundos clasificados foron o coordinador desta revista Tinón Pardellas e Jacinto.

REALIZACIÓN DE DÚAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

O Medio Mariño da Illa de Ons: Dedicado ás Embarcacións e a sobre a Ruta Xacobeá Marítima: "Ruta das Illas Cassitérides"

Tanto unha como outra contaron cunha axuda da Consellería de Cultura.

CELEBRACIÓN ESPECIAL:

Ao carón das xa tradicionais comidas de Nadal e verán este ano tivemos varias celebracións especiais:

- *Entrega da Pineira de Prata ao noso Presidente:* Con motivo da súa traxectoria e dedicación á asociación dende o mesmo intre da súa fundación. O acto, que se celebrou na Illa de Ons, resultou moi emotivo, correspondendo á socia Flora Esperón (Florita) facer a entrega da Pineira ao homenaxeado.

- *Entrega do bastón de mando:* Por parte do socio José Taboada (Tabo) foille entregado ao noso Presidente o bastón de mando, a fin de que o axude a levar por bo camiño á Asociación. O bastón, de preciosa cana india, foi decorado polo propio Taboada.

ACTIVIDADES VARIAS:

Noutra orde de cousas, segue por moi bo camiño a orquestra "a Illa é Nosa" que ameniza as noites estivais illáns.

“OS GRAVADOS RUPESTRES DA LAXE DA FONTE DO BARNAL (CORTEGADA, VERDUCIDO, A LAMA) E OUTRAS CUESTIÓNS ENGADIDAS”

Por: Buenaventura Aparicio Casado
Ao afeccionado descoñecido

INTRODUCCIÓN

Os gravados de época histórica –medievais ou posteriores- son considerados por moitos investigadores como unha manifestación menor, solapados polo atractivo e a espectacularidade da arte rupestre “clásica” ou prehistórica.

Corresponde a Jesús Ferro Couselo o mérito de ser o primeiro en ocuparse polo miúdo deste tipo de gravados. A súa obra *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia* (1952), sobre a que, ás veces, se pasa coas puntas dos pés, contén unha valiosísima información.


PRIMEIRA CUESTIÓN ENGADIDA: OS BOS E XENEROSOS

Arestora o gran especialista nos gravados de época histórica é Fernando Javier Costas Goberna, “afeccionado” insigne, a quen ningún dos poncios que nos rexen lle ten recoñecida a súa achega –totalmente altruísta e desinteresada- ao coñecemento e difusión da arte rupestre galega. Javier Costas pertence ao reducido grupo de xente que, *gratis et amore*, fai, verdadeiramente, País. Algún día haberá que estudar con algún detemento o código ético e axiolóxico vixente neste recanto do Noroeste. O botafumeiro oficial como algunhas EDAR chapuceiras, en ocasións, máis que incensar ou depurar, alcatrea.

OS CRUCIFORMES

Unha das principais funcións dos gravados de época histórica foi a delimitación de territorios. Os romanos empregaron un sistema de demarcación baseado en letras, inscricións e covañas ou burgarios. Na Idade Media proseguen as cazoletas, ás que se suman as ferraduras e

unha variada gama de cruces. Neste tempo o territorio atopábase totalmente demarcado, dando lugar ao xurdimento dos coutos ou cotos. Cómpre clarear que o afán delimitador, empregando signos gravados nas pedras, obedecía a unha pluralidade de intencións: sinalización de propiedades, deslinde de terreos, de pastos, etc.



Na *Laxe da Fonte do Barnal* os cruciformes máis representados son as chamadas cruces *recruzadas*, denominadas tamén cruces xermánicas ou da Consagración. Segundo Costas Goberna, podémolas atopar, tamén, en lugares tan emblemáticos como Santiaguíño do Monte (Padrón, A Coruña) –aquí ao aire libre- ou en construcións como o “Forno da Santa” en Santa Mariña das Augas Santas (Ourense).

A LAXE DA FONTE DO BARNAL

Sitúase esta estación rupestre a media ladeira, sobre a aldea de Cortegada. Trátase dunha gran laxe de gran medio, cunha inclinación apreciable, compartimentada de

xeito natural en tres zonas ou paneis. O máis pequeno, situado cara ao Norte, mostra un repertorio de cruces de diversa tipoloxía: en Tau (2), latinas (1), gregas (1), patriarcais (1), e outras vencelladas a varios trazos. Un

–e polo tanto non coñecen polo miúdo– a zona obxecto de estudo, comprenderemos os erros que se cometen. Falla o sistema, non eles.

Por contra, as informacións aportadas por “afeccionados” cualificados –con titulacións e/ou ampla experiencia– acostuman seren moito máis fiables. Estes “afeccionados” –persoas vocacionais, cun entusiasmo, a pesar dos atrancos que se poñen, a proba de bomba– son quen de conseguir información dos veciños, de “patear” unha e outra vez o terreo e de dedicarlle á súa pescuda todo o tempo que precise.

A laxe obxecto deste traballo pode ser un caso paradigmático. A información acadada por Patrimonio contén erros apreciables. Os reparos comezan pola denominación do petróglifo, oficialmente de *A Rabeixa* –nome da extensa zona de monte situada enriba de



Insculturas da Laxe da Fonte do Barnal. Foto do autor.

reticulado e unha serie de signos irrecoñecibles completan este panel. A zona central, a máis rechamante, presenta dúas aliñacións de cazoletas, ademais doutras dispersas, un complexo reticulado disposto lonxitudinalmente, ferraduras e varias cruces recruzadas de gran tamaño xunto a outras gregas e latinas. O terceiro panel, que mira ao Sur, amosa dous conxuntos de cazoletas de pequeno tamaño, un reticulado, ferraduras, tres trazos lonxitudinais, unha cruz gammada incompleta e diversos motivos inidentificables.

SEGUNDA CUESTIÓN ENGADIDA: ¿PROFESIONAIS VERSUS AFECCIONADOS? UN FALSO DILEMA

As catalogacións de xacementos lévanas a cabo empresas de arqueoloxía contratadas pola Xunta. Os resultados do seu labor non son homoxéneos. Hai catalogacións ben feitas e outras francamente mellorables. Un dos inconvenientes que teñen que obviar os encargados de levalas a cabo é a premura de tempo. Se a isto unimos que os que as fan adoitan seren arqueólogos que non viven

Cortegada-. Segundo os veciños, o lugar é coñecido como *Laxe da Fonte do Barnal*. Acontece que os mapas non superan o coñecemento do terreo que teñen os naturais de Cortegada. Unha equivocación menos xustificable é encadrar a aldea de Cortegada na parroquia de San Pedro de Gaxate, no canto da de San Martiño de Verducido, histórica freguesía á que pertence.

Na descrición dos motivos faise alusión a dúas improntas ou pegadas de bóvidos, identificación máis que cuestionable. Nós, na nosa análise, xogamos con vantaxe: temos diante un primoroso calco realizado por outro “afeccionado” ilustre, Antonio de la Peña Santos, que, sen dúbida ningunha, é a persoa que mellor “le” os gravados rupestres en Galicia. Compróbase, unha vez máis, que, certamente, os profesionais son necesarios, máis os “afeccionados” resultan de todo punto imprescindibles (o 90% dos xacementos de Galicia foron dados a coñecer por estes últimos). Por iso nos resulta incomprendible –ou non tanto?– a xenreira que lles –nos– teñen certas persoas que un día subiron ao Sinaí, faláron con Deus e, iluminados por unha aureola divina, desprezan, dende entón, aos mortais.

Por último, adscribir culturalmente estes gravados á Idade do Bronce é un aserto que non se sostén dende ningún punto de vista. A feitura dos sucos e os motivos gravados confiren a estas insculturas unha cronoloxía medieval ou moderna. Con total probabilidade a *Laxe da Fonte do Barnal* exercía unha función delimitadora, de couto ou de apeos parroquiais.



Calco da *Laxe da Fonte do Barnal*, segundo Antonio de la Peña Santos.

TERCEIRA CUESTIÓN ENGADIDA: OPUS INTERRUPTUS

A desaparición da *non nata* Fundación Alto Verdugo deixa a A Lama con poucas posibilidades de poder levar a cabo un detallado estudo do seu patrimonio arqueolóxico e etnográfico. O lamentable final deste proxecto –que

AGRADECEMENTO

Ao señor Delmiro, veciño de Cortegada, pola información facilitada.

BIBLIOGRAFÍA

- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D. (1984): *As cruces de pedra na Galiza*, Xunta de Galicia, ed. Galaxia.
 COSTAS GOBERNA, F. J. e PEREIRA GARCÍA, E. (1998): “Los grabados rupestres en épocas históricas”, en *Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia*, Asociación Arqueológica Viguesa, serie Arqueología Divulgativa, nº. 4, Vigo, pp. 129-173.
 FERRO COUSELO, J. (1952): *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*, Ourense.

contaba con certo respaldo social- demostra, unha vez máis, que a viabilidade de calquera plan ou programa depende, sobre todo, do seu realismo, de asentalo sobre bases sólidas e de ir actuando aos poucos, paseniño pero firmemente. Soñar é necesario pero...cos pés na terra. A Fundación morreu de inconcreción. Mais non todo foi estéril. Membros do Grupo de Investigación Arqueolóxica e Etnográfica “A Laxe da Irena” - vencellado á Fundación-, sen apoio económico de ningún tipo, levaron a cabo un labor de catalogación e investigación que acadou certo eco nos medios de comunicación. O descubrimento de trinta novos petróglifos en Tourón; o pormenorizado estudo da *Laxe do Barón*, en Forzáns, unha das maiores estacións rupestres de Galicia; da *Laxe da Irena*, en Ponte Caldelas; de *Porteliña da Corte*, en Cotobade; de *Val do Gato*, *Laxe das Puzas*, *Laxe da Fonte do Barnal* e *Outeiro Seixiño*, na Lama, coa realización dos calcos de todas elas; as charlas impartidas aos veciños de Verducido e Parada; as conferencias ditadas en Bueu, Marín, Ponte Caldelas e Pontevedra, dando a coñecer estes xacementos, son a mellor proba do intenso traballo desenvolvido de xeito desinteresado. Imaxinemos o que se podería facer de contar con algúns recursos. Outra vez ficamos á intemperie que, polo visto, é o noso hábitat natural.

EPÍLOGO

Con este artigo cumprimos coa nosa misión de dar a coñecer, en diversas publicacións, os gravados rupestres máis sobranceiros da Lama. O noso labor rematou. Ao concello cómprelle, agora, protexer estes petróglifos –algúns en grave risco en caso de incendio forestal- e musealizalos axeitadamente para goce de todos os cidadáns. Para esta empresa –xa sabe quen somos e ónde estamos- pode contar coa nosa colaboración. O fundamental e salvagardar os gravados rupestres, a manifestación artística que mellor define o espírito e o carácter do noso País.

Parada, Ponte Caldelas, Nadal do 2009.



O MOSTEIRO-FORTALEZA DA INSUA, NO CAMIÑO PORTUGUÉS A COMPOSTELA

Por: Lino J. Pazos Pérez

Formando parte daquel barro xeolóxico que Yahvé sacudiuse das mans despois de formar as Rías Baixas, e



os demais territorios insulares ao longo deste tramo de costa, a *Insua* emerxeu na desembocadura mesma do río Miño, o pai de todos os ríos galegos, neste caso compartido co irmán luso que plantou a súa bandeira verde e vermella sobre o minúsculo e areoso perímetro insular.

De excepcional se podería considerar a *Insua* que se atreve, dende épocas pretéritas, a desafiar ó Océano e ó Miño, ó mesmo tempo, nunha zona violentada anualmente polos temporais que, procedentes do SW, se abaten inmisericordes contra este soar, ó que espaxían coas súas salitrosas estelas atlánticas que se cravan como frechas nas centenarias pedras que defenden a fortaleza que ocupa practicamente a totalidade do seu territorio.


Seguramente máis dun peregrino, dos centos de miles que utilizaron o

Camiño Portugués a través dos séculos, se sentiu reconfortado na súa seguridade ó comprobar como os sentinelas da *Insua* vixiaban a posible presenza no mar de naves inimigas, en momentos nos que os corsarios anglosaxóns e piratas berberiscos facían das súas alí onde podían.

Carezo de datos para saber cando chegaron por primeira vez á illa os frades que co paso do tempo levantarían o mosteiro que aínda resiste, a duras penas, os avatares da historia. Os soldados arribarían despois, e existen documentos acreditativos de que no século XVII a fortaleza estaba necesitada de reformas, segundo recollo do traballo de Juan Domínguez Fontela titulado *Nuestra guerra con Portugal en el*

siglo XVII, do que extraio datos de 1643, sendo gobernador das *Armas de Portugal o conde de Castel-Mellor*.





Hizo también restaurar los muros de A Insua en la Barra del Miño, dotándola de guarnición necesaria para conservar, según decía, el dominio de este río...

Tres escudos representativos da curia portuguesa presiden a entrada a este recinto, que se atopa a metade de camiño entre o espiritual e o pagán, frades e soldados, ó que accedemos grazas a que o señor *Garrafón*, armador da chalana que nos levou ata a insua, desvelounos o segredo para conseguir abrir o portalón de carballo que pecha a cal e canto a fortaleza.

No interior das murallas, reconstruídas no ano 2000 con fondos da Unión Europea, segundo rezaba no correspondente cartel, encóntranse, en estado máis ben deplorable, por non dicir en manifesta ruína, as instalacións

súa capela, de considerables dimensións se as comparamos co total da illa, así como as dependencias militares que albergaban as compañías de soldados alí destinados.

A visita, necesaria para comprobar o que poden chegar a destruír os humanos, nalgúns casos amparándose na máis covarde das escusas (como é o prezo que esas pezas alcanzan no mercado) levoume polos amplos espazos outrora ocupados polos monxes, dos que desapareceron ata os azulexos, de radiantes cores azuis e amarelos, dos que soamente quedan algúns centímetros de mostra imposibles de levarse debido a encontrarse en anfractuosidades ás que a picaraña non podía chegar. Por esnaquizar esnaquizaron ata o chan, profanando as tumbas dos alí enterrados, removendo lousas sepulcrais en busca de non sei qué tesouro agochado... ou en aras dunha mal entendida investigación fóra das canles legais existentes.

Describir o espectáculo é difícil, pois non sabería cómo transmitir a sensación que me produciu a primeira vez que abordei a illa en compañía de varios amigos da asociación de radioaficionados *Pórtico da Gloria* (bo nome para esa incursión), e contemplar dende o campanario, ó que accedín grazas a unha escaleira de madeira de época imprecisa, as vistas dos países irmáns a ambos os lados da cinta azul do río que os une máis que os separa. Na espadana, a campá xacía desmontada do seu habitual lugar desde onde o atalaiador avisaría dos perigos ós navegantes, e incluso tocaría a rebato cando aqueles intentos españois de cruzar a raia se manifestaban violentos.



Tamén soaría a enorme campá, habilmente fundida e labrada cunha enorme cruz que alcanza toda a súa altura (uns 90 cm), datada en 1753, cando as tropas portuguesas invadiron España, acantonándose na Guarda, onde permanecerían por un tempo ocupando o castelo de Santa Cruz, construído apresuradamente no bienio 1663/64, de onde soamente saírían empuxadas pola veciñanza...





A defensa da nosa costa e beira do Miño estaba reservada a diferentes baluartes que se encontraban en diversos estados de conservación.

Era en este año (1643) Gobernador de las Armas de Galicia D. Martín de Randín, Prior de Navarra, de la Orden de San Juan... En nuestra comarca, además de las pequeñas obras que se emprendió en las murallas antiguas de La Guardia, el Castillo de Santa Cruz y en el de Goyán, para ponerlos en estado de defensa, hizo restaurar el antiguo reducto que en 1580 habíamos levantado en la Barra del Miño en oposición al fuerte de la Insua...

O repregue dos lusos fíxose ordenadamente a través do Miño, regresando ás súas posicións sen que iso fora óbice para deixar un resentimento entre as xentes da bisbarra, que non esquecerían facilmente a presenza nos seus *lares* dos portugueses. Dende a atalaia natural que é o sagrado Monte Tecla, os paisanos verían como a derradeira aventura portuguesa de cravar a súa bandeira en territorio español se vía frustrada... pero os disuasorios canóns de bronce da *Insua*, que no seu día apuntaban belicosos cara ó Forte de Camposancos, levantado na beira guardesa do río, continúan sobre o adarve da fortaleza insular, aínda que nas súas mortíferas bocas aniñen agora as andoriñas.

Novembro 2009






AO NOSO AMIGO E COLABORADOR, PABLO. UNHA VIAXE AO CEO, POLO CAMIÑO DE SANTIAGO

Por: Laureano Mayán Taboada

Pablo estaba rematando o traballo para este número de Aunios, cando o Patrono Santiago (para el Xácome, porque era o seu amigo...) chamouno para que iniciase o seu particular e especial CAMIÑO DE SANTIAGO. Unha ruta e un destino polos que o amigo Pablo sentía unha especial inclinación. “A única ruta que nos pode levar á felicidade”, comentaba el nunha das súas colaboracións nesta revista. A súa gran devoción por este feito, un dos máis grandes da historia da cristiandade, permitíranlle, sen dúbida algunha, ocupar hoxe, no ceo, un lugar preferencial dende onde poida, gozoso, contemplar o incesante camiñar dun pobo cheo de fe e esperanza, dirixíndose a Santiago de Compostela a orar ante a tumba do Apóstolo Santiago e gañar este Ano Santo.



Pablo Pérez, segundo pola dereita, nunha das celebracións da As. Pineiróns.

Pablo Pérez Fernández, nacera en Vilanova de Trives (Ourense) no ano 1943. Ordenouse sacerdote e, no ano 1974 ingresou na Armada. Procedente da E.T.E.A., veu destinado para a Escuela Naval Militar, como Vicario, no ano 2002. Ostentaba a graduación de Tenente Coronel. No mes de xaneiro do ano 2008 alcanzou a xubilación.

Coñecín a Pablo, cando abría as súas portas o novo milenio, no transcurso dun acto militar que se celebraba na Escuela Naval Militar. Xa no noso primeiro contacto, foi doado apercebirse de que estaba ante unha persoa en posesión dunha gran cultura e fácil comunicación. Ante unha persoa de perenne sorriso, que transmitía optimismo e simpatía. Ante unha persoa que irradiaba bondade e felicidade.

Un apaixonado da poesía; un entusiasta da súa lingua vernácula e un namorado do Camiño de Santiago, pois profesaba unha gran devoción ao “Seu Patrono”.

A nosa primeira charla, como é natural, non tivo unha materia central de comentario, senón que fixemos un amplo percorrido polos máis dispares asuntos da actualidade, sen que, curiosamente, se chegase a mencionar nin un só tema relixioso.

Dende o primeiro momento sentiuse moi interesado polo labor que estaba a levar a cabo “Pineiróns” e ofreceuse a prestar a súa colaboración cando se lle requirise. Ao ano seguinte (2003) xa formaba parte da nosa relación de colaboradores e dende entón, de forma ininterrompida, publicáronse os seus artigos, nos que se pode advertir a súa paixón histórico – relixiosa. “Camiño de Santiago”, “Xacobe dos camiños”, “Oda a Santiago”, “Tramunda de Tambo”. A Santiña da saudade”, “Ano novo...novo ano...polos camiños de Santiago”, “A Virxe do Carme. Patroa das xentes do mar”, “Prisciliano versus Santiago” e “A Salve Marinera”, son os traballos cos que colaborou en Aunios. Á marxe destas publicacións, era autor de numerosos poemas e artigos de diversa índole, colaborando incansablemente, tanto en revistas militares e relixiosas, como laicas.

Pablo, ao igual que socios e outros colaboradores da nosa Asociación, tomou parte, no verán do ano 2006, dunha pequena viaxe, nunha antiga, aínda que reformada, goleta, dende O Grove ata a Illa de Ons. Unha viaxe de ida, coa celebración, a bordo, de diversos actos culturais. Na illa levouse a cabo unha “xuntanza” gastronómica, en agradecemento aos colaboradores da revista. Logo, o pracenteiro regreso a través da ría de Arousa. Para el foi unha xornada inesquecible, xa non só pola beleza da travesía, senón polo ambiente alegre, distendido e amigable que presidiron a viaxe.

Non puido disimular a súa sorpresa e admiración polo extraordinario traballo e esforzo que un humilde grupo coma o noso viña realizando en favor da nosa cultura, con recuperación de tradicións, a complexa e custosa edición dunha revista e, en particular, pola utilización da nosa lingua vernácula, en todos e cada un dos traballos e actos que se desenvolvían e celebraban.

Tan grato recordo lle quedou desta viaxe que sempre o comentaba en cada un dos nosos encontros.

Encontros que xa non se producirán máis, porque o amigo Pablo iniciou esa viaxe, para a que todos temos praza reservada, sen número e sen data. El, aínda que sabía que tiña que realizalo algún día, nunca lle causou o máis mínimo desasosego, nin preocupación.

Peregrinos polo Camiño Xacobeo.



Intentar ser breve citando circunstancias, anécdotas, vivencias de Pablo, sería imposible. É por iso que prefiro ser breve, coma a súa vida mesma, citando algúns dos parágrafos que deixou impresos no noso "Aunios", e nos que se mostran tanto o seu amor polo Apóstolo Santiago, como o seu optimismo e alegría ante a vida.

"O Camiño de Santiago está escrito no ceo. Por antonomasia, chámase tamén <Camiño das Estrelas> porque o seu trazado axústase co que segue no firmamento a Vía Láctea..."

"... segue a ser a raíz, a orixe, o fundamento e o alicerce de Europa..."

"É a rúa peonil máis grande do mundo..."

"O turismo, como tal, inventouse en Galicia. Foi Compostela a principal terra de peregrinación dende datas moi remotas..."

"Naceu a primeira estrutura turística no Camiño de Santiago, ao longo do cal foise enchendo de pousadas, hospedaxes, mosteiros, hospitais..."

"Non é o Codex Calistinus¹ a primeira guía turística, o primeiro guieiro informativo que se coñece?..."

"...Compre pois, saber descubrir o bonito, o grande, o fermoso que ten a vida. Compre abrir ben os ollos e educar a mirada para ser capaces de percibir, sempre, o mellor da realidade, o seu lado positivo que sempre ten, aínda que, ás veces, non o pareza..."

"Somentes a persoa que teña ilusións concretas será quen de ollar e explorar o seu contorno, os seus arredores, buscando o que é valioso, o positivo, o que pode facer medrar a súa felicidade e a dos seus..."

"Debemos estrear cada mañá, un sorriso novo, malia as dificultades que ten cada existencia. Temos que ser artesáns da nosa propia historia, forxadores da nosa historia persoal, eludindo toda clase de apatía, deixando o abandono... Non teño a menor dúbida que onde te atopas agora, estarás pedindo... por moitas cousas. Por aquelas que ti deplorabas: a guerra, a fame, a mentira... Por aquelas que ti amabas... e eran moitas. Pero tamén para que Pineiróns non desfaleza nese labor que tanto admirabas e ponderabas.

Querido amigo Pablo, botaremos de menos a túa alegría, o teu optimismo..., a túa presenza. Pero tamén nos conforta saber que es inmensamente feliz nese lugar que sempre nos recomendaches crer nel. Un lugar no que non existen envexas, nin hipocrísias, nin egoísmos, nin fame, nin guerras,...

Sabémolo! Estas co teu amigo Xácome. Merecíalo.



Apóstolo Santiago

¹ O "Codex Calistinus", coñecido, tamén, como "Liber Santi Jacobi", é un manuscrito de mediados do século XII, atribuído ao Papa Calixto II. Está composto por cinco Seccións ou Libros. O Libro V, chamado "Liber Peregrinationis" é o máis famoso deles. Constitúe unha especie de guía para os

peregrinos que seguían o Camiño de Santiago na súa viaxe a Compostela, cos seus consellos, descricións da ruta e das obras de arte, así como dos costumes locais das xentes que vivían ao longo do camiño...




EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas
AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN




SANATORIO DE A LANZADA

(DE HOSPITAL PARA ENFERMOS TUBERCULOSOS A CENTRO DE VACACIONES)

Por: Xan Caneda González

A finais dos anos 1800 a peste branca ou tuberculose fai estragos na poboación do Estado. Os médicos buscan por tódolos medios de encontrar tratamentos eficaces contra a mesma. Un deles, o Catedrático da Universidade de Santiago Dr. Miguel Gil Casares, inicia unha loita contra esta enfermidade en Galicia, froito desta loita e tesón consigue organizar, nos primeiros días



de **outubro do 1925**, o I Congreso Antituberculoso de España que se celebra no Gran Hotel Balneario da Illa de A Toxa, (neses momentos varios Concellos galegos ofrecíanse para que se construíse un Sanatorio nos seus Municipios). O Dr. Gil Casares viña defendendo que a mellor radicación para o mesmo era a praia de A Lanzada, e así o defendeu conseguindo que este I Congreso acordase a construción do mesmo neste lugar, sendo este acordo o punto de partida da construción do Sanatorio antituberculoso, que levaría o nome de Sanatorio Marítimo Príncipe de Asturias (en honor de Fernando VII).

Neste I Congreso elíxese unha Comisión Xestora formada entre outros pola Marquesa de Atalaya Bermeja, como Presidenta Honorífica, Socorro Gil Casares como Secretaria e a Comisión Executiva formada polo Dr. Miguel Gil Casares como Presidente e por Eladio de Lema Director do Faro de Vigo, Casimiro Gómez, o cal aporta 25.000 ptas. para a construción do Sanatorio, o Alcalde de O Grove Joaquín Álvarez Lores e o Presidente da Deputación de Pontevedra D. Daniel de la Sota.

O **11 de xullo de 1926**, constitúese a Xunta do Padroado do Sanatorio Marítimo de A Lanzada en reunión celebrada no Gran Hotel de A Toxa, cunha cantidade de 87.482,90 ptas.

doadas por particulares. Aprobábase así mesmo o proxecto elaborado polo arquitecto Leoncio Bescansa.

O **10 de outubro de 1926**, celébranse os actos de colocación da primeira pedra. Ás once da mañá oficiase unha misa na capela de A Toxa e un banquete no Gran Hotel servido polo hotel Calixto de Cambados. Polo serán na Lanzada o Arcebispo de Santiago Diego y García Alcolea bendice a primeira pedra a cal é amasada cunha paleta de prata pola Marquesa de Atalaya Bermeja. O Concello organiza unha romaría e unha verbena no mesmo lugar que son amenizadas polo Banda de Música Municipal de Vilagarcía.

O **24 de xaneiro de 1927**, a Unión do Partido de Cambados na Arxentina, acorda subscribir unha cantidade para a construción do Sanatorio, mesmo unha delegación viaxa a Montevideo para conseguir axudas económicas dos galegos no Uruguai.

O **13 de marzo de 1927**, ante a solicitude de terreos feita polo Padroado, entorno a 50 hectáreas, o Concello Pleno de O Grove acorda que estude dita solicitude a Comisión de Montes.

O **15 de maio de 1927**, o Pleno do Concello aproba a proposta feita pola Comisión de Montes: "Conceder para a instalación do Sanatorio 40 hectáreas. Para a obtención de auga potable concédese o arroio denominado Barroqueiras. A cesión faise en usufruto en tanto exista e funcione o Sanatorio, sen que o terreo poida ser explotado para outros fins e tendo o carácter de intransferible". Así mesmo en contrapartida para os



COLABORA:



Deputación
Pontevedra

veciños da zona construíráselles unha fonte e un lavadoiro público, xunto co compromiso de empregar nas obras de construción traballadores de O Grove.

O **9 de outubro de 1927**, o Dr. Gil Casares reúne co Alcalde de O Grove Joaquín Álvarez Lores, o Presidente da Deputación Daniel de la Sota e o enxeñeiro Rafael Areses na Lanzada, para tratar da repoboación forestal nos terreos cedidos ao Padroado, destinados a parques e xardíns.




O **5 de novembro de 1927**, o enxeñeiro - xefe de camiños provinciais Teodosio Domínguez acaba o estudo do proxecto da estrada que dende o Bao conducirá ao lugar onde se construír o Sanatorio.

O **4 de decembro de 1927**, o Padroado acorda sufragar o 40% dos gastos da construción do tramo da estrada o Bao-Sanatorio.

O **25 de decembro de 1927**, celébrase unha reunión no Concello presidida polo Delegado Governativo Balbino Vázquez, coa asistencia do Alcalde de O Grove Joaquín Álvarez, o Presidente do Padroado Dr. Miguel Gil Casares e o Director de camiños provinciais Teodosio Domínguez, na mesma acordan que ós veciños dos terreos inmediatos construíráselles un lavadoiro e unha fonte. Acóutanse as 40 hectáreas sendo vixiados os terreos por un garda xurado do Concello.

O **15 de xaneiro de 1928**, reúne o Padroado no Pazo de Fefiñáns en Cambados no que acordan que o Padroado adiantará o 60% do custo da construción da estrada O Bao-Sanatorio para que non se demore, devolvéndolle logo a Deputación este importe.

O **13 de setembro de 1928**, procédese á colocación da primeira pedra da capela anexa ao Sanatorio que se erixirá baixo a advocación da Nosa Señora dos Remedios. Á hora sinalada estaban no pintoresco lugar moitísimas persoas que esperaban ao eminente fisiólogo Dr. Gil Casares, alma mater do Sanatorio e o Arcebispo arxentino Monseñor Andrea. Aos acordos da Marcha Real e entre aclamacións entusiastas foron recibidos Monseñor Andrea e os seus acompañantes. O Dr. Gil Casares, Presidente do Padroado e iniciador da gran obra dou lectura ao acto pasando D. Ramón Heredia, filántropo que costea esta capela, a instancias de Monseñor Andrea, a ocupar a súa butaca presidencial. Acto seguido procedeuse a firma do documento. Fano, en primeiro lugar, Monseñor Andrea, Dr. Gil Casares e D. Ramón Heredia. Despois, pola seguinte orde: a esposa de D. Casimiro Gómez, Dona Isabel García Blanco tesoureira do Padroado e Dona Socorro Gil Casares. Como testemuñas: Dona Adela Vieira de Calviño, Srta. María Luísa Sáez Díez, Sra. Marquesa de Monte Sacro, Srta. Elesita Galarra, Sr. Marqués de Monte Sacro, D. Leoncio Bescansa, D. Manuel Lois, D. Rafael Areses, D. Ceferino López, D. José Beltrán, Sra. De Puente Castro, D. Eduardo Casal Calviño, D. Mariano Vidal, Dr. Martínez de la Riva, D. Casimiro Díaz Leonís, Dr. Loureiro Crespo, Dona. Teresa Bravo de Seoane, Srta. Rosita Bravo, Dr. Benavides e D. Manuel Míguez. A continuación firman representantes da prensa e do pobo. No buraco da pedra e pechados nunca caixa metálica gardáronse a acta, os periódicos do día e algunhas moedas da época. Rematada a cerimonia os asistentes trasladáronse a illa da Toxa onde foron obsequiados con un lunch(refrixerio) no magnífico comedor do Gran Hotel.



O **19 de marzo de 1929**, reúne a Xunta do Padroado no domicilio do Presidente Dr. Gil Casares en Santiago, na mesma dáse conta dos últimos donativos para a construción do Sanatorio: Xiro de galegos en Bos Aires 2.288,40 ptas., xiro do Auxilio Mutuo de Puerto Rico 2.492,65 ptas., donativo Hijos de Cambados en Bos Aires 1.000 ptas., galegos en Nova York 1.812,80 ptas., Sociedade Anónima A Toxa 1.000 ptas. No apartado de gastos, polo estudo da estrada o Bao-Sanatorio 658,10 ptas., pola construción da estrada 26.560,67 ptas. Quedando un saldo de 125.910,40 ptas.

O **30 de maio de 1929**, o Padroado adxudícalle a D. Marcial Peralba Fentanes en 155.677,32 ptas. as obras de construción dun pavillón do Sanatorio.

O **12 de abril de 1931**, falece o Dr. Miguel Gil Casares.

O **5 de xullo de 1931**, o Padroado nomea Presidente do mesmo ao irmán do Dr. Miguel Gil Casares, Felipe Gil Casares. Acorda tamén cambiarlle o nome de Príncipe de Asturias polo de “Sanatorio Marítimo de La Lanzada Gil Casares”, en honor do ilustre médico falecido.



Desígnanse para formar parte da Xunta do Padroado a D. Daniel de la Sota, o Presidente da Deputación de Pontevedra Amancio Camaño, o Alcalde de O Grove José Besada Domínguez e o Director do Faro de Vigo Manuel Otero Bárcena.

O **29 de xuño de 1933**, o Padroado, ante imposibilidade económica de seguir co proxecto do Sanatorio, cédelle á Deputación de Pontevedra os terreos, dependencias e demais dereitos, así como das obrigacións contraídas. A cesión poñía tres condicións a cumprir pola Deputación: que se seguise chamando Sanatorio Miguel Gil Casares, que nel se mantivese o tratamento aos que padecen enfermidades tuberculosas e, finalmente, que asumise as débedas contraídas a nome do Padroado. Só a partir dese momento a Deputación asumiría as súas responsabilidades integras para co Sanatorio.

O **18 de xuño de 1934**, o Concello solicítalle á Deputación a construción doutro pavillón no Sanatorio dada a cantidade de enfermos de tuberculosos.

O **27 de outubro de 1934**, o Concello solicítalle a Deputación o cumprimento do acordo de cesión a “construción da fonte e lavadoiro público en Pantoeira de Lonxe ou Agruídos”.

O **30 de decembro de 1934**, o Concello reitéralle á Deputación o acordo do Pleno do 27 de outubro de 1934.

O **28 de agosto de 1935**, a Deputación aproba o Regulamento do Sanatorio: os acollidos no mesmo eran pobres nados na provincia ou que levasen 10 ou máis anos de residencia nela, e que padecesen enfermidades tuberculosas. Ademais tamén acollería a aqueles outros enfermos que non sendo pobres, o solicitasen en calidade de enfermos distinguidos. Non se permitiría o ingreso dos enfermos incurables, considerándose con esperanza de cura: a) todas as formas de tuberculosos, excepto a pulmonar, b) osteomielite aguda, úlceras atónicas, estafilococias cutáneas e fracturas, c) raquitismo, anemia esencial

e astenia. O réxime de internado era igual para todos, excepto no correspondente á alimentación, con dous réximes diferenciados: a) alimentación común, para os internos considerados pobres, e cuxa cota era gratuíta, e os enfermos de limitada capacidade económica con dous tipos de cota: clase A cuxa estancia diaria era de tres pesetas, e clase B, con cinco pesetas de cota. b) Alimentación distinguida, con dúas clases tamén diferenciadas, os de cota diaria de dez pesetas e os de quince pesetas. Estes enfermos de clase distinguida deberían pagar ademais os gastos producidos polo tratamento médico-cirúrxico.

O **31 de novembro de 1938**, a Comisión Xestora da Deputación, ante o custe que supón o mantemento do Sanatorio, aproba a proposta do Presidente D. Jacobo Rey Daviña, de ceder ao Estado o Sanatorio.




O **23 de febreiro de 1946**, a Comisión Xestora da Deputación acorda o peche temporal do Sanatorio para realizar obras de ampliación e reforma.

O **30 de decembro de 1948**, a Comisión Xestora da Deputación acorda: 1º Consignar unha partida de 500.000 ptas. para a ampliación e reforma do Sanatorio. 2º Interesar a unha Comunidade Relixiosa de Hijas de la Caridad (Hábito Gris) para que se encargue da administración do Sanatorio. 3º Estudar a modificación total do Regulamento do Sanatorio.

En **1951**, A Deputación solicítalle ao Concello 5.000 m2 de terreos situados sobre a praia da Lanzada a fin de facer unha nova ampliación, solicitude que nun primeiro momento é rexeitada polo Concello alegando o futuro turístico da zona, e as obras do aeroporto que se estaban realizando.

O **9 de febreiro de 1952**, o Pleno do Concello atende un informe do Secretario Eduardo Fernández Eiriz, que é advertir que na cláusula 4ª do acordo de concesión do terreo da Lanzada ao Padroado do Sanatorio expresábase clara e terminantemente que a cesión facíase en usufruto e co carácter de intransferible, mentres exista e funcione o Sanatorio, sen que o terreo poida ser explotado para outros fins e resulta que dentro desta concesión foi construída unha cantina que explota un particular, sen autorización municipal, e polo tanto sen que consten as condicións en que tal construción se levou a efecto e o pacto ou compromiso establecido co Padroado do Sanatorio da Lanzada, hoxe a cargo



directo da Deputación. A Corporación Plenaria na súa vista, acorda por unanimidade iniciar expediente de investigación, a fin de establecer claramente o carácter desta construción, para no seu día adoptar os acordos que en defensa dos intereses municipais sexan procedentes.

Requirido reiteradamente este particular para que xustificase documentalmentemente a razón pola cal ocupa unha parcela de terreo no monte municipal da Lanzada chamado Madóns, Siradella, Pedregás dos Mouros e que figura o nº 32 no Inventario de Bens Municipais rústicos, no que construíu un bar ou cantina e uns edificios para servizos amurallando parte da parcela, non atendeu estes requirimentos, deixando transcorrer o tempo sen pretender legalizar este uso e ocupación indebidos, incumprindo o apartado 4º do acordo de cesión do **15 de maio de 1927** e sen que o Padroado o houbera impedido, como era a súa obrigación.

É incuestionable que, si a Corporación que ten coñecemento desta usurpación, a tolerase, permitindo o seu goce e consolidación por prescripción da acción reivindicatoria incorrería en responsabilidade, formulando na súa consecuencia o Secretario a oportuna advertencia legal.

A Corporación Plenaria por unanimidade, con asistencia de oito dos dez membros que a forman, acorda interesar ditame do letrado D. Prudencio Landín Carrasco de Pontevedra, a quen se lle facilitarán todos os datos e antecedentes necesarios e na súa vista oportunamente resolverase o procedente en xustiza.

En **1953**, o Concello accede a cesión solicitada pola Deputación no **1951**, esixindo como contrapartida a mellora dos accesos e camiños da zona.

O **24 de novembro de 1960**, o Concello Pleno dáse por informado do Informe do Secretario D. Eduardo Fernández Eiriz en relación coas conversas mantidas coa Deputación dende o ano **1956** a fin de conseguir normalizar a situación xurídica do monte ou parcela de Pedregueiras cedido ao Sanatorio Miguel

Gil Casares de A Lanzada no ano **1927** en usufruto vitalicio, sen beneficio nin compensación económica para esta Corporación, chegándose en principio á posibilidade de que a cesión en usufruto se formalice en propiedade definitiva percibindo o Concello unha indemnización de 806.250 ptas., o que, a xuízo do informante (Secretario), supón unha magnífica operación, xa que o Concello viría a recibir unha importante cantidade por algo que ten práctica e legalmente perdido definitivamente.

Un dos concelleiros, estimando que faltan concelleiros que deben ser oídos, propón que a Corporación se reúna o día seguinte, para estudar e resolver este importante asunto e acórdase así por unanimidade.



O **25 de novembro de 1960**, o Concello Pleno trata sobre este asunto e manifesta: Co fin de poder proceder no seu día a adoptar acordo sobre a cesión, previa autorización do Excmo. Ministro da Gobernación é necesario tramitar o cambio de cualificación xurídica sobradamente xustificada polo destino que dende fai mais de 30 anos ten o ter perdido o uso comunal dos veciños.

O Concello Pleno por unanimidade, acorda que por dilixencia, se proceda a desglosar do monte ou parcela nº 32 do Inventario de Bens, a parcela que corresponde a concesión do Sanatorio de A Lanzada que será alta no Inventario baixo o nº 41 de orden, tramitando expediente para desafectala do carácter de ben comunal para o cambio de cualificación xurídica para a súa inscrición como ben de "Propios" e no seu día resolverase sobre a procedencia ou non da súa cesión ou venta en propiedade á Deputación de Pontevedra, para os fins benéficos a que está destinada.

O **13 de maio de 1961**, o Concello Pleno acorda por unanimidade ofrecerlle á Deputación, a cesión en venda da parcela do monte municipal "Pedregueiras" da Lanzada de 40 hectáreas de sementadura, en razón dos fins benéficos a que están destinados, polo prezo que resulta da súa taxación, a pagar

SUBVENCIONA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
E TURISMO

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

fraccionando o seu importe por anualidades de 100.000 ptas., sen render intereses.

O Concello resérvase a facultade de refacer para o seu patrimonio, polo prezo da súa cesión, si a Deputación acordase a venda deste terreo con fins que non fosen estimados por esta Corporación, como de interese xeral, xa sexa de toda a parcela de 40 hectáreas ou parte dela.

O **16 de setembro de 1961**, o Concello Pleno acorda por unanimidade declarar ditos terreos como ben de "Propios".

O **28 de setembro de 1961**, a Deputación acepta a proposta de venda formulada polo Concello sen a limitación que supón a reserva de refacer a venda, pois a Deputación proxecta realizar inversións en aquela zona con melloramento xeral das condicións urbanísticas de ditos terreos.

O **10 de novembro de 1961**, o Concello Pleno dáse conta do acordo da Deputación do **28-9-1961**, despois dun amplo cambio de impresións e, tendo en conta as razóns que expón a Deputación, por unanimidade con asistencia de oito dos nove que forman a Corporación, acorda deixar sen efecto o parágrafo último do acordo do día **13-5-1961**, e por conseguinte a cesión en venda de ditos terreos sen limitación, facultándose á Alcaldía para solicitar autorización do Sr. Ministro da Gobernación, para poder formalizar esta cesión ou venda.



O **29 de decembro de 1961**, a Deputación acepta a rectificación do acordo do Concello de data **10-11-1961**, de cesión en venda polo prezo de 800.000 ptas. do terreo ou parcela do monte municipal "Pedregueiras" da Lanzada, que vén gozando con destino ao servizo do Sanatorio.

O **17 de marzo de 1962**, o Concello Pleno dáse por informado do acordo da Deputación do **29-12-1961**, e por unanimidade acorda elevar o expediente tramitado ao Ministro da Gobernación, solicitando a oportuna autorización para a cesión en venda directa polo prezo de taxación de dita parcela, dados os fins benéficos a que se destina e a limitación dos dereitos de propiedade que supón a anterior cesión en usufruto.

O **14 de agosto de 1963**, o Concello Pleno, ao proceder á medición da parcela cedida, comproba que a superficie é de 15 hectáreas e 62 áreas, en vez das 40 hectáreas que aparecen na documentación inicial de cesión. Polo cal aproban por unanimidade ratificar a cesión en venda directa á Deputación de Pontevedra, polo prezo acordado de 800 mil ptas. e a pagar a razón de 100 mil ptas. anuais, con efectos iniciais no ano 1961, facultándose ao Alcalde para que compareza ante o Notario para formalizar a oportuna escritura pública de cesión.

A culminación desta venda chegou en 1963, cando xa o Sanatorio era Colexio de xordomudos. O carácter de Sanatorio para enfermos tuberculosos permaneceu ata o ano 1958, no que a Deputación obtivo unha oferta gratuíta para o internado dos enfermos de tuberculose nos Sanatorios de Oza e San Rafael. A Deputación aceptou a oferta e no Pleno da mesma do **31 de**

xullo de 1958, decide o traslado aos citados centros dos enfermos acollidos no Sanatorio Marítimo Gil Casares de A Lanzada, pero na mesma sesión plenaria, e para evitar as reclamacións do Concello de O Grove, decreta o traslado urxente dos nenos e nenas do Hogar Provincial, para que pasen alí na Lanzada as súas vacacións de verán, co que gañaron algún tempo, ata trasladar o Colexio de xordomudos a principios de curso.

A instalación do Colexio foi realizada de forma moi rápida, xa que as instalacións estaban dispostas para un internado. O persoal que existía para as atencións do Sanatorio era na súa maioría necesario para o novo Centro, e polo tanto permanecen no mesmo, variando as súas funcións, xa que agora pasaba a estar dedicado ao ensino e non a curacións.

O Centro permaneceu como Colexio ata o ano 1976 no que se integrou no Complexo da Ciudad Infantil Príncipe Felipe, e, a partir desta data, pasou a ser un centro de vacacións de verán para os nenos/as do Príncipe Felipe.

Co paso do tempo a Deputación foi ampliando o uso do mesmo aos nenos dos colexios do interior, agora xa está aberto a todos os nenos/as, e é utilizado por entidades deportivas, mesmo escola taller hostalería, etc.

ACTIVIDADES "Pineiróns"

Agradecemento á:



ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN
ILMO. CONCELLO DE MARÍN

CONCELLERIA DE CULTURA

A HIDRONIMIA E A TOPONIMIA DA ILLA DE ONS. PARTE LESTE: DENDE O PEIRAO AO ALTO DO VIXIA (II)

Por: Fernando Cabeza Quiles

Despois dos **Cons de Debaixo da Viña**, topónimo no que quedamos no artigo anterior, veñen **Os Pasales da Malaca**, hidrónimo que sinala, como ocorría cos **Pasales** situados ao sur da Punta da Canteira, uns pasais ou canles submarinas, aproveitadas por pequenas embarcacións para a navegación, pois, cando o apelativo de lugar **Os Pasales** dá nome a accidentes marítimos, refírese á devandita

casas do barrio de Pereiró, que ten enriba, sobre o cantil ou borde costeiro, un campo onde antes houbo cultivos e hoxe pastan as ovellas.

Deseguido vén a **Pedra dos Serráns**, nome dunha pequena rocha localizada a uns 100 metros da orella, ao sur das Malacas, que debeu ser frecuentada no seu día, se aínda non o é, por serráns, a mesma especie piscícola que aparece

nomeada noutra **Pedra dos Serráns** situada ao norte, segundo explicamos no artigo anterior.

A continuación da **Pedra dos Serráns**, que poderíamos chamar **Pedra dos Serráns do Sur**, para diferenciala da que poderíamos chamar **Pedra dos Serráns do Norte**, aparece a **Mexiloeira**, nome doutra pedra mariña que se atopa 200 metros mar dentro da praia de Pereiró polo seu lado sur, que con marea baixa descobre algo e que debeu ser abundosa en mexilóns, xa que **Mexiloeira** é un claro e seguro abundancial en -eira de mexilón ou mexillón.

Despois, indo sempre cara ao sur, batemos cos **Picotos da Praia de Pereiró**, nome dunhas rochas en


forma de pico ou picoto, que case non descubren, situadas a uns 70 metros ao sur da praia de Pereiró e a 50 da orella.

Na próxima **Poza da Praia** atopamos, efectivamente, unha pequena poza que se forma coa maré baixa ao sur da Praia de Pereiro, a uns 40 metros desta.

O hidrónimo **Debaixo da Veiga da Auga** pode aludir a unha veiga ou canle que sobe cara a terra dende a orella entre as rochas.

Os topónimos **Praia do Castillo** (castelanismo por Castelo), nome dunha pequena zona de rochas e area situada xunto á orella, **Debaixo do Castillo**, outra zona de rochas, **Castillo de Marina**, zona entre monte e rochas, que debeu pertencer a unha tal Marina, situada á beira do mar a uns 200 metros ao sur da praia de Pereiró, e **Rego do Castillo**, nome dunha canle submarina, na fala local dos mariñeiros

Praia de Pereiró e rochas ata onde "Cociñaban os Mecos". Charrúas e a Espadoada.



circunstancia, mentres que, se **Os Pasales** nomea emprazamentos de ríos, alude a pedras ou pasais para atravesar a pé enxoito estas correntes fluviais. Non sendo así no caso que nos ocupa dos **Pasales da Malaca**, hidrónimo que dá nome a unha canle marítima, situada entre x as pedras chamadas A Malaca de Fóra e A Malaca de Dentro, que debeu ser aproveitada polos pescadores para se achegar a terra, pois **Os Pasales da Malaca** aluden á pasante ou paso para embarcacións de pequeno calado, que citamos na entrega anterior, cando explicamos os devanditos hidrónimos Malaca de Fóra e Malaca de Dentro.

Logo dos Pasales da Malaca vén, desprazándonos sempre de norte a sur, a zona costeira chamada **Debaixo do Campo**, hidrónimo de claro e transparente significado que dá nome a un anaco de costa moi rochoso, emprazado debaixo das

rego, fan todos referencia a un castelo que se empezou a construír (non sabemos se se rematou) cando se levantou o Castelo da Rueda, pertencendo, ambos os dous, a un mesmo plan de defensa da illa.

Verbo do suxírente hidrónimo **Onde Cociñaban Os Mecos**, zona mariña de rochas situada a carón da praia de Pereiró, parece que alude ao lugar onde cociñarían os seus alimentos uns mariñeiros mecos, os cales chegarían ata a costa de Ons nas súas incursións pesqueiras. Estes mariñeiros mecos debían ser do Grove, xa que a palabra *meco* debe ser sinónima de *grovense* ou natural do Grove, de acordo e baseándonos na coñecida lenda local do Meco do Grove, que produciría o adxectivo *mecos* para referirse en clave festiva aos habitantes desta vila. Outra posibilidade, aínda que menos probable, sería que os mecos do topónimo procedesen da vila tamén pontevedresa de Ponte-Cesures, situada no fondo navegable da Ría de Arousa, xa que os baleiros cesureños, que pescaban a solla e a lamprea balando ou golpeando a auga para atordar as súas capturas e que chegaban nas seus periplos pesqueiros a moitos puntos da citada ría, utilizaban unha clase de dorna chamada *meco*; de aí que os navegantes destas embarcacións puidesen ser chamados tamén mecos, malia que o máis probable, repetimos, é que os mecos contemplados no hidrónimo **Onde Cociñaban Os Mecos** fosen da vila mariñeira do Grove. Sexa como for, no restaurante “A Pedra” de Catoira expoñíase (non sabemos se se segue facendo) un meco ou pequena dorna utilizada polos antigos pescadores de Cesures. Verbo de facer a comida os mariñeiros, xa fosen do Grove ou doutros lugares costeiros, sabemos, porque no lo contaron xa hai ben anos vellos mariñeiros de Muxía, que estes cando estaban en activo cociñaban e quentaban a súa comida dentro das súas pequenas embarcacións, para o cal utilizaban unha pequena laxe ou pedra plana sobre a que acendían un pequeno lume, gardando, claro está, todas as precaucións que aconsella cociñar nunha pequena embarcación de madeira, material doadamente combustible. O hidrónimo **Onde Cociñaban Os Mecos** debe referirse, xa que logo, ao anaco de mar onde fondeaban as súas barcas os mariñeiros do Grove ou mecos para cociñar.

Preto de **Onde Cociñaban Os Mecos** documentamos o topónimo terrestre **Regata do Sultán**, zona de monte situada a 50 metros ao oeste dunha antiga batería do devandito castelo contemplado no topónimos **Praia do Castillo**, etc. Tal como parece, no lugar chamado **Regata do Sultán** debeu haber unha *regata*, palabra que o Dicionario Enciclopédico de Eladio Rodríguez dá cos significados de “cañada, espacio entre dos montes, reguera pequena” (Rodríguez González, 1980 (reed.), voz *regata*, t. 3: 254).

Verbo de Sultán, a segunda parte do topónimo **Regata do Sultán**, pode ser un alcume festivo ou/e burlesco, aínda que a voz Sultán tamén podería referirse ao nome dun can.

Ao respecto dos topónimos terrestres **Charrúa do Roxo** (do Rubio), zona de monte a 50 metros ao oeste da devandita batería, e **Charrúas**, ampla zona de monte, que vai dende o camiño de Pereiró ata o mar, deben ser antigos nomes de importación e inspiración monástica ultrapirenaica de orixe francesa, se reparamos no seu *Ch-* inicial, que pode corresponder á característica e sistemática palatalización francesa do *c-* inicial latino perante a vogal *a*, xa que a voz *charrúa* pode vir da celto-latina *carruca*, o mesmo que, entre outros moitos exemplos, o latín *cantare* derivou no francés *chanter*. Temos, xa que logo, que os topónimos illáns **Charrúa do Roxo** e **Charrúas** poden vir do devandito *carruca*, voz que vén, á súa vez, do celta latinizado *carrus*, “carro”, sendo a *charrúa* un tipo de arado de ferro que semellaría un carro por ter rodas, moi distinto ao modesto arado galego de pau e sen rodas, chamado popularmente “romano”. Non obstante, coidamos que os topónimos **Charrúa do Roxo** e **Charrúas** non reproducen só a voz *charrúa*, “clase de arado”, xa que deberon ser antes, respectivamente, ***A Finca da Charrúa do Roxo** e ***As Fincas das Charrúas**, ***Os Campos das Charrúas** ou algo similar, en alusión a fincas ou a antigos espazos agrícolas que, por teren terreos de mala calidade por pedrosos, etc., precisarían para ser traballados un arado da clase *charrúa*, máis forte có de madeira. A este respecto, o dicionario de Alonso Estravís documenta a voz *charrao* ou *charrau* co significado de “terreo lixeiro e de má calidade” (Alonso Estravís, 1995, *Diccionario... voz charrao* ou *charrau*: 331), sendo tamén voz galega relacionada cos devanditos topónimos **Charrúa do Roxo** e **Charrúas** a de *charruar*, igual a “arar a terra coa *charrúa*”. A este respecto, non con relación aos topónimos **Charrúa** e **Charrúas** illáns, senón a unha finca chamada **A Charrúa**, pertencente á parroquia de Sísamo, Carballo (A Coruña), puidemos recoller dunha amable informante duns 70 anos de idade que “lle chamaban **A Charrúa** porque era unha terra ruín e charrueira con moita pedra, que unha vez, segundo contaban os vellos, tiveron que lle meter un arado moi potente chamado *charrúa* para levantala”. Parécennos, pois, **Charrúa do Roxo** e **Charrúas** topónimos que puideron ser en orixe ***A Finca da Charrúa** e/ou ***As Fincas das Charrúas**, fincas que polas devanditas características precisaban ser aradas co potente arado chamado *charrúa*; de aí o topónimo ***A Finca da Charrúa**, logo **A Charrúa** e máis tarde simplemente **Charrúa**, aparello e adianto agrícola, o do arado chamado *charrúa*, quizais traído por primeira vez a Galicia por antigas

ordes monásticas de orixe francesa, como as dos cluniacenses ou cistercienses.

Tocante ao **Alto da Espadoada**, zona de monte no camiño ao miradoiro de Fedorentos, debe ser o mesmo topónimo que Fernando Alonso Romero recolleu coa forma **Paduada**, nome dun prado situado na parte sur de Ons ata onde chegaba a Santa Compañía, lugar no que paraba para comer (Alonso Romero, 1981: 289). Sobre o posible significado deste topónimo dicir que a forma **Espadoada** debe ser a orixinaria, sen a perda da sílaba inicial Es-, que si sufriu a versión **Paduada**. Así, A **Espadoada** pode ser un abundancial en -ada da planta chamada espada ou espadana, que require terreos con auga ou, cando menos, húmidos. Tería así **Espadoada** ou A **Espadoada** un sufixo abundancial ou colectivizante -ada, tamén presente, por exemplo, nas voces galegas *pumarada*, “conxunto de mazairas”, *millarada*, “conxunto ou gran cantidade de millo”, *camada*, “conxunto de crías que os mamíferos paren dunha vez”, *niñada*, “conxunto de crías de ave que hai nun niño”, *larada*, “conxunto de pitos que unha galiña ten dunha vez”, *rolada*, “conxunto de crías que un animal ten dunha vez”, etc., exemplos que parecen indicar que o topónimo illán **Espadoada** sexa un abundancial de algo, que poden ser, formulámolo sequera como unha posibilidade, espadas vexetais ou espadanas, como o topónimo A **Anllada**, nome dunha aldea do concello pontevedrés de Cuntis, pode referirse a un conxunto de *anllos* ou ángulos formados pola confluencia de varios ríos.

Preto do **Alto da Espadoada** está a praia de **Pereiró**, topónimo enganoso, que non se refire á arbore froiteira chamada pereira, xa que debe provir dunha antiga forma latina igual ou similar a **petrariolo*, diminutivo de *petra*, “pedra”, en referencia a un lugar pedroso da praia.


Ao lado leste do actual miradoiro de Fedorentos está O **Alto do Vixía**, topónimo que sinala un antigo lugar alto de garda ou vixía, que avisase os illáns de posibles perigos vidos polo mar.

Rochas de Rego do Castillo, Regata do Sultán, Praia do Castillo,...



BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ESTRAVÍS, I., 1995. *Dicionário Sotelo Blanco da língua galega*, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela.
- ALONSO ROMERO, F., 1981. “Los orígenes del mito de la Santa Compañía de las islas de Ons y Sálvora”, en *Cuadrenos de Estudios Gallegos*, t. 32, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela.
- CABEZA QUILES, F., 1992. Os nomes de lugar. *Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Edicións Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Editorial Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, F., 2008. *Toponimia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E., 1980, (reed.), *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, dous tomos, Editorial galaxia, Vigo.



ROMARÍAS CURATIVAS AO CARÓN DA RUTA XACOBEA MARÍTIMA "O POLICLÍNICO DO SALNÉS"

Por: José Miguel Besada Fernández

Un dos grandes encantos que ten a comarca do Salnés son as súas múltiples rutas. Estas son moi frecuentadas, sobre todo as fins de semana. Unhas están programadas con boa información turística e outras, que xa estaban aí descubertas por viaxeiros das proximidades pero que non van coma exploradores de África ou de América que ían en busca de tesouros, riquezas ou materias exóticas. Os viaxeiros do Salnés só buscan lugares apracibles e acolledores, que os hai dabondo, e, tanto é así, que a moitos creóuselle tal hábito ou dependencia que non poden pasar unha semana sen facer ese percorrido.

Entre estas rutas pódense citar, como as máis coñecidas:

-*As gastronómicas*: Dentro desta categoría as organizadas para degustar os magníficos *caldos* que saen dos nosos viñedos como a do Alvariño en Cambados, a do Tinto en Barrantes, a do Viño de Autor en Meaño... As do bo comer como a do Marisco, as dos Callos, Fabada, Polo, Xiba, Migas, Carne de Cabalo,..e, por suposto, a dos loureiros, a dos churrascos... -*As rutas ecolóxicas ou da natureza* como a dos Muíños, a Auga... -*As laborais* como as que empregan os hostaleiros para a busca de persoal para o verán... E un longo etc. que parece non rematar. Todo isto demostra a iniciativa, o bo facer e a calidade da xente desta terra.

Pero, neste pequeno artigo, imos a interesarnos por unha Ruta moi espallada por todo o Salnés como é a das *Doenzas*.

Esta ruta, a dos *Romeiros* que van a curar as súas *Doenzas*, ten, nesta terra, un magnífico "*Policlínico*" cunhas características específicas segundo a doenza de que se trate e que se diferencian nos seus ritos ou na súa terapéutica, falando en termos médicos, segundo sexa a especialidade do santo ou santa.

Os ritos veñen marcados pola tradición que practicamente non variou, debido a que sempre resultou ben e non houbo motivo para cambialos, polo que estas convértense en eternas.

Para ter opción a curarse é necesario, polo menos, cumprir cos seguintes requisitos: En primeiro lugar ter a doenza dende logo, despois ter moita fe, esperanza e, sobre todo, caridade. Ademais hai que ser, de antemán, agradecido co santo que, segundo o crego, que é o seu portavoz, o agradecemento ten que ser visible e palpable para que se vexa e dea exemplo de boa vontade. Normalmente son cartos,

billetes que se colgan no manto do santo ou santa, ou tamén en especie como años, galos, porcos... ou outros produtos que sexan útiles ou que teñan un valor, claro está, segundo a vontade e as posibilidades de cada doante.

O que falla máis quizais sexa a fe e a esperanza. A caridade non tanto porque os doentes, ou ben os seus parentes, amigos ou outros sen ningunha relación coa doenza do enfermo van e veñen sempre con boa disposición e, agás que se atopen cunha crocadura no coche ou algunha cousa parecida, nunca pasa nada e así a esperanza revive, polo que, ao seguinte ano recuncan.

A distribución dos santos milagreiros na bisbarra do Salnés é moi variada. Incluso cóntase co mesmo santo e, para a mesma doenza, repartido por varias parroquias e concellos, celebrándose a romaría o mesmo día o que dá lugar a máis facilidades xa que o efecto, en calquera deles, é o mesmo. Á vez, tamén

podemos ir calquera día do ano a pregar pola nosa curación, aínda que parece que a efectividade é maior se imos o día marcado no calendario, pois os ritos son especiais e os representantes dos santos poñen máis énfase neles, co que a curación terá mais garantía.

A RUTA DAS DOENZAS (*O Policlínico do Salnés*)

Vindo de norte a sur, pola península do Salnés, a primeira que atopamos é *SANTA RITA* (diminutivo de Margarita) avogada *dos imposibles*. Non ten unha especialidade determinada. Trátase de doenzas raras que parece que non teñen remedio coa medicina terreal.



Imaxe cargada de billetes. Ano 1975


Tamén é patroa dos que venden figos, rosas e dos funcionarios da administración local, por iso é das romarías máis concorridas e con gran ambiente festivo.

Celébrase en Vilagarcía de Arousa os días 21, 22 e 23 de maio, sendo o día grande o 22. É tan grande a concorrencia, que os cregos están toda a mañá dicindo misa para que todos os romeiros poidan asistir ao culto.

O primeiro domingo de outubro celébrase a romaría de **SAN BREIXO** en Barro cuxa especialidade é a **reumatoloxía**. Romaría moi concorrida á que asisten romeiros de toda a provincia.

Preto de Vilagarcía, en Vilanova de Arousa, está **SAN AMARO**, especialista en **traumatoloxía** e **reumatoloxía**. A pesar que súa especialidade non é a podoloxía a maior parte da xente vai polos callos. Celébrase o 15 de xaneiro.

Seguindo o noso camiño, temos outra importante e moi antiga romaría, a de **SANTA MARTA** de Pontearnelas <A esta romaría xa ía o trovador Pero de Ardia>. A súa especialidade é a otoloxía, pero aquí os medios curativos son materias e os enfermos teñen que limpar os oídos cunha sustancia que dan alí. Celébrase o día 29 de xullo.



Ofrecidos nunha romaría

SAN BIEITO é o santo que ofrece máis servizos dentro da súa especialidade, **dermatoloxía**. Celébrase en varios municipios, como Cambados, Lores, Mosteiro e Cobas. Precisamente a este de Cobas chámalle San Benito de Palermo ou O Negro.

Aquí, como en Santa Marta, os medios curativos tamén son materiais. Teñen que botar un aceite bendicido polo representante do santo sobre a verruga que queiran quitar. Celébrase os días 21 de marzo e 11 de xullo, e para o de Palermo, en Cobas, o martes de Pascua.

En Dena temos a **SANTA LUCÍA**, de **oftalmoloxía**. Tamén é a patroa dos campesiños, electricistas, choferes e afiadores, pero os devotos van só pola vista. Celébrase o día 13 de decembro, non hai romaría pero é moi visitada polos veciños das parroquias próximas.

Na parroquia de Xil celébrase o terceiro domingo de setembro o día da **NOSA SEÑORA DAS ANGUSTIAS**, **psiquiatría**, pero no amplo campo que ten esta rama da medicina, está máis especializada en depresións, estrés, ansiedades e angustias.

Moi importante e concorrida é a de **SAN BRAIS** na parroquia de Simes. Tén como especialidade a **laringoloxía**,

para as afeccións da gorxa. San Brais, que era médico e bispo, é o patrón das enfermidades da gorxa porque curou milagrosamente a un rapaz que se lle atravesou unha espiña dun peixe e de aí que creara moitas esperanzas para a curación desta afección. Celébrase o día 3 de febreiro.

Das máis importantes da comarca é a da **VIRXE DAS CABEZAS**, na Armenteira. A súa especialidade é a **neuroloxía**, máis concretamente na rama que toca o encéfalo, migrañas, cefaleas,... Recomendable para todo o relacionado coa cabeza, como as doenzas craniais, e tamén para os estudantes que teñen próximos os exames.

Nesta romaría, que é o luns seguinte á Pascua, había que cumprila subindo andando ata o mosteiro levando o exvoto, ou sexa, pezas anatómicas de cera, para deixar diante a santa. Esta penitencia foise perdendo debido aos múltiples medios de comunicación cos que contamos.

Lindando coa Armenteira, no lugar de Silván, en Meis, atopamos a **SAN NICOLAU**, bo para o **reuma**, e do que se celebra a romaría na semana do 6 de decembro.

Xa pola costa, ao carón do mar, na parroquia de Noalla temos a **SAN ESTEVO** especialista en **protocoloxía**, para curar as almorrás. Non hai romaría a pesar a pesares de atoparse nun lugar fermosísimo. Tamén pode ser debido a que a celebración cae no día 26 de decembro.

E para rematar, a **NOSA SEÑORA DA LANZADA**. A súa especialidade é a **xinecoloxía**, aínda que tamén ten propiedades para *quitar o meigallo e curar o mal de ollo*. É a romaría máis antiga do Salnés, xa a facían no tempo dos celtas os druídas moito antes da era cristiá. Despois de extinguirse esa relixión, tomou o relevo o cristianismo a través dos cregos, fundamentalmente cos mesmos rituais que realizaban na ermida románica do século XIII.

Para que o ritual faga efecto, deben cumprirse ben as normas: sobre as 12 da noite. Hai que meterse na auga ata a altura da cintura e recibir, soamente, nove ondas seguidas. Para botar fóra o meigallo e curar o mal de ollo, hai que varrer cunha escoba debaixo do altar da capela e non esquecerse en ningún caso de que se nos ofrecemos hai que cumprilo.

Como podemos ver temos para todas as especialidades, e sen máis lista de espera que a de que sexa o día da romaría (aínda que, como xa se dixo, pódese ir calquera outro día se a doenza é urxente). Quedan moitos aínda no tinteiro, pero iso pode ser motivo doutro artigo.

O APAIXOANTE MUNDO DOS COGUMELOS NA ILLA DE ONS

Por: Santiago Corral

Presidente da Asociación Micolóxica Naturista Libreiroiro de Bueu

Pois para comezar imos saber de onde sae un cogomelo. Que é un cogomelo?

Un cogomelo é o froito dun fungo, o fungo vive baixo terra, formado por unha maraña de filamentos chamados *micelio* e estes producen uns froitos que son os chamados *carpóforos* ou cogomelos. Polo tanto, o cogomelo é o froito do fungo, e como se dixeramos, cogomelo-mazán e fungo-árbore.

Os cogomelos dependendo da súa alimentación dividirémolos en tres grupos:

Os **saprófitos**, son os que se alimentan de materias vexetais. Animais mortos, restos de follas, madeira descomposta, bosta, etc.

Os **parasitos**, son os que viven a expensas doutros seres vivos sen lle dar nada a cambio e incluso causando a morte ao hóspede, por exemplo árbores, plantas, animais, etc., e nalgún caso chegan a ser uns parasitos moi perigosos, como por exemplo a *Armillariella mellea*, ou armillaria cor de mel.

E por último os **micorrízicos** ou **simbiontes**, que viven asociados con animais ou plantas de maneira que os dous saen beneficiados, como exemplo citar o níscolo *Lactarius deliciosus*, que vive asociado cos piñeiros, aumentando así o seu desenvolvemento.

Os meus primeiros contactos cos cogomelos na Illa de Ons tráenme á memoria aqueles encontros con Don Antonio Villaverde, máis coñecido na Illa coma “O Ruso”, curioso nome que lle vén de ter o pelo rizo “riso” e que derivou en “ruso” na fala Illán, pois era practicamente o único da Illa que apañaba e comía cogomelos; dende Zarrotas (*Macrolepiota procera*), Lingua de ovella (*Hydnum repandum*), Cantarelas (*Cantharellus cibarius*), Pé azul (*Lepista nuda*), Pé de cabra (*Polyporus squamosus*) ata algún que outro *Boletus*, *Russulas*, etc. Aínda lembro a primeira vez que o mirei cunhas *Macrolepiotas* na man baixando dos prados de Chan da Pólvora e me paro a botar unha parrafada con el, e lle digo, “coño Antonio, levas unhas boas *Macrolepiotas*”, e me di el, “si son “Copiotas” tento corríxilo de que non se chaman así, senón que son *Macrolepiotas* e o bo do Ruso me espeta de novo, “si xa sei, son Copiotas”; e así quedou ese nome que nunca máis

esquecerei nin volvín escoitar na vida. Por certo, a *Macrolepiota procera* é o cogomelo que máis nomes ten en Galiza; zarrota, choupin, cogordo, patamela, monxo, o monxo xa dixo misa, etc.

Tamén o meu colega Alberto Lamarca, máis coñecido por “Maracaibo”, xa daba boa conta dos famosos *Cantharellus cibarius* ou cantarelas, pan de cabra, ou cacafina, no eucaliptal de Melide, cando en tempos se acampaba alí, pois estes danse tanto en carballeiras, castiñeiros, piñeirais como nos eucaliptais. Imaxino que farían de guarnición para un saboroso coello da illa guisado, ou nunha tortillina, ou mesmo salteados cun pouquiño de allo.



Macrolepiotas, as Copiotas do Ruso, na zona de Chan da Pólvora.

A primeira vista un pode pensar que a illa non é sitio prolífico para os fungos dadas as duras condicións climatolóxicas e a escaseza de masas arbóreas, poren hai máis árbores e hábitats dos que poida parecer. Falando dos hábitats, un dos mais comúns na illa son os piñeirais de piñeiro marítimo *Pinus pinaster*, tamén hai algúns piñeiros mansos *Pinus pinea* no camiño que nos leva a Melide baixo o famoso “túnel de acacias”. Por outra banda os eucaliptais *Eucalyptus globulus* son por así dicir as masas forestais máis extensas da illa.

Tamén citar os fermosísimos salgueirais de *Salix atrocinerea* espallados por toda a illa, onde se agochan moitos cogomelos interesantes, porque onde se dan sempre hai nacentes de auga ou regatos, e mesturados con salgueiros tamén podemos ollar sabugueiros *Sambucus nigra*,

abruñeiros *Prunus spinosa*, estripeiros *Crataegus monogyna*, e loureiros *Laurus nobilis*.

Tamén salientar os carballos *Quercus robur*, *Quercus rubra* e cerquiños *Quercus pyrenaica*, castiñeiros *Castanea sativa* de repoboacións feitas polos traballadores das illas, que tamén agochan unha importante variedade de cogomelos interesantes. Ademais cumpre mencionar as falsas acacias *Robinia pseudoacacia*, ou tamén chamada acacia de espiñas, de orixe americana que na de Entenza é onde hai unha boa masa delas, e por outra banda tampouco podemos esquecernos das matas de acacia negra, de orixe australiana *Acacia melanoxylon* que está resultando ser unha auténtica praga, pois conteñen unhas sustancias “alelopáticas” que liberan ao exterior para impedir o crecemento doutras plantas e evitar a competencia.

Atopamos outras plantacións diversas pola illa como algunha de sobreiras, *Quercus suber*, na de Entenza; é de ter en conta o exemplar que atopamos saíndo da capela no Curro polo camiño cara a Melide, unha árbore a protexer na Illa, ten catro pés e non é raro atoparmos baixo dela moreas de *Russulas*.



Outro hábitat frecuente son os prados, onde soe saír a xa mencionada zarrota *Macrolepiota procera* pero tamén os famosos champiñóns, *Agaricus campestris*, *Agaricus arvensis*, sendeiriñas, *Marasmius oreades*, cogomelo de San Xurxo, *Calocybe gambosa*, *Volvariella volvacea*, etc.

Tamén nas dunas costeiras acostuman saír cogomelos, pero ata o de agora no fun quen de topar ningún.

E dous hábitats moi característicos e importantes na illa son os pasteiros de acantilado e as matogueiras, onde xa teño atopado algún cogomelo ben agochado.

Para falar dos cogomelos que podemos atopar na Illa non chegaría con esta revista, xa que xa van máis de 130

especies catalogadas, polo que so mencionarei os máis comúns e populares.

Poñamos catro exemplos segundo o tipo de himenio (parte fértil do cogomelo onde conteñen as esporas; poden ser láminas, pregues, tubos, e aguillóns) para identificar os máis comúns:

Comezando pola xa citada zarrota, *Macrolepiota procera*, é un cogomelo que pode acadar ata 30 cm. de diámetro, ten un chapeu primeiro esférico e ao final esténdese cun mamelón central pardo, con moitas escamas concéntricas. As láminas son apertadas dunha cor branco-crema e despois pardas, o pé é moi longo cunha base bulbosa ben marcada, cun típico debuxo en zig-zag, o anel é dobre e móbil, a carne ten un sabor agradábel e ten un cheiro a abelá ou a noces. O seu hábitat normal son os prados pero tamén as podemos recoller en calquera outro tipo de hábitat.

Outro dos cogomelos frecuentes son os famosos niscalos, *Lactarius deliciosus*, fungo dos piñeiros ou fungo da muña. É unha especie micorrízica, quere dicir que está en simbiose coas raíces da árbore, beneficiando aos dous. Nesta simbiose



o fungo recibe da árbore sustancias orgánicas como azucres, e este aporta á árbore auga e elementos minerais. Son cogomelos que se dan exclusivamente en piñeirais, podemos atopalos dende finais de verán ata o inverno. A característica máis salientable dos *Lactarius*, é que segregan látex de aí o seu nome, e neste caso ten un látex de cor laranxa, sombreiro alaranxado con tons verdes e cunhas zonas concéntricas máis escuras, as láminas son decorrentes e tamén laranxas, o pé é pequeno, oco de vello e ten unhas manchiñas máis escuras chamadas (escrobículas). Hai un dito que di, “se te deixa anel, cástate con el” se refire ao látex que segrega cando se corta o pé do cogomelo. Se o pos enriba da man e deixache un anel laranxa. E un



Lactarius deliciosus. Zona de Melide

comestíbel bo, moi apañado na bisbarra do Morrazo, onde tamén nos piñeirais costeiros saen os *Lactarius sanguifluus*, mais coñecidos coma rovellóns ou niscalco de sangue, polo látex que neste caso é da cor do viño clarete.

As tamén moi coñecidas sendeiriñas, *Marasmius oreades*, son moi abundantes nos prados da Illa e son moi boas para secar. A característica mais salientable deste cogomelo está no pé, que podemos retorcer sen que se rompa. Ten o sombreiro cor ocre crema máis claro na marxe e cun mamelón ben marcado, as láminas son moi distantes entre elas, a súa carne é branca pálida cun sabor doce e un cheiro característico ciánico ou de améndoas amargas. Podémolas atopar durante o outono formando “corros” de bruxas ou en ringleiras (de aí o seu nome popular).

Agora falaremos dun cogomelo que no seu himenio non ten láminas senón pregues, o coñecido como cantarela ou pan de cabra *Cantharellus cibarius*. Ten unhas cores entre amarelo e alaranxado, o cheiro é afroitado; e un cogomelo que rara vez está atacado polos vermes, moi bo comestíbel e pódese atopar en calquera tipo de hábitat, dende piñeiros, carballos, castiñeiros ata mesmo eucaliptais. Pódese confundir co *Higrophoropsis aurantiaca*, falsa cantarela, só que este en vez de pregues ten verdadeiras láminas, e o seu hábitat é exclusivamente baixo piñeiros sobre restos de madeira; a confusión non tería graves consecuencias, porque este é comestíbel mediocre, tamén se lle atribúen propiedades laxantes.

Tamén podemos atopar pero xa son máis escasos, os coñecidos como *Boletus*, andoas ou madeirudos, neste caso o himenio está formado por tubos. O mais frecuente é o *Xerocomus badius*, andoa escura, en castelán boleto bayo, o sombreiro é de cor castaña escura, cutícula aterciopelada e visguenta en tempo húmido, os tubos brancos o principio despois amarelos e finalmente verde oliva azulexando a presión, a carne é branca e azúlea debilmente ao corte ou á presión, ten un cheiriño moi agradable e o sabor é suave, e un bo comestíbel. Podémolo atopar baixo piñeiros, mais raramente en frondosas, é moi abundante.

Outro boletal que podemos atopar é o *Boletus erythropus*, andoa de pé vermello, é un fermoso cogomelo, ten o sombreiro aterciopelado dunha cor pardo avermellada, os tubos son de cor vermella e azulexan ao tacto. O pé e amarelo salpicado dunhas granulacións vermellas sen formar retículo. Tamén é moi bo comestíbel, é ben frecuente en bosques caducifolios e en coníferas.

Pero o máis prezado dos boletais é o famoso *Boletus edulis*, andoa, cogordo ou madeirudo, este é un excelente comestíbel. Non cambia de cor nin á presión nin ao corte, pode chegar ata os 25cm de diámetro, ten un sombreiro visguento dunha cor marrón escura, e no borde do sombreiro ten unha banda moi fina branca. Os tubos son primeiro brancos, despois amarelos e terminan sendo verde oliva. O pé é grosso, ventrudo cheo e máis claro có sombreiro, e no terzo superior ten un pequeno retículo branquiño que as veces pode chegar a cubri-lo todo. Desprende un cheiriño moi agradable e un gusto doce; o seu hábitat son os bosques



Boletus edulis

caducifolios, de coníferas, pero tamén se dá moi ben en carballo americano ou en piñeiro de Monterrei.



Hydnum repandum. Himenio con aguillóns

E agora toca falar doutro cogomelo cun curioso himenio, neste caso formado por aguillóns. Trátase do *Hydnum repandum*, coñecido coma lingua de ovella ou lingua de vaca. Pode chegar ata os 10cm ou máis; as cores dominantes do sombreiro son do branco crema ata tons laranxas, o pé soe ser excéntrico, non ten un cheiro definido pero si agradábel. Trátase doutro cogomelo que o podemos atopar en calquera hábitat, coma soutos, carballeiras, piñeirais, sobreiras, e tamén en eucaliptais. É un bo comestíbel. Aos exemplares vellos é recomendable tirarlles os aguillóns pois resultan amargos, e tamén desta maneira contribuímos a espallar as esporas no monte, xa que no caldeiro do lixo non van saír cogomelos.



E para rematar non me podía esquecer dun dos cogomelos máis coñecidos a nivel galego e que é moi abundante na Illa, a famosísima *Amanita muscaria*, rebentaboís, brincaboís, ou atolamoscas. O nome vén dado porque as vacas ou bois que as comen se poñen coma tol@s. Feroso cogomelo de sombreiro alaranxado-vermello cuns copións brancos característicos, ten as láminas, pé, anel, e volva de cor branca. É un cogomelo tóxico-alucinógeno, tamén popularmente coñecido como o cogomelo dos ananos.

Espero con estes pequenos apuntes poder ensinarvos algo deste mundo tan apaixonante coma son os cogomelos, dos cales estamos todos os días descubrindo algún que outro novo, e por se vos serve de referencia dicirvos que en Galiza se teñen datos dunhas dúas mil especies de cogomelos aproximadamente, case nada.



Amanita muscaria

Diferentes himenios dun cogomelo: Láminas, poros e pregues.



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

SITUACIÓN DO LOBO (*CANIS LUPUS*) NA PENÍNSULA DO GROVE E NAS RÍAS BAIXAS

Por: Cosme D. Romay e Antonio Fontoira

Meloxo, 14. 36980 O Grove (Galicia). cdromay@gmail.com
Conricado, 12. 36980 O Grove (Galicia). antonio.fongar@gmail.com

INTRODUCCIÓN

O lobo *Canis lupus* Linnaeus, 1758 é un cánido (*Carnivora: Canidae*) de distribución holártica, que ten unha presenza descontinua na metade norte da Península Ibérica, ademais de Sierra Morena (Andalucía/Castilla-La Mancha) (Blanco *et al.*, 1990, 2002). En 2005 estimouse que existían na Península Ibérica arredor de 322 grupos familiares (254 confirmados e 68 probables) distribuídos en 140.000 km², concentrándose a maior parte dos efectivos no cuadrante noroeste (Álvarez *et al.*, 2005). En Galicia, entre 1999 e 2003, confirmouse a presenza de 68 grupos familiares de lobos (60 seguros e 8 probables) (Llaneza *et al.*, 2005). Nese período, a área ocupada polo lobo en Galicia sería duns 25.000 km² (85% do territorio), cunha densidade media de 1,68–2,49 individuos/100 km², distribuíndose por case todo o país agás na faixa litoral (aínda que é relativamente frecuente na Costa da Morte), e faltando ademais de certas áreas do oeste da provincia de Pontevedra e centro da Coruña (Penas-Patiño, 1985; Bárcena, 1990; Chouza & Cid, 1995; Blanco *et al.*, 2002; Llaneza *et al.*, 2005). No presente artigo faise unha revisión da situación da especie nas Rías Baixas e en especial na península do Grove, presentando o único rexistro documentado da especie neste último lugar.

ÁREA DE ESTUDO E MÉTODOS

Considerouse como pertencentes ás Rías Baixas todos aqueles concellos litorais

e os inmediatamente adxacentes a estes nas provincias da Coruña e Pontevedra (W Galicia), entre Muros (42° 44' N, 09° 02' W) e A Guarda (41° 52' N, 08° 54' W). Prestouse especial atención ao concello do Grove (42° 28' N, 08° 54' W).

Obtívose información relativa a esta especie nesta área mediante unha revisión da bibliografía dispoñible e con base á recollida extensiva de testemuños de habitantes de zonas rurais da península do Grove, durante os derradeiros 15 anos.

RESULTADOS E DISCUSIÓN

O lobo está hoxe en día ausente das Rías Baixas, obténdose as derradeiras mencións no ano 1984 nos montes do Castrove (Meis/Poio) e Xiabre (Vilagarcía de Arousa/Caldas de Reis), e no ano 1986 na península do



Figura 1. Lobo (*Canis lupus*), quizais adulto, morto no ano 1966 no Arroxo, San Vicente do Grove (comarca do Salnés), á súa chegada á vila do Grove. (c) José Luís Ochoa Álvarez

Morrazo (Bárcena, 1990). Con todo, diversas observacións falan da pervivencia ata (ao menos) o ano 2005 dun pequeno núcleo nos montes de Lousame, Rianxo e Dodro, na zona oriental da península do Barbanza (V.



Figura 2. Lobo (*Canis lupus*), quizais adulto, morto no ano 1966 no Arroxelo, San Vicente do Grove (comarca do Salnés), pouco despois de ser abatido. (c) José Luís Ochoa

com. pers.; A. Martín, com. pers.). Semella que a gandería cabalar extensiva nestes montes (potencial fonte de alimento) permitiu a pervivencia do lobo no lugar (V. Sazatornil, com. pers.).

A presenza do lobo nas Rías Baixas parece coñecida desde antigo, unha vez que existen topónimos asinables a esta especie nos concellos de Porto do Son (9 lugares), Lousame (5), Ribeira (5), Cambados (4), Pontevedra (1) e O Grove (5) (SITGA-IDEG, 2009). Neste último concello, e tamén no veciño municipio de Sanxenxo, existen referencias vagas da súa presenza na primeira metade do século XX, que falan de exemplares que atacaban moi ocasionalmente ao gando (ovellas) e logo desaparecían. A derradeira mención é a única ben documentada: na parroquia de San Vicente do Grove, no ano 1966, dous exemplares mataron varias ovellas aos veciños; tras unha batida, localizaron e mataron un lobo no Arroxelo (preto da baixada a Con Negro), e o outro exemplar conseguiu escapar. O cadáver do lobo foi levado á vila do Grove e despois sería pendurado ao público nunha árbore na concorrida praza do Corgo (Figuras 1-2). Non existen evidencias de presenza de lobo posteriores a esta captura. Os exemplares observados no Grove en 1966 probablemente foran divagantes en busca de alimento procedentes dalgunha das manadas asentadas nos montes do Castrove ou Xiabre, a unha distancia de 20 km do Grove.

AGRADECEMENTOS

A José Luís Ochoa Alvarez pola amable cesión das fotos. A José Manuel Martínez Fernández, Rubén Portas Pérez (ASCEL), Víctor Sazatornil e Alejandro Martín Rois polos seus comentarios.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVARES, F., BARROSO, I., BLANCO, J. C., CORREIA, J., CORTÉS, Y., COSTA, L., LLANEZA, L., MOREIRA, L., NASCIMENTO, J., PALACIOS, V., PETRUCCI-FONSECA, F., PIMENTA, V., ROQUE, S. & SANTOS, E. (2005). *Wolf status and conservation in the Iberian Peninsula*. International Congress Frontiers of Wolf Recovery, October 1-4, 2005. Colorado Springs, Colorado.
- BÁRCENA, F. (1990). El lobo en Galicia. In: J. C. Blanco, L. Cuesta & S. Reig: *El lobo (Canis lupus) en España. Situación, problemática y apuntes sobre su ecología*, pp. 11-18. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación-ICONA, Madrid.
- BLANCO, J. C.; CUESTA, L. & REIG, S. (1990). El lobo (*Canis lupus*) en España. Situación problemática y apuntes sobre su ecología. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación-ICONA, Madrid.
- BLANCO, J. C.; SÁENZ DE BURUAGA, M. & LLANEZA, L. (2002). *Canis lupus* Linnaeus, 1758. Pp. 234-237. En: L. J. Palomo & J. Gisbert (Ed.): *Atlas de los Mamíferos terrestres de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-SECEM-SECEMU, Madrid.
- CHOUZA, M. & CID, R. (1995). *Mamíferos*. En: X. M. Penas-Patiño, J. Guitián, Z. López, & E. Álvarez (Ed.): *Atlas de vertebrados terrestres de Galicia. Tomo II: Peixes, Anfíbios, Réptiles e Mamíferos*. Consello da Cultura Galega – Sociedade Galega de Historia Natural, Santiago de Compostela.
- LLANEZA, L.; PALACIOS, V.; ÁLVAREZ, F.; ORDIZ, A.; UZAL, A.; SIERRA, P. & SAZATORNIL, V. (2005). *Situación del lobo ibérico en Galicia*. II Congreso Luso-Español sobre o Lobo Ibérico. Castelo Branco (Portugal). 10-13 de novembro de 2005.
- PENAS PATIÑO, X. M. (1985). *O lobo*. Voceiro de divulgación nº4. Sociedade Galega de Historia Natural, Santiago de Compostela.
- SITGA-IDEG (2009). Toponimia de Galicia. URL: <<http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado>> [12.09.09].

MERGULLANDO NO "CORDERO GONZÁLEZ" NA ILLA DE ONS

Por: Yago Abilleira Crespo

Recordo que ese día estábamos moi ilusionados. Rafa, a alma do Club, conseguira que un mariñeiro lle dera a posición dun naufraxio, fronte á praia de Melide. A situación non era para menos. Seríamos os primeiros que mergullaríamos nese pecio. Non sabíamos nin que tipo de barco era, nin como estaba, nin se habería moitas redes enganchadas,... íamos ser auténticos exploradores e estábamos ansiosos por desvelar o misterio.



Mergullador

A profundidade, segundo a carta, roldaba os 30 metros, era moita pero non demasiada. Iso, unido ao feito de non saber que habería abaixo, fixo que decidíramos que so baixarían mergulladores experimentados. O primeiro a seguridade, despois xa se vería se se podería levar a máis xente.



Restos do Cordero González


Chegou o día, fomos ata Ons, atracamos no peirao para facer o papelame, e dirixímonos cara a Melide. Fixemos unhas pasadas ben atentos á sonda, para asegurar a posición do afundimento e para botar a áncora nunha zona limpa e así non perdela. Fondeamos, preparámonos, fixemos os equipos, acordamos o protocolo de seguridade e... ¡já auga!

A medida que descendíamos, démonos conta de que a visibilidade era mala. Había moita partícula en suspensión e agrupámonos máis, para non perdernos de vista. Chegamos ao fondo, que era de lama (de aí a escasa visibilidade) e seguimos o compás para chegar ao pecio... Ante nós foi aparecendo unha montaña de tubos, pranchas de ferro, trabellos ¡estábamos no naufraxio!. O primeiro que nos veu a cabeza foi ter a certeza de que éramos os primeiros en mergullar alí. Había focos, ollos de boi, pezas soltas,... cousas que os mergulladores sen escrúpulos levan sen ningún problema, deixando o pecio baleiro e sen Historia.



Maquinillo

Nesa primeira inmersión estivemos tratando de identificar as partes do barco para situarnos. Aquilo era un verdadeiro caos. Non sabíamos onde estaba a proa, a popa, babor nin estribor. Polos maquinillos que atopamos sabíamos que era un pesqueiro, e de bo tamaño, pero pouco máis... ate que, case ao final do mergullo, vimos unhas letras co nome do barco, "RO", nada máis. A esa profundidade o aire esgótase moi pronto e tivemos que volver á ancora, comezar o ascenso lentamente, e facer as paradas de descompresión. Pese ás gafas e aos aparatos de mergullo, podía-se ver que estábamos asombrados e felices. O pecio xa non era descoñecido.



Letras

Evidentemente, a nosa principal preocupación (case obsesión), foi identificar o afundimento. Para iso nada mellor que o magnífico libro "Naufragios en las Rías Bajas" do prolífico Lino Pazos. Segundo Lino, pola zona había 3 ou 4 naufraxios, pero só un que tivera "RO" no nome: O "Cordero González". No libro tamén viña a súa historia.


O "Cordero González" era un pesqueiro de 163 toneladas que tivo unha colisión fatal co tamén pesqueiro "Playa de Aldán" que acabou por mandar ao "Cordero" ao fondo o 31 de Agosto de 1975. Por fortuna non houbo vítimas, o que nos aliviou, xa que a ninguén lle gusta molestar aos mortos. Tentouse recuperar o barco arrastrándoo polo fondo ata a praia de Melide, pero non puido ser. A prensa da época dicía que igual o voaban con dinamita, por ser un perigo para a pesca.

Grazas ao libro de Lino puidemos corroborar dobremente a identidade do barco. Non só o nome coincidía, senón a súa historia e características. O pecio non puido ser recuperado porque, en

realidade, ao arrastralo polo fondo, chegou ata unha liña de rochas que non puido superar. O naufraxio está pegado a unhas rochas que apenas sobresaen medio metro do fondo. De feito sorprendeunos que fora a afundirse xusto alí, pero agora sabemos o por qué da súa curiosa posición.



Lino tamén comenta que o casco do “Cordero” era de madeira, o que aclarou a maior incógnita dos restos: O increíble caos que hai alí abaixo. Con ese dato as cousas coincidiron, o casco era de madeira, certo, pero o interior (compartimentos, estrutura e ponte) era de ferro. Ao afundirse o pesqueiro, a madeira terminou podrecendo e os compartimentos foron espallándose polo fondo, coma unha figura de gobeletes(pezas) que fan os nenos e logo a destrúen. Tamén explicaba os abundantes restos de madeira que hai na zona. O posible uso da dinamita tamén axudaría a aumentar esa desorde.



Volvemos 3 veces alí, e habemos de volver máis veces. Cada vez que baixamos descubrimos cousas novas, e estamos comezando a situarnos.

Por fortuna, non é tan perigoso como críamos: Apenas ten redes enganchadas nin aparellos de pesca, non ten zonas profundas nas que internarse, polo que a xente non se quedará atrapada dentro. Tampouco ten moitos ferros cortantes, nin ameza con derrubarse. O feito de estar afastado da costa, impide que o mar leve ás zodiacs ou á xente contra os cantís.



Como conclusión, pódese asegurar que na praia de Melide están os restos dun pesqueiro nun increíble estado de conservación. Ao estar situado na cara “de dentro”, está máis protexido do mar e do vento, permitindo que sexa visitado inda con algo de mal tempo. É certo que é un peccio para mergulladores experimentados pero, como comprobamos nas posteriores visitas ao naufraxio, a xente queda moi contenta de poder ver un afundimento tan completo. O “Cordero González” ben pode converterse nun atractivo turístico. Nin Cíes nin Sálvora teñen naufraxios nesas condicións. Inda máis, ao estar ao alcance duns poucos mergulladores, dálle máis valor xa que alí “non pode ir calquera”, o que significa que visitar o “Cordero” é unha especie de recoñecemento aos bos mergulladores. Se a xente quere ver restos a pouca fondura, que vaia ao submarino da Freitosa ou ao patrulleiro francés de Onza; o “Cordero González” só é para expertos.



O malo é que resulta moi tentador para aqueles que lles gusta “levar un recordo” (bonita maneira de dicir “Roubar”). O Parque debería de levar un bo control da xente que o mergulla, para pedir explicacións por se desaparecese algo.

Nota: Fotografías por cortesía do Club de Buceo Ons.



Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483

¿UNHA NOVA EMBARCACIÓN NOS PETRÓGLIFOS DA COSTA DE OIA?

Por: Cándido Verde Andrés e Fernando Javier Costas Goberna

O repertorio dos petróglifos da serra da Grova no Suroeste galaico, continua a ofrecer mostras da singularidade da Arte Rupestre do Noroeste peninsular ibérico nesta área xeográfica, como se reflicte na aproximación que facemos a una das mais recentes localizacións..

1. Alto das Veigas. Mougás. Os gravados rupestres que presentamos nestas páxinas atópanse non lonxe da pista – pola parte d arriba dela- que arrancando no refuxio de cazadores de Mougás chega ata “o curro”. Nesta área xa coñecíamos a existencia de gravados no lugar do *Alto das Veigas* á beira da pista, configurados por unha figura de certa complexidade definida por un óvalo irregular asociado a unha figura irregular hexagonal da que parten ou chegan diversos trazos¹.

Precisamente ao Nordeste² dos gravados xa coñecidos, é onde atopamos este novo conxunto, nunha zona en que son abundantes os restos de rochas con restos mellor ou peor conservados de covañas, círculos, liñas etc. cara ao occidente do conxunto de mámoas de *Cruz de Pau* da parroquia de Viladesuso.

1.1. Alto das Veigas II, Mougás. Panel 1A.- Os gravados distribúense por un afloramento granítico con pegadas de cantería, que destaca no terreo sobre todo na zona occidental. Ao Norte na zona máis elevada do conxunto, liñas que parecen arrancar nunha cazoleta central, van rodeando as protuberancias e resaltes da rocha configurando unha composición circular e que, nos seus compartimentos, presenta algunhas covañas, Esta gran composición circular amosa cara ao Sur unha ramificación asociada a unha figura rectangular axadrezada. Nesta mesma zona completa o repertorio algunha covaña e unha pequena figura semellante a representación dun “lazo”.

1.2. Alto das veigas II, Mougás. Panel 1B.- Este panel ocupa a parte Sur - Occidental do conxunto granítico. Na zona inferior esquerda, na parte con mais pendente, aparecen algunhas figuras de carácter circular irregular, e algunha que nos fai lembrar aos denominados pectiniforme, en calquera caso todas de difícil lectura debido ao mal estado de conservación no que se atopan os gravados.

Pero o máis relevante ven a darse na parte superior, onde temos nunha zona de superficie horizontal, un grupo de sete covañas dispostas do xeito seguinte: 4 de elas en arco, e dúas nunha liña imaxinaria perpendicular a el. Unha sétima covaña máis á dereita e a máis grande aparece preto dunha controvertida figura definida por unha base composta por unha figura rectangular na que a liña inferior se prolonga sinuosa cara á esquerda e tendendo cara á verticalidade. No centro do rectángulo unha liña vertical e perpendicular á base, prolóngase cara arriba “pinchando” unha figura semellante a unha media lúa. Algunhas covañas se aprecian con claridade á esquerda desta figura, e algunha liña na parte superior completa o repertorio.

Algunhas covañas semicubertas pola vexetación distribúense polo resto das rochas do conxunto.

1.3. A interpretación da figura do panel 1b do grupo II do Alto das Veigas en Mougás coma unha embarcación. Non podemos atopar ningún elemento ata estas datas no repertorio iconográfico dos petróglifos do NO da península Ibérica, semellante á figura principal do panel 1b do grupo do Alto das Veigas II nos montes da parroquia de Mougás no concello pontevedrés de Oia. E aínda que con reservas, como deixamos exposto en páxinas anteriores cando nos ocupamos da descrición dos gravados desta superficie, a figura definida por un pequeno rectángulo, finalizando na parte esquerda nunha liña curta dirixida cara arriba como prolongación da proa a modo de roda, podemos asociala a representacións semellantes interpretadas como reproducións de embarcacións.

A presenza de embarcacións na costa Suroeste galaica de Oia, está xa documentada ata esta data polas tres figuras

¹ 42° 03' 13" N, 8° 51' 16,5" O, altitude 405 m, segundo José M^a Mora

² 42° 03' 21" N, 8° 31' 063" O, altitude 452 m, segundo José M^a Mora

das inmediacións do río Vilar; as dúas do excepcional panel de Auga dos Cebros I e a solitaria da estación do Viveiro, todas elas na parroquia de Pedornes³. Pero é certo tamén que as características das representacións destas embarcacións son diferentes da figura que nos ocupa nestas páxinas.

A figura de Alto das Veigas II preséntanos a dificultade de asociala coa iconografía coñecida nos modelos atlánticos da zona escandinava, xa que as embarcacións do Norte de Europa presentan unhas características diferentes na representación da roda e codaste con respecto á nosa ademais da ausencia de calquera elemento relacionado co uso do vento como forza propulsora, no caso das nórdicas.

E fuxindo de buscar paralelismos co numeroso grupo de figuras de barcos, distribuído por todo o mundo da arte rupestre con asimilacións cronolóxicas problemáticas, si que podemos atopar algún tipo de semellanza con algunhas no Mediterráneo oriental, concretamente coas figuras incisas reflectidas nas pezas cerámicas denominadas como “frying-pan” nas culturas do Exeo, concretamente na cicládica de

³ Costas Goberna, FJ.; Peña Santos, A.. Glaucois n° 11. Oia. Arte Rupestre y Embarcaciones en la Prehistoria de Galicia. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Vigo. 2005: 185-223.

Costas Goberna, FJ.; Peña Santos, A.. Glaucois n° 12. Las Embarcaciones de los Petroglifos de Oia y los Tesoros del libro de San Cipriano. Vigo. 2006: 277-292.

⁴ Das interesantes pezas profusamente decoradas coñecidas como “frying-pan” (literalmente “tixolas”) da cultura Keros-Syros das illas Cícladas gregas, pódense contemplar unha boa mostra no Museo Nacional de Atenas, e no Museo Marítimo de Chania existe unha reprodución a escala do modelo.

VIGIE, B. Les representations des bateaux dans le bassin Méditerranéen aux temps protohistoriques. Navigation et gens de mer en Méditerranée. Maison de la Méditerranée cahier n° 3. París. 1980. pp. 17-32


Keros-Syros do III milenio a.C. con figuras de embarcacións estilizadas de casco estreito e con indicación de roda tendente a verticalidade⁴, e con ausencia de codaste; modelo ao que parece corresponder tamén un gravado rupestre da illa de Naxos, embarcación que aparece asociada a unha representación de figura humana e un zoomorfo.

Interpretando a figura como unha embarcación xorde a pregunta: e cal vén sendo o papel da figura da liña vertical que saíndo do centro da base se asocia na parte superior a unha especie de media lúa?. Resulta complicado facer unha interpretación con certeza. Podemos pensar nunha representación antropomorfa?.

Sí descartamos a posibilidade de tratarse dunha figura humana, esta combinación a primeira vista fainos pensar que podería tratarse dunha media lúa, e tomándonos a liberdade de desdramatizar o asunto, poderíamos dicir que presenta o aspecto dunha *media lúa pinchada nun pau*, ao que poderíamos engadir que está sendo transportada por unha embarcación⁵, xa que certo é en calquera caso que as figuras que poderíamos asociar a representacións de tipo astral como soliformes ou estrelas son coñecidas nalgunhas superficies dos petróglifos galaicos⁶.

⁵ Isto poderíanos levar a caer na tentación de fantasiar e imaxinar que estamos ante unha escena na que a lúa é levada por unha “barca” cara ás coviñas que representarían algunha constelación identificada e coñecida polos autores...? Aínda que tamén se podería pensar que non se trata de ningunha embarcación senón dunha serpe que transportara a lúa...? Como vemos as posibilidades especulativas son diversas.

⁶ GARCÍA ALÉN, A. y PEÑA SANTOS, A. de la: Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, pp. 29. Por poñer un exemplo podemos citar a inequívoca figura estreliforme de catro puntas da superficie do grupo I de Parada en San Isidro de Montes en Campo Lameiro, con unha orientación clara N-S, L-O.



Calco sobre soporte de papel da controvertida figura de Mougás

Pero atendendo á interpretación mais lóxica, si aceptamos estar diante da representación dalgún tipo de barco, sería a de que a “media lúa” asociada ao trazo perpendicular non sería tal, e a liña vertical correspondería ao mastro e a suposta media lúa podería tratarse da reprodución da vela medio recollida, ou embolsando o vento; outra posibilidade



Embarcación nunha frying-pan de Keros-Syros 2800-2300 BC Grecia

coa que poderíamos especular é que podería tratarse dunha representación arboriforme, o que nos levaría a pensar na posibilidade de tratarse dunha embarcación primitiva na que a vela é substituída de forma rudimentaria pola utilización dunha árbore sobre a cuberta, coma nos exemplos deste tipo de sobra coñecidos na segunda metade do III milenio a.C. nas embarcacións dos vasos exipcios do período Gerzean⁷.

Do Mediterráneo tamén, e mais próximas, atopamos unha certa semellanza, aínda que de lonxe na indicación de elementos alusivos ao uso de vela, nas figuras gravadas no

complejo funerario da “torre del Ram” pertencente ao denominado Bronce naviforme balear⁸.

Concluindo, as primeiras impresións da figura de Alto das Veigas II, son as de que a súa semellanza é notable con figuras de embarcacións coñecidas de casco estreito, e roda pronunciada con indicación de mastro e posible vela, quedándonos a dúbida de se se trata duna representación arboriforme a modo de vela primitiva, ou se trata da representación da vela semirrecollida ou embolsando vento. A marcada rectangularidade na representación do corpo da embarcación poderíanos facer pensar que estamos ante un modelo de similares características a unha balsa.

A presenza de embarcacións nos gravados rupestres nesta área xeográfica, é sobradamente coñecida no conxunto de Auga dos Cebros en Pedornes, Oia, como xa reflectimos tamén dende as páxinas de números anteriores de AUNIOS.

4. Bibliografía citada

COSTAS GOBERNA, F.J.; PEÑA SANTOS, A.. 2005:Oia. Arte Rupestre y Embarcaciones en la Prehistoria de Galicia. 2005: Glaucois nº 11. Vigo.

2006: Las Embarcaciones de los Petroglifos de Oia y los Tesoros del libro de San Cipriano. Glaucois nº 12. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Vigo.

COSTAS GOBERNA, F.J. y PEREIRA GARCIA, E. 2006: “Los Petroglifos de “A Cabeciña” en Mougás. Oia-Pontevedra”. Glaucois. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses, 12. Vigo, 2006

FABRE, DAVID

2004-2005: Seafaring in ancient Egypt. London. GARCÍA ALÉN, A. y PEÑA SANTOS, A. de la: 1980: Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña.

GUERRERO AYUSO, Victor M.

2006: Nautas baleáricas durante la Prehistoria. (parte II). De la iconografía naval a las fuentes históricas. PYRENAE 37-2. Barcelona.

LANDSTRÖN, B.:

1964: El Buque. Barcelona.

VIGIE, B.

1980 : Les representations des bateaux dans le bassin Méditerranéen aux temps protohistoriques. Navigation e gens de mer en Méditerranée. Maison de la Méditerranée cahier nº 3. París.

⁷ FABRE, David. Seafaring in ancient Egypt. London 2004-2005. pp. 91,92,112,113,114.

⁸ Guerrero Ayuso, Victor M. PYRENAE 37-2. Nautas baleáricas durante la Prehistoria. (parte II). De la iconografía naval a las fuentes históricas. Barcelona. 2006: 7-45.

HORROROSA CATÁSTROFE MARÍTIMA

Por: Ramón Soage Vidal

O naufraxio do barco "Santa Isabel" ocorrido ás 2 da mañá do día 2 de xaneiro de 1921 á entrada da baía de Vilagarcía. Este barco foi construído en Cádiz en 1916 e desprazaba 3.500 toneladas. Pertencía á Compañía Transatlántica Española.

Sagrada Virgen del Carmen,
consuelo del marinero,
dame tu gracia, señora,
porque sin ella no puedo
dar principio a esta historia
ni referir el suceso
tan grande y tan lastimoso
que al oírlo causa miedo.

Oh que día desgraciado
fue el día 2 de Enero
que en las costas de Galicia
dejó tan triste recuerdo.




España entera se aflige,
y luto visten sus pueblos
al recordar el naufragio
donde tantos perecieron.

El vapor "Santa Isabel"
era un barco muy moderno
y venía de Bilbao
muy cargado de viajeros,
tomando en la Coruña
y en algunos otros puertos
carga para la Argentina
y muchísimos viajeros.

De la Coruña han salido
el día uno de Enero
a la una de la tarde
camino del cementerio,
que así le llaman el sitio
donde ocurrió el siniestro,
por otros muchos vapores
que allí también se perdieron.

Peleando con el mar
el "Santa Isabel" caminaba,
y con el fuerte huracán
que de muerte amenazaba.

El mar estaba encrespado,
y la fuerte marejada,
con su terrible oleaje,
contra el barco se estrellaba.



La noche con sus tinieblas,
en lo profundo ocultaba
el barco, que varias veces
bajo las olas quedaba

Cerca de Villagarcía,
¡oh maldita marejada!
le lleva contra el peñasco
donde ninguno se salva.

Viendo tan grande peligro
toda la gente asustada
desde el mismo camarote
auxilio al cielo clamaba.

Muchos claman por sus madres
viendo la muerte cercana,
y otros piden clemencia
a la virgen soberana.

El capitán del vapor,
García Núñez se llama,
al ver tan grande peligro
al punto les avisaba:

Que pidieran los auxilios
que la caridad nos manda;
y a todos los viajeros
les dio señales de alarma

Al chocar el "Isabel"
al medio rompió su casco,
quedando toda su gente
llena de terror y espanto.

Todas sus habitaciones
al punto se llenan de agua,
y entre el terrible oleaje
el "Isabel" naufragaba.

Desde el cabo Finisterre
un telegrama mandaban
preguntando al "Isabel"
en que sitio se encontraba;
pero el barco desgraciado
ya no pudo contestar
porque ya se encontraba
en los abismos del mar.

AS CHATAS DE O GROVE (II parte)

Por: Celestino Pardellas de Blas


No número anterior desta revista, tocabamos en primicia o tema das Chatas como elemento cultural. A idea xurdiu dunha iniciativa dos profesores e alumnos do colexio Rosalía de Castro de O Grove hai máis dunha década e que os responsables desta revista retomaron por consideralo un elo importantísimo da cultura popular meca.

O artigo tivo un enorme éxito entre a poboación grovese e non faltaron os que se puxeron en contacto connosco para ir aumentando o número de Chatas. (Agradecemento a Javier Fernández Soutullo, Lavandeiro, Xermade, Monchito mi-mi...)

Nesta entrega traemos todas aquelas que durante un ano fomos recompilando, facilitadas por numerosos groveses. Somos conscientes que aínda faltan un bo número delas, sobre todo de lugares como Ardía ou da parroquia de San Vicente. Temos colaboradores que están recompilándoas, pero decidimos que non entren neste número e deixámolas para o próximo, onde faremos un amplo artigo sobre o tema, e no que sairán todas.

Sería moi interesante (coidamos que dende a concellaría de cultura do concello de O Grove xa están a elo) que este importante anaco da cultura popular grovese non quede no esquecemento e que se lle dedicaran todos os esforzos necesarios para estudar ao completo as Chatas. Sería un importante aporte á historia e á cultura de O Grove, pois detrás de cada Chata hai unha persoa e unha historia.

A	Bravo	Cueiras	I	Mis escuelas	O do Barrantes	Patacón	S
A da Estrella	Budi	Culí	Ingeniero Paletas	Mixirica	O do Brasil	Patajalana	Saco de lios
A da Farmacia		Curela	Italiano	Manolo e medio	O do Caribe	Patajarvosa	Senra
A das Baladas	C	Cuxi Cuxi		Morrillero	O do Leite	Pataquiña	Senriñas
A de Leiro	Cabesiña		J	Mucha	O do Porto	Patiños	Sepelín
A de Lira	Cabesuda	D	Jabarú		O do Sagaró	Patita	Serrador
A de Mañas	Cabeza de lado	da Veiga Grande	Japito	N	O do Scorpio	Patote	Serronca
A de Vedrines	Cachicho	Danielo	Japonés	Naranjito	O do Sirena	Paxaro	Sobriño
A do Cruseiro	Cachote	De Campos	Jaragea	Naranxos	O do Touris	Pedal	Sueños
A do Cura	Cachova	Deprado	Jaroto	Neira	O dos Pinchos	Petaquiña	
A la Horca	Cacolo	Duro	Jasiosas	Nejra	O Loco	Pinocho	T
A Mexicana	Caderas		Jatuno	Ninchica	O Moraña	Pirrincho	Tejiño
A Motora	Cajanacuncha	E	Jipi	Nisco	O Protestante	Pirronja	Talucas
A Nocra	Calucas	España	Jurriche	Nocha	O Rabizo	Pisaovos	Tamanaco
A Pava	Camarón	Espejito		Noxe	O Rodiño	Pistón	Tapas variadas
A Roca	Candiducho	Espirinoco	L		os Cejos	Pitroca	Tarana
A Rubia	Cantinflas	Estanqueira	Laxiñas	N	os da Costa	Plomo	Tarasido
A Santa	Capea	Estoño	Lechero	Ñaca	os da Fonte	Pocha	Tequila
A Sirila	Carballo		Lulo		os da Granxa	Poliño	Tirilán
A Teodora	Carenas	F	Luna	O	Oveira		Torollo
Abelleira	Carrelas	Fejeiro	Lute	O Barbeiro		Q	Traila
Alcapone	Casolas	Felicianos		O Camiña		Que chova	Trampas
Amorroutu	Castellano	Fernandiño	M	O Carlños		Queridiño	Trosko
Ancho de Campos	Castrelana	Fijeira	Maceiras	O Caseiro	P	Quero crecer	
Ares	Chalinas	Florentino	Maillo	O Carteiro	Palos	Quincucho	V
Arrouxelo	Cheifou	Fofó	Mandias	O Coxo	Pasito	Quinso	Vedrines
As Bravas	Chesqui		Manos	O da Graña	Pichanejra	Quiscos	Veixiña
Atilano	Chosco	G	Marra	O da Torre	Pichiñas		Vilacho
Ave Fria	Chosquiño Leré	Gemelo	Masa	O da Villavella	Plateiro	R	
	Chovín	Gin	Mazarico	O das Baladas	Potera	Raña	X
B	Coca	Grañeiro	Mechero	O das Gaseosas	Panchós	Ratoverde	Xamba
Bala Roja	Colate	Guillán	Mediasaia	O de Aurita	Perera	Relou	Xeveiro
Bilico	Come a bulto		Melenas	O de Mafre	Paca culos	Requeté	Xirín
Biribiri	Cortapisas	H	Mexiñas	O de Ramos	Pacolín	Ricocha	
Bixote	Costureiro	Calatrava	Milucho	O de Villajuanita	Panocha	Rufán	Y
					Parrandeiro		Yashín
					Pasa por allá		Z
							Zamora



ONS: PROPIEDAD - ADMINISTRACIONES - VECIÑOS (II) "SÉCULO XX"

Por: Celestino Pardellas de Blas

No número anterior desta revista (AUNIOS nº14) despois de facer unha mínima análise da Propiedade da Illa de Ons dende o ano 899, rematabamos a principios do século XX coa seguinte conclusión:

CONCLUSIÓN DESTA PRIMEIRA ENTREGA

Á vista de todo o exposto, podó atreverme a sacar como conclusión:

- Se cando a Igrexa, a finais do século XIX, non cedeu por medio de documento ao Marqués de Valladares a posesión da Illa.
- Se o Estado, debido ás leis desamortizadoras, no deu ao Marqués ningún título de pertenza.
- Se a familia Montenegro non pode alegar, con documentación, que cumpriu cos requisitos esixidos no foro do século XVI.
- Se o expediente posesorio que outorgaron a favor de don Fernando Quiñones de León non ten a documentación clara a favor deste para poderse realizar.

- Se para ese expediente a favor, alegaron, como sucesores da familia Montenegro, o seguir co foro, tiñan que ter en conta dúas cláusulas ben claras e obrigatorias deste: *Non se podía vender, nin hipotecar*. ...


Todo o acontecido posteriormente, como a inscrición no Rexistro da Propiedade da Illa de Ons a favor de Fernando Quiñones e Marina Whyte, é **totalmente ilegal**.

Se esta ilegalidade se pode demostrar, o único dono da Illa de Ons é o **ARCEBISPADO** e os **DESCENDENTES** dos **VECIÑOS** que mercaron as <accións de primeira clase>, xa que, segundo a documentación existente e consultada por Salustiano Portela Pazos, compraron co visto e prace da propia Igrexa, como única dona daquela, e fixérono de boa fe.

PRINCIPIOS DO SÉCULO XX. (de 1919 a 1943)

Diciamos na anterior entrega que o 3 de febreiro de 1919, Fernando Quiñones, conde de Mochales, e a súa esposa Mariana Whyte, venden as súas participacións na Illa a don Manuel Riobó Guimeráns e a don Marcial Bernadal, veciño de Ons. Despois de certas desavinzas entre eles, queda como único dono o Sr. Riobó que concertou sobre ela varias hipotecas e creou unha Sociedade Mercantil xunto ao seu fillo Didio Riobó volvendo logo de novo a concertar outra hipoteca co Banco Hipotecario sobre esa Sociedade...

Cunha documentación anterior ben confusa e, como expuxen, coido que ilegal, o certo é que (así o temos que crer), a familia Riobó merca a Illa de Ons de boa fe, coidando que toda a documentación sobre a propiedade estaba en regra e era legal.



Derradeiro piorno de madeira do barrio de Pereiró. 1980

Que situación atopou Manuel Riobó na Illa?

- Unha antiga fábrica de salga que el transforma na súa vivenda e que prepara, xunto cos terreos próximos, nun

AGRADECEMENTO Á:



XUNTA DE GALICIA

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN
DO PLAN XACOBEO

secadoiro de polbo e congro (principalmente) para a súa compra, preparación e comercialización.

- Máis dun 60% dos terreos illáns arrendados aos veciños e que explotaban agricolamente, nos que construíran a súa vivenda cos seus cartos, pagando o material e aos traballadores que a fixeron.

- Un 40 %, aprox., de terreos dedicados a monte, a pasto ou traballados por veciños para o dono.

Dende que se fixera cargo da Illa o Marqués de Valladares, os veciños, chegando a un primeiro acordo con el, pagaban un arrendo polos terreos que traballaban, como xa fixeran en anos anteriores.

Aínda así, non todos estaban satisfeitos co pago, supoño porque se consideraban donos dos terreos¹ que traballaban e, como o Marqués cobraba o canon en especie (polo xeral millo e pataca) en anos de mala colleita xurdían problemas para facer efectivo o canon imposto.

Parece ser que polos anos 1919 – 1921, os problemas veciñais pola propiedade da terra rexorden de novo. Recordemos que xa no 1837 os illáns dirixíronse á Reina Gobernadora negándose a recoñecer a propiedade da Illa ao Marqués de Valladares. Cando a Illa foi vendida de novo, a idea de independencia reaparece e, entre o 1919 – 1921, houbo numerosos enfrontamentos que van x durar, pasando por intres moi difíciles, ata a proclamación da República.

Cando Didio Riobó toma ao seu cargo a “propiedade” de Ons, tampouco ollaba as cousas da propiedade moi claras. En entrevista publicada no xornal El Pueblo Gallego², Didio Riobó apuntaba: **“Aos veciños de Ons asísteos o dereito de propiedade das terras, pero a min, tal como está estruturada socialmente a República, tamén me asiste o dereito de non perder o capital alí empregado”.**

Os illáns diríxense ao goberno da República para que lles parcelen e repartan as terras que levan en arrendo, comprometéndose a abonarlle nun número determinado de anos ao Sr. Riobó os seus gastos.

Largo Caballero contestoulles, poñendo grande interese por resolver aquela petición colectiva e prometeu, no ano 1931, enviar a Ons unha Comisión para parcelar os terreos valorados.

A situación foi moi violenta por aqueles anos, xa que os illáns estaban convencidos da súa situación e o Sr. Riobó non estaba disposto a perder o alí invertido.

As circunstancias debían ser moi complicadas pois, mirando o Sr. Riobó a difícil situación que se estaba a crear,

enviou a documentación necesaria para que o Goberno resolvera axiña, xa que o pedían as dúas partes en conflito. Ademais era o único caso que se daba en Galicia, xa que a Reforma Agraria implantada pola República non alcanzaba a ningunha parte de Galicia, pois non había fincas que, pola súa extensión, foran consideradas coma latifundios. Pero, no caso da Illa de Ons, unida á de Onza, sumaban case 650 hectáreas e o límite sinalado pola Lei Agraria estaba nas 400 hectáreas.

Tamén se daba o caso de que si Ons entraba dentro da Lei Agraria, os veciños non tiñan nada que pagar pola propiedade das terras, pois os asentamentos eran gratuítos previa unha indemnización xusta do Estado ao propietario.

Relataba Joan Carballeira como Didio Riobó falara con el: **“... clara e terminantemente con una comprensión generosa del problema como seguramente se dará en pocos terratenientes...”** Cando referíndose aos veciños dicía: **“... El verdadero espíritu de ellos, como en general es el del campesino gallego, es llegar a ser propietarios. Entre parcelación y colectivización, francamente ansian lo primero. ... el campesino, sobre todo el de nuestra región tiene un fuerte sentimiento de propiedad imborrable, de raíz eterna. Esto no quiere decir, en el caso de Ons, que más tarde la necesidad del colectivismo la sientan ellos mismos creando un régimen de segura paz social. Pero ahora creo, por muchas cousas, más conveniente para ellos, la parcelación. Ya digo, ese es el deseo que les anima y ese también es el espíritu de la Ley Agraria. ...”**



Lucía Sampedro e Manolo Reiriz traballando a terra. 1974

Aínda que todo parecía presaxiar un final feliz para os veciños e para Riobó, o certo é que todo foron boas palabras tanto por Didio como polos persoeiros da República: **“...Pero de buenas palabras no pasaron. Prometió el ministro de Trabajo, prometió el ministro de Agricultura, prometieron los dos últimos gobernadores que pasaron por la provincia. Prometió tal cual diputado. Pero todo quedó en promesas. Un caso más de abandono e**

¹ Accións de Primeira Clase que mercaran. Mirar AUNIOS nº 14, páxs: 31 á 37. 2009

² Joan Carballeira. “Reportaje de actualidad: El problema social de la Isla de Ons”. El Pueblo Gallego. 1932

inercia por parte del centralismo ante las cosas de Galicia” remata dicindo Joan Carballeira.

Aquí miramos como o problema veciñal de Ons hoxe en día (2010) vén de moi antigo. As administracións, que puideron resolver un conflito tan importante como necesario e que daría a razón a quen verdadeiramente a ten, os veciños arrendatarios ou propietarios, pasan a pelota dun balcón a outro, prometen montes e moreas,...., pero ao final non son quen de buscar solucións xustas e axeitadas aos conflitos, ao igual que está a pasar nestes intres.

Terras labradas ao norte do Faro. 1965.



Mentres todo isto ocorría, en Ons, aínda que todo parecía normal, a tensión palpábase no ambiente. Os problemas de Didio Riobó cos veciños eran diarios. Relataban dous veciños a Joan Carballeira³: **“...Pues el amo nos está retirando el ganado sin duda porque no le vendemos el pulpo como veníamos haciendo hasta aquí. Porque verá, él nos tomaba el pulpo al precio de cotización en plaza en Bueu, pero ultimamente, fundándose en no se que cuestiones de transporte, nos pidió que le rebajásemos un real en cubeta. Y a eso no nos avenimos. Por eso, entendemos nosotros, nos quita ahora el ganado. Y sin ganado no podemos trabajar las tierras y de ser eso así nos veremos forzados a no abonarle la renta...”**. Así falaban ao periodista Joan Carballeira, por aquelas datas, varios veciños con problemas pola falla de gando que algúns tiñan para labrar as súas terras.

³ Joan Carballeira. “400 colonos isleños quieren las tierras. Una visita a los trabajadores de la Isla de Ons”. El Pueblo Gallego. 1933.

O tempo pasaba e Didio Riobó co seu negocio do polbo atopaba problemas na Illa con veciños e en Bueu cos Massó, e veu, na proclamación da República e polas súas ideas republicanas, no Programa de Reforma Agraria, unha boa solución para os conflitos de propiedade que tiña cos illáns e á vez unha solución aos posibles problemas económicos que lle estaban a xurdir. Pero estes, en vez de arranxarse, foron a máis culminando no 1936 co suicidio do Sr. Didio Riobó.

A partires de aquí e ata 1943 van uns anos estraños, non só polas consecuencias do estalido da Guerra Civil senón polo insólito da decisión da viúva de Didio Riobó de deixar como testamentario e administrador da Illa de Ons a un membro da familia Massó que, como contan, fora un dos seus inimigos ou, polo menos, adversario e competidor no tema da compra-venda da pesca. De todos os xeitos, durante eses anos, Massó seguiu as directrices marcadas anteriormente por Riobó, continuando coa Sociedade dedicada á compra de polbo e congro e cobrando o arrendo aos veciños polas terras illáns.

É de supoñer que ante o conflito bélico xurdido, polo medo á represión e ante o respecto que sentían pola potentada familia conserveira Massó de Bueu que agora facía de administradora, os veciños pararon na súa teima pola propiedade que case tiveran nas mans.

Á vez Massó, debido á necesidade que tiña o país de proverse de alimento, mirou na Illa e nas súas augas un lugar ideal de abastecemento de materia prima, polo que, a carón do polbo e congro que mercaba en maiores cantidades do que o facía Riobó, tamén compraba toda clase de peixe aos mariñeiros de Ons o que trouxo, aínda que din que mal o pagaban, un pequeno repunte económico para os illáns, tendo en conta os momentos tan duros que se estaban a vivir en toda España.

Chegado este intre debemos recapitular un pouco, xa que, a partires de aquí, vai cambiar radicalmente a “propiedade de Ons” que pasa a mans do Estado.

Que é logo o que temos sobre Ons ata 1943:

1º.- Unha dubidosa propiedade no 1919⁴.

⁴ Explicada dende o ano 899 na revista AUNIOS nº 14. 2008. por Celestino Pardellas de Blas.

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU



2º.- Esa propiedade, a Illa de Ons, é mercada en 1919 por un illán Marcial Bernadal e Manuel Riobó. Supoñemos, aínda que temos moitas dúbidas ao respecto, que de boa fe, é dicir, sen saber as irregularidades cometidas anteriormente con esa propiedade.

3º.- Xorde de novo unha revolta veciñal pola propiedade dos seus terreos.

4º.- O que reza como propietario, Didio Riobó, intenta buscar unha solución axeitada, quizais a mellor oportunidade que tiveron os veciños para acceder á propiedade, a Lei Agraria da República.

5º.- Aínda que as dúas partes estaban de acordo, a burocracia da República impediu que a Lei Agraria se puidera levar na Illa de Ons.

6º.- Suicidio do Sr. Didio Riobó no ano 1936 e o paso da administración da Illa a mans dos Massó ata 1943 en que é expropiada polo Ramo de Guerra.

“PROPIEDAD” DO ESTADO <A EXPROPIACIÓN>

No 1943 asínase definitivamente a expropiación de Ons que pasa a mans do Ramo de Guerra (Ministerio do Exército).

Que foi verdadeiramente o que levou ao Ramo de Guerra a expropiar a Illa de Ons? Teño que reconecer que non fun capaz de conseguir, non sei se existe, un documento oficial onde conste o motivo de dita expropiación.

Especulacións e teorías hai moitas, pero falta o documento oficial que avale unha desas teorías. Por que nos interesa saber o motivo? As razóns son obvias, se o motivo era por necesidade ou estratexia militar e precisaban totalmente <libre de cargas> a Illa, antes da expropiación, xa deberían ter buscada unha solución á problemática veciñal existente, pois en Ons vivían por esas datas unhas 63 familias e eses veciños non tiñan outra vivenda que a illán e estarían na obriga de realoxalos noutro lugar.

Á vez, tamén están os terreos que traballaban que, xunto coa pesca, era o seu medio de vida. Que solución lles ían a dar ás súas economías? A onde os ían a trasladar e montarlles unha nova vida tendo en conta os momentos difíciles polos que estaba pasando España, trala Guerra Civil e en plena II Guerra Mundial?

Xorden un cúmulo de preguntas para as que non temos resposta oficial, motivo polo que nos vemos na obriga de meternos no campo da especulación para xustificar, non só a expropiación, senón o motivo polo que en Ons non se levou a cabo ningún tipo de obra de carácter militar, nin foi utilizada

como punto estratéxico de defensa,..., só foi unha propiedade máis do Ministerio do Exército que, agás manobras, se dedicou só e exclusivamente a levar a súa administración.

No documento da expropiación, 1941, podemos ler, con respecto aos veciños. *“A los colonos para desalojarlos se ha de avisarle con un año agrícola de antelación”*⁵. En novo documento de data 29 de setembro de 1942 os propietarios fan entrega dos documentos esixidos, entre os que está: *“Copia de las notificaciones efectuadas a los colonos de dichas islas en veinticinco de agosto del año actual, previniéndoles la obligación en que se encuentran de desalojar aquellos terrenos y edificios cuando la Autoridad Militar así lo disponga...”*⁶

Xorden de novo unha serie de preguntas. Existe ese documento oficial onde quede demostrado que o propietario, e posteriormente o Ministerio do Exército, informaron aos veciños da expropiación e de que tiñan que abandonar a Illa? Refírome a unha notificación oficial onde conste a sinatura dos veciños conforme recibiron dito aviso e están informados da expropiación e de que teñen que abandonar a súa vivenda e as terras que cultivan nun prazo determinado.

De non existir ese documento, asinado por todos os veciños, cabe a posibilidade de que, de novo, se cometera unha ilegalidade, pois os veciños de Ons como arrendatarios históricos que o eran dende 1810-1815 e algúns como posibles propietarios (Accións de Primeira Clase), deberían ter, ante a expropiación dos terreos que traballan e da vivenda que habitan e que eles mesmos construíron cos seus cartos, a opción de alegar, de presentar a documentación necesaria ou de acudir aos tribunais para loitar polos seus posibles dereitos e, de non telos, esixir solucións axeitadas á gravísima

Traballando as terras na zona de Curro. 1975.



situación que se lles presentaba ao desaloxalos das súas casas e quitarlles un dos seus medios de vida, as terras que viñan traballando dende había máis dun século, deixando totalmente

⁵ Folla única de aprecio correspondente a ditas illas, propiedade de “Islas de Ons Sociedad Limitada”. 1941.

⁶ Nova folla de aprecio. 1942.

abandonadas a 63 familias cunha media de 6 persoas por familia.

De aí a pregunta do motivo da expropiación e da nova que agora xurde: Por que non se levou a cabo o desaloxo dos veciños se, como din, foi expropiada libre de cargas? Ante estas preguntas xorden de novo as especulacións:

1) Se o motivo da expropiación de Ons era a construción dalgunha base militar para uso do Ministerio do Exército ou para utilización por tropas estranxeiras afíns ao réxime franquista, está claro que o desaloxo dos veciños sería unha prioridade, pois tiña que existir un motivo moi importante para que o Estado quixera expropiar a Illa e se metera nun gasto tan elevado nuns intre tan delicados por mor da profunda crise estatal despois da Guerra Civil.

Por que logo non se fixo o desaloxo? Cales foron as posibles causas? Reflexionemos:

- Unha posible causa podémola ver na dificultade de desaloxar e realoxar noutro lugar as familias illáns. Iso traería un dobre gasto para o Estado e non estaban os tempos para iso.

- Que houbera unha posible revolta ou protesta veciñal en contra do desaloxo, tendo en conta que, posiblemente, algúns eran propietarios (Accións de Primeira Clase), que as casas as construíran eles cos seus cartos e terían dereito a indemnización e que levaban como arrendatarios dende hai case un século o que podería traer algún tipo de dereito ao seu favor⁷.

- Puido ocorrer que os responsables do Ministerio do Exército fixeran un verdadeiro estudo da situación legal da propiedade da Illa de Ons e atoparan algo escuro e ilícito

O Sr. Checho botando estrume nas Xabreiras. 1978.



⁷ O da revolta veciñal é case imposible tendo en conta como as gastaba o réxime franquista despois do 1939. De existir esa revolta, case seguro que hoxe habería, ao carón do camposanto, unha enorme fosa común.

⁸ Para coñecer a historia de posibles ilegalidades cometidas en Ons con respecto á súa propiedade antes de 1919, mirar revista AUNIOS nº 14. Celestino Pardellas de Blas. 2009.

realizado con anterioridade⁸ e que non se atreveran a remover máis o asunto para non atoparse inmersos nun litixio que podería acarrear máis gastos e problemas.

Dende logo se hai un documento que acredite que o motivo da expropiación foi a construción dunha base militar, o certo é que non chegou a realizarse polo que a familia Riobó, como expropiada, ten dereito a pedir a reversión da Illa de Ons, ao non cumprirse o motivo da expropiación.

2) Se o motivo da expropiación de Ons foi a adquisición da Illa para realizar nela manobras, adestramentos, exercicios,..., de tipo militar, podemos dicir que o desaloxo dos veciños non era prioritario e, ata podemos dicir que, nalgúns casos, a súa presenza podería ser imprescindible para eses adestramentos.

Por que logo non se fixo o desaloxo? Volvamos a reflexionar:

- Habería que facer unha mellor investigación, pero sabemos que a Marina e as Coes, daquela destinados en Ourense, realizaban manobras anuais na Illa de Ons, tanto en terra como no mar.

- A presenza veciñal nesas manobras era un punto importante, xa que, en calquera conflito bélico a presenza de civís é un feito, por iso, que mellor lugar para realizar manobras que Ons, como lugar illado e con presenza veciñal.

- Por mor do visto neste punto 2 os veciños, a carón das problemáticas coas que se atoparía o Estado para o seu desaloxo (vistas no punto 1), os veciños podían representar un hándicap para realizar uns entrenamentos máis reais⁹. Por iso o desaloxo non era necesario, polo menos nun primeiro intre, o que trouxo que o Exército só fora un mero administrador dos arrendos como anteriormente o foran os que rezaban como "propietarios".

Se o motivo da expropiación foi apropiarse da Illa para realizar nela manobras, adestramentos, exercicios,..., de tipo militar, coído que si se cumpriu o motivo da expropiación. *Terá logo dereitos a familia Riobó? Queda no aire a pregunta; o estado, a familia Riobó e os tribunais teñen a palabra.*

Polo exposto no anterior número de AUNIOS nº14 e polo exposto neste, sacamos en conclusión que a Illa de Ons, dende o século XVI, vive unha serie de irregularidades, con respecto á súa propiedade, que chega ata os nosos días e que sería imprescindible que, por especialistas, se levara a cabo unha profunda investigación que arranxe este desaguisado e dunha vez aclare o problema da propiedade, do contrario,

⁹ Contan os veciños que, nalgunhas desas manobras, aos militares non se lles proporcionaba comida, polo que tiñan que procurala eles mesmos na Illa. En tal situación, a carón da que podían atopar no mar, tamén facían o propio nas fincas e nos galiñeiros veciñais. Tamén din a favor dos militares que, rematadas as manobras, os responsables destas poñíanse en contacto cos veciños para sufragar as molestias e os gastos ocasionados.

este problema seguirá latente e pode rexurdir en calquera intre.

Para rematar esta segunda entrega, dicir que deixo para unha terceira a problemática ata os nosos días, estando á espera do que pase co conflito xurídico Estado – Familia Riobó e que saia o tan esperado PRUX (Plan Rector de Uso e Xestión do Parque).



Peirao e zona norte do barrio de Curro. 1973.

De todos os xeitos deixar un pequeno entrante do que será a seguinte entrega:

- 1964 traspaso de Ons ao Instituto de Colonización. – Paso posterior, 1974, ao Irida. – Traspaso, 1979, ao Icona. – Logo, á Xunta de Galicia: Consellería de Agricultura, Consellería de Medio Ambiente. A partires de 2002 pasa ao Ministerio de Medio Ambiente: Parques Nacionais. E, en 2008 pasa de novo á Xunta de Galicia: Consellería de Medio Ambiente, e nestes intres 2010, á Consellería de Medio Rural. *(Coido que nunca un espazo destas características tivo tantos administradores como a Illa de Ons).*


- O emprego da palabra COLONOS: explicar que en 1810 a Illa de Ons estaba baleira e alí chegaron á chamada do Estado (Junta Provincial de Defensa da Provincia de Santiago) unhas persoas a traballar (non a colonizar). Logo pasaron a ser, pode que algúns, propietarios <Accións de Primeira Clase> e, dende logo, todos arrendatarios de diferentes “donos” (non colonos). Coas diferentes administracións estatais e galegas, seguiron sendo arrendatarios (non colonos) ata que a Xunta, sen ningunha explicación legal, deixou de cobrarlles o arrendo, cousa que

posteriormente utilizou dun xeito que podemos cualificar de inxusto e inmoral, para inventar un novo cualificativo para os veciños-propietarios de Ons, PRECARIO.

- E, xa por último analizarei a nova problemática que xurda, se é que está resolta para o 2011, segundo o que ocorra co litixio entre Estado e familia Riobó.

O que si estudaremos claramente é o por que a familia Riobó, tan pronto como hai unha sentenza que a sitúa de novo como propietaria, non se puxo en contacto cos descendentes dos veciños, que eran arrendatarios no intre da expropiación, para arranxar a nova situación, pois se a Illa de Ons pasou a mans da Familia Riobó por non cumprirse o motivo da expropiación, tamén os veciños pasan de novo a ser arrendatarios desta familia. Terase cometido unha nova ilegalidade ao non poñerse a familia Riobó despois da sentenza en contacto cos seus veciños arrendatarios? De non facelo: será legal que o Estado pague á familia sen que esta legalizara, como nova propietaria, a situación cos seus arrendatarios actuais?

Moitas preguntas que requiren unha resposta axiña antes de que, de novo, a Illa de Ons e os seus lexítimos propietarios, os veciños, se miren envoltos noutra posible irregularidade, pois, se de novo os veciños pasan a ser arrendatarios da familia Riobó: Terán dereito ás leis de Arrendamentos Históricos e Rústicos?¹⁰.



Carmen e Pepe, recollendo patacas na finca de Caño. 1983

¹⁰ Para máis información sobre o tema da Propiedade da Illa de Ons, mirar. Revista AUNIOS nos seus números: dende o 8 ao 14.

AXUDA DE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

AS COLLAREIRAS DA TOXA

Por: Francisco Meis Durán

Dende que a miña memoria recorda, e non é máis aló dos anos oitenta do pasado século, a Illa da Toxa foi mudando a súa fisionomía a base da especulación e do mal chamado progreso. Á volta duns poucos anos a illa veu como comezaban a saír edificacións como fungos cando as condicións lle foron favorables. Aquela illa que coñecín transformouse en pouco tempo. Porén co paso do tempo, das décadas e dos veráns segue a verse unha imaxe que xa se perde na memoria dos máis vellos do pobo: as *collareiras* da Toxa.



Gran Hotel da Toxa

A manufactura dos colares feitos con cunchas das praias do Grove e de distintas praias da Ría de Arousa é un símbolo, é unha expresión artística dun pobo, unha representación da supervivencia, da capacidade de idear e inventar para fortalecer a economía daquelas casas de principios do século XX. Hoxe debemos reclamar para todas estas familias que seguen vivindo dun traballo feito a man coa paciencia e coidado herdado dos seus antergos, un recoñecemento a un traballo secular.

Para entender o significado desta artesanía galega teríamos que remontarnos a unha familia de Dena: os Botana.

José Botana Barbeito nado en 1827, dono de varios terreos na illa da Toxa, foi xerme e cimento do acontecemento que, moitos anos máis tarde, se siga comercializando e vendendo as cunchas das praias como

elemento decorativo. Descendente dunha familia adinerada que residía en Santa Eulalia de Dena foi un dos oito fillos que tivo o matrimonio formado polo avogado Fernando María Botana Parragués, natural de Arzúa, e Dona Dolores Barbeito Valladares, natural de Santa Eulalia de Dena (Meaño).

José Botana persoa inquieta e con gran capacidade de invención herdou da súa nai e dun tío presbítero, o que é hoxe en día o Pazo do Sineiro. Este lugar foi o "taller" onde tantas veces idearía as pezas artísticas que tería que levar

ás innumerables exposicións que percorreron a España e a Europa do século XIX. A el se debe que no Grove houbera unha fábrica que se dedicara a preparación de cunchas anacaradas para a elaboración de pezas de artesanía: berces, canastres, alfaias, pendentes, colares. Do seu capital nacería esta industria que

un pouco máis aló do ano 1870 daba traballo no municipio a máis de 80 persoas, das que supoñemos a maioría serían do Grove. Con toda probabilidade a existencia da fábrica sexa anterior.

A súa actividade publicista e mercantil comeza por participar en distintas exposicións rexionais, nacionais e incluso internacionais que fará que vaia gañando un lugar entre o mundo das artes. Este recoñecemento virá da man da Súa Maxestade Isabel II que xa no ano 1856 lle concederá, polos seus traballos artísticos con cunchas, a medalla da Orde de Carlos III. Antes de poñer en marcha a fábrica do Grove, xa exercía a actividade da elaboración de artesanía na súa parroquia natal de Dena. Daquela aldea sairían numerosos presentes que lle faría Botana á raíña de España entre os que se contarían uns xarróns e unha cadeira de

brazos con destino as habitacións da súa maxestade. Relataban persoas que puideron ver esta última, de que maneira tan admirable se encontraban, en perfecta orde e simetría, as incrustacións anacaradas.

Seguiría a súa andaina a fábrica dende os principios dos anos 1870 non tendo noticias dela, a día de hoxe nas miñas investigacións, ata o inicio da primeira guerra mundial. Nesta época o Comité Executivo da Xunta Provincial de Pontevedra estaba encargado da concorrencia á Exposición Internacional de Londres de 1914 e tramita á Alcaldía do Grove que facilite toda a información posible sobre o municipio para tomar parte na Exposición. Así o fai o concello e dirixen entre outros datos " a curiosa lenda do meco no que fai referencia á existencia dunha figueira na Siradella, onde segundo unha tradición do século XIII foi aforcado polos veciños do Grove o célebre meco". Será esta mesma comisión quen, a parte de invitar á Sociedade Anónima da Toxa a presentar os seus produtos en Londres, diríxelle unha invitación a Dona Carmen Gómez Barés, viúva de José Botana xa que este falecera en 1895, para que participara cos produtos que daquela se estaban a elaborar nos seus talleres: alfaias, cadeas de reloxo, pulseiras, pendentes e outros obxectos. Nese momento era a única fábrica en España desta natureza. A partir de esta data a existencia da fábrica pérdese pero comeza a xurdir outra actividade coas cunchas na Toxa que cada vez terá maior presenza no municipio: as *collareiras* da illa.

Posiblemente coa fundación da Sociedade Anónima en 1903, a posta en marcha da fábrica de xabóns en 1905, a inauguración do Gran Hotel en 1908, a da Ponte en 1910 e as campañas publicitarias da Sociedade

Anónima nas revistas da época como "Vida Gallega" posibilitarán que cada vez sexa maior o número de turistas que se acerquen á illa. Con toda probabilidade algunhas destas familias que traballaban na fábrica poríanse a vender colares, e outras iríanse incorporando a este mercado cada vez máis prospero ata chegar ata os días en que vivimos. Como un dos testemuños máis antigos relacionados coa

comercialización deste produto entrevistamos a Dona Concepción Mascato García e, coa paciencia e sabedoría que dan os anos, relatounos como a súa irmá, que nacera no ano 1908, Dona Carmen Mascato García foi vender colares á illa con oito ou dez anos.

Rebuscando entre a súa memoria vénlle a imaxe daquela vez que a súa nai lle comentaba que moito antes de nacer ela, durante a primeira década do ano 1900 había unha familia que vendía, non colares, senón cunchas das praias como caracolas e vieiras ás persoas que viñan aos baños. Desta familia lémbrese das irmáns Dona Carlota e a Juana Prieto Conde como unhas das primeiras que exerceron este tipo de actividades na illa. Despois virían as *collareiras*.

A principios dos anos vinte xa son cada vez maior o número de *collareiras* que buscan entre os turistas a fonte de recursos para as súas familias. Nas poucas imaxes que conservamos encóntrase esta do ano 1926 onde se pode contemplar a un grupo de rapazas, posiblemente descalzas, que intentan vender os colares feitos con diminutas cunchas arrincadas das praias de San Vicente ou da zona de Ardiá. Co devalar dos anos imaxes coma esta irán institucionalizando unha actividade que reporta beneficios aos núcleos familiares polo cal, estas casas mariñeiras e de labranza darán paso, nos anos 30 e 40, a un número

maior de persoas que entenderán a venda de colares, xa non só como un beneficio esporádico, senón como unha actividade moi importante para a economía familiar. Hoxe en día, coa profesionalización do sector, a cotización á seguridade social e a búsqueda de restricións na venda de produtos foráneos estamos ante unha profesión que precisa urxentemente reco-



ñecer historicamente a súa denominación de orixe como Artesanía de Galicia para que non se desvirtúe e se perda. Unha actividade centenaria que ten o seu arranque na familia Botana, como comercializadores de cunchas no municipio, e que derivaría na posta en marcha a principios do século XIX desa imaxe única, simbólica e emblemática das *collareiras* da Toxa.



O FORTE E BORRACHO VENTO DO LESTE DA RÍA DE MUROS

Por: Manuel Chazo Cores

Tres anos de colleita, de abundante pesca na ría de Muros, de xoubiñas mesturadas nos seus tamaños con algunhas sardiñas no medio.

As tarrafas de Laxe, Corme e Camariñas navegaran dende os seus respectivos portos para a pesca na ría de Muros. Largaban as súas redes á alba e regresaban coas *piricas* cargadas de xoubiñas ao porto de Muros, onde botaban toda a tempada pescando. O porto de Muros estaba a tope de tarrafas, xeiteiros e motoras para vender a pesca. Tamén, todos os galeóns da ría de Arousa estaban fondeados na baía de San Pedro (Muros).

Unha madrugada, cando todo estaba en calma, o borracho vento do leste entrou como un furacán e os galeóns empezaron a garrear coa áncora no fondo. Neses momentos, houbo que largar ata dous rizóns ao mar axudados polas chalanas. Os rizóns tampouco axudaron e os galeóns foron ao garete. Os galeóns que tiñan motores tiveron que acendelos. O mar voaba polos aires.

O galeón que tiña un bo motor era a <Vaca de Ons> e abrigouse no porto. O galeón, de dous paus, da casa Alvarelos, que era de Don José Barral, foise co vento buscando a rampla e quedou varado.

O galeón chamado <Camallón> foise ao garete e atravesouse na enseada do porto cargado de xoubiñas. Non podían poñer defensas, debido á forza do vento, aínda que, deslizándose paseniñamente, logrou saír da escollera e entrar no porto con dificultades. O patrón, José Sabor, gritando ao ver ao meu pai, José Marcelino Chazo, enriba do peirao, dicíalle:

- Marcelino, Marcelino, a onde veño a perder o barco.

O meu pai, que non vía a forma de axudarlle, ordenou, dende enriba do peirao, aos que estabamos no motoveleiro, amarrar

coa tira da maior, a chalana e, pouco a pouco, ir soltando. Cando a chalana estaba rozando o peirao, nun chimp e arriscando a súa vida, saltou a ela e unha vez a bordo do <Joaquín> díxome:

- Manolo avante, a ver se podemos levantar os rizóns e a áncora e axudarlle.

O mar, por mor do forte vento, andaba polo aire e a molladura notabámola no corpo. Logramos amarrar o barco e entrar no porto de abrigo. Foi toda unha loita de rudos mariñeiros; salvamos a vida e os barcos.



Mentres faciamos a manobra e antes de entrar no porto de Muros, fixémonos como as demais tarrafas, coas *piricas* cargadas de xoubiñas, largaban pola popa gasóleo, para que as ondas no entraran a bordo das *piricas* e con iso salvar moitas toneladas de peixe.

Xa no porto, e mentres esperabamos, vimos como os mariñeiros de Muros coidaban as súas embarcacións. Muros era un porto alimentado. Durante moito tempo, ata rematar a colleita, o porto arrendecía a gloria, a xoubiñas e sardiña asada.

Rematado o embate do borracho vento do leste, os pescadores puideron saír de novo a pescar. A baía de San Pedro en Muros, ten para min este recordo do borracho vento do leste.

Rematada esta aventura e antes de partir cara ao noso porto base, fomos a terra a mercar roupa interior, pois as molladuras foran boas. Tamén mercamos xoubiñas e chegamos ao porto de Vilanova de Arousa como se nada pasara. Na ría de Muros quedaban as *arrusadas* das tarrafas de Laxe, Corme e Camariñas que eran moi pescadoras e tamén das xeiteiras de Noia, Muros, O Grove,...

Todos os galeóns de Vilanova de Arousa, Vilaxoán e da Pobra do Caramiñal ían á procura desas colleitas de xoubiñas á baía de San Pedro en Muros.



Mirando ao mar soñei
que estabas xunto a min
e acordándome de ti chorei,
a vida que se foi.
Xamais ha de volver a min
e iso que estou mirando ao mar.
“Ría de Arousa”





UN GROVENSE NO NOVO MUNDO


Por: Javier Fernández Soutullo

ORÍXENES

Estamos nos albores de século XVIII, un 14 de maio de 1707, nun humilde e pequeno arrabalde da parroquia de S. Vicente do Grove, coñecido aínda hoxe como: lugar do Fabal (Lugar onde se espallaban as fabas para o seu bo secado e escollida), onde a grande maioría dos historiadores da época, nos contan que naceu o pai Xosé Quiroga Méndez.

SITUACIÓN

Eran tempos moi complexos e de circunstancias moi adversas, as que rodeaban aquela Galicia que o veu nacer e que foron poderosamente influentes no seu destino histórico, con loitas sociais de carácter reivindicativo, contendas xurisdiccionais na relación co señorío do mar, desaparición ou afastamento da sardiña das costas, a decadencia dos gremios, a ausencia da poboación masculina para participar nas guerras peninsulares ou alén dos mares (as famosas levas),..., e, a todo isto, engadir as fames, pestes, climatoloxía e o atraso socio - económico, que convertían a Galicia nun país pobre.



Grabado antigo de Pontevedra, patria de Pedro Cerviño, fundador de la primera Escuela de Náutica de Buenos Aires.

ASPECTOS

Xosé Quiroga Méndez, cando aínda non cumprira os dezaoto anos de idade, ingresa na Mariña Naval, ano de 1725, cursando estudos na Escola Naval Nacional e chegando a ser un alumno relevante en materias como matemáticas, xeografía e mesmo en astronomía. Pero todas esas condicións adversas que atravesaba a Sociedade Galega, van calando nel de tal maneira que provocan un xiro importante ao seu sentido da vida. Así, once anos máis tarde, un 12 de abril de 1736, deixa a súa prometidora carreira náutico militar e fai o seu ingreso na Compañía de Xesús.

ORIENTACIÓN

Os Xesuítas, como eran coñecidos, establecéranse na capital Pontevedra xa en 1.635 e tiñan fama de ser grandes educadores. O seu templo era a actual parroquia de San Bartolomeu e tiñan, entre outros, de socio protector ao adíñeirado clérigo D. Jorge de Andrade, contando tamén co fidalgo D. Antonio Mosquera y Pimentel.

FUNCÍONS

Pronto marchou ao que todos admiraban e chamaban como Novo Mundo (América), onde foi destinado polos xesuítas a un plan de fundación de novas poboacións na Patagonia. Estes non chegaron a consolidarse, polo que el centrou a súa principal actividade no levantamento da planimetría e mapas dos diversos lugares que percorría, entre eles, Bos Aires.

Para todos os que traballaron con el, o Padre Xosé Quiroga Méndez dispoñía, segundo todos os indicios, dun moi bo, material científico. O tempo levaríao a ser o primeiro mestre de matemáticas do colexio de San Ignacio de Bos Aires, onde o Gobernador, en 1744, confíalle o cargo de rectificar a cidade. Xosé Quiroga leva a cabo, con notable éxito, o establecemento do que hoxe é a nova planimetría da cidade de Bos Aires, (capital da actual Arxentina).

Pronto troca o seu destino e vólvese a enfrascar no ensino, esta vez na Universidade de Córdoba de Tucumán, onde fundou e dirixiu a primeira cátedra de matemáticas.

TRABALLO

Tan só un ano despois, 1745, o rei de España Felipe V escólleo para a exploración das costas meridionais do Río da Plata ata o estreito de Magallanes, xuntamente cos pilotos D. Diego Varela e D. Basilio Ramírez na compañía dos padres D. J. Cardiel e D. M. Strobl. Logo o mesmo estudo no río Paraguai. Catro anos máis tarde, en 1749, leva o alzado dun mapa das misións da Compañía de Xesús, nos ríos Panamá e Uruguai, gravado en Roma en 1753 e que a día de hoxe custódíase no British Museum de Londres. Debeu de gozar, Xosé Quiroga, de bastante prestixio pois no ano 1752, por encargo de Valdelirios agregado da Corte do Rei de España, foi escollido para formar parte da Comisión

que debería marcar a liña divisoria entre as posesións portuguesas e españolas a razón do tratado de Madrid do ano 1.750. No acordo dese tratado, froito da política de paz do Rei Fernando VI, España quedábase coa colonia de Sacramento, ata ese intre Portuguesa, e coa banda oriental do río da Plata (o que máis tarde sería Uruguai). A cambio fixéronselle concesións moi xenerosas aos veciños portugueses no territorio brasileiro, moi ao leste da liña do tratado de Tordesillas que se corresponde coa época dos Reis Católicos.

RESULTADOS


Este estudo dos lindes das zonas pouco exploradas, produciu moitas teimas e conflitos e a división proxectada deu orixe as Guerras Guaraníticas, nas que a maioría dos pobos guaraní das reducións xesuítas do Paraguai, alzáronse en armas e negáronse a depender e, polo tanto a servir como colonia portuguesa. A contenda se ben foi dura, alargouse por dous anos, e foi a causa principal que supuxo a expulsión dos xesuítas dos dominios de ambas coroas, un feito histórico no transcórrese dos anos.

Dentro do seu labor na comisión demarcadora, o pai Xosé Quiroga, percorreu unha gran extensión da Xeografía Sudamericana, dende a Costa Atlántica ata o Altiplano Boliviano pero, a pesar de pertencer á comisión de límites, Quiroga criticou publicamente o tratado de Madrid, o que lle veu a supoñer unha reconvencción do xeneral dos xesuítas O pai Visconti.

No seu labor, na xa nomeada comisión, o pai Xosé Quiroga Méndez, deixou escritas varias obras, entre elas *Unha Viaxe a costa dos Patagóns*, encargada pola súa maxestade El -Rei Fernando VI, a bordo do navío San Antonio, comandado polo capitán D. Xosé de Andonategui alá polo ano de 1.745. Un estudo da expedición ata a boca do Río Jaurú. Outra obra de relevancia foi un tratado da arte verdadeira de navegar polo círculo paralelo á equinoccial, para uso e utilidade da Real Armada Española.

A todo isto sumásele unha descrición xeral do Paraguai e varias táboas e resultados das súas medicións xeográficas. Fai tamén un tratadiño sobre a agulla de marear, na Bolonia de

1784, indicando a maneira de atopar a lonxitude no mar e mediante a posición do sol, a lúa, e tamén as estrelas fixas. Engadiu unha grande colección pormenorizada de mapas das rexións sudamericanas e outros manuscritos. Ademais o seu curioso diario da viaxe pola costa do Mar de Magallanes que foi publicado por Muriel, na súa Historia do Paraguai, e polo pai Pedro Francisco Xavier de Charleroy, conservándose a súa custodia en Loyola, Guipúscoa.



Mapa antigo del Río de la Plata, al que tan vinculados han estado los gallegos a lo largo de la historia.

REMATE

A definitiva expulsión dos membros da compañía, no ano 1767, fixo que se embarcase coa esperanza de repregarse a súa terra, pero á chegada da nao a Cádiz non lles foi permitido o desembarco, pois a orde de expulsión comprendía todos os dominios do Rei. Algúns compañeiros de travesía contaron que os xesuítas traían consigo verdadeiros tesouros a base, sobre todo, de esmeraldas, cos que intentaron subornar aos oficiais portuarios. Non se sabe con certeza se alguén o logrou. O certo é que o pai Xosé Quiroga Méndez faleceu, 17 anos despois, en 1784 no convento dos xesuítas en Bolonia, Italia, na máis absoluta ignorancia e miseria.

BIBLIOGRAFIA

- Los Gallegos en el Nuevo Mundo de la época Virreinal.
- José Antonio Padilla, José Antonio Muñiz, Camilo Caride. 1987
- Diccionario Biográfico de la Comarca del Salnés. 2000
- El Grove y su Historia
- José Caamaño Bournacel 1967
- Pontevedra en el espejo del tiempo. Xosé Fortes. 1995

O SÍMBOLO DO XACOBEO A VIEIRA

Por: Ricardo Arnaiz Ibarrodo

As vieiras son moluscos...

- ¿Moluscos?

- Si, home, quere dicir animais de corpo brando, procede do latín *mollis* (brando), ademais a ti como galego debería soarche a *mol* ¿Non si? Son moluscos bivalvos que...


- ¿Bivalvos?

- ¡Paciencia nos dea o señor! Si, home, bivalvo, outro latinorio, bi quere dicir dous ¿Acórdaste de bis, dúas veces? ¡Vaia que ten dúas valvas, dúas cunchas! ¿Podo seguir?

- ¡Claro, sigue, sigue! Pois... iso, son moluscos bivalvos inequi... ¡Non, non borra iso! Empezo outra vez, sen xerga, para non complicar isto. Son animais de corpo brando, protexidos por dúas valvas que neste caso son diferentes, unha é plana e outra curvada. Normalmente os moluscos bivalvos teñen as dúas iguais, a dereita e a esquerda pero neste caso e, ao igual que as ostras, ambas toman formas diferentes. ¡Si,si! Non son a de arriba e a de abaixo. Se te fixas nas ameixas, berberechos, mexillóns, navallas... todos teñen as cunchas iguais. *Bueno* iguais, iguais non, son imaxes unha da outra coma se se miraran a un espello. As nosas mans non son iguais son simétricas, E non me fagas explicarche o que quer dicir simétricas, que terás curiosidade, e iso está moi ben, pero xa me infla. Nese caso as dúas cunchas toman formas diferentes e mentres a dereita se mantén alombada a esquerda aplánase. Algo parecido lles pasa a algúns peixes como o rodaballo, o linguado, ou a solla, que se adaptaron a vivir deitados no fondo mariño sobre un dos seus lados.

A vieira deitase sobre o seu lado dereito, sobre a cuncha empenada e escava unha pequena fosa na area ou grava, na que se mantén queda mentres nada a moleste, e coas valvas abertas, tragando auga e filtrando o alimento do que se mantén. Albiscando dende esa porta entreaberta a vieira observa cos seus ollos brillantes, repartidos por todo o bordo da cuncha, partindo dende unha orella ata a outra, ollos que lle permiten distinguir a luz e a escuridade, as sombras ameazadoras pero non imaxes nítidas, como as que

coñecemos nos outros. Cando unha sombra se cerne sobre ela a vieira entorna ou pecha a porta e ata que a ameaza desaparece. Se o que se achega é un polbo, unha estrela de mar ou un cangrexo, entón toma as de Villediego axitando convulsivamente as valvas coma se estiveran tocando as castañolas andaluzas e fuxindo de costas ou ben aspirando auga e exectándoa polas orellas co que se dirixe en sentido oposto a impulsos, a reacción. Mira, se queres velas nadando entra en Internet e en youtube escribe *swimming scallop* (vieira nadando, en inglés) por exemplo. O certo é que é moi dubidoso que un bivalvo como a vieira obteña unha imaxe definida nos seus ollos cando non ten cerebro para interpretala.




A vieira, para facer máis resistente a súa cuncha, non se limitou a engrosala como o fixo a ostra, senón que adoptou a alternativa de formar costelas ao longo da cuncha que lle dan unha estrutura máis resistente que se non as tivera e permítelle alcanzar un bo tamaño sen facer perigar a súa seguridade. ¿Sabes por que as pranchas dos tellados son acanaladas? ¿Só para repartir a auga da chuvia? Pensa na "Uralita" a ver se se che ocorre algo.

Vouche a contar outra cousa, estes bichos son machos e femias ao mesmo tempo ¿Que non o cres? Pois ¡Vamos, abramos unha e verás! ¡Aí o tes mira ese pico de carne de cor vermello que logo vai tornándose branco ou crema ¿Sabes que é? Dígocho eu. A parte vermella é a gónada

femia, o ovario, mentres que a branca é a gónada macho, o testículo. ¡Pois non saben nada estes bichos, mira que ben aproveitados están!

E ¿Sabes como se apañan para pechar e abrir as cunchas? Pois mediante uns músculos formidables, están “cachas” de medo. Por un lado mira no centro e verás unha masa branca redonda. Ese é o músculo principal que emprega para pechar as valvas rapidamente. É o encargado de facer nadar ao animal. Xa sabes que os músculos só se contraen e relaxan por iso non se empregan para abrir as valvas, para iso teñen un ligamento que é como unha especie de resorte na zona do lombo, entre as dúas orellas (mira que son raros os bichos estes) que abre as valvas cando o músculo se relaxa ou descansa. E, dirasme ti ¿Como se apaña se ten que estar moito tempo encerrada na súa cuncha sen abrirse? Non se cansa? Pois non porque é só unha parte deste músculo, que en realidade é outro distinto, o que case sen esforzo pode manter as valvas pechadas. O músculo grande



é tremendamente forte, xa que pode exercer unha tracción de medio quilo por cada centímetro cadrado, mentres que o outro, o de peche é máis resistente aínda que pode soportar ata 12 kg de tensión contra a apertura das valvas. ¡Menos mal que temos coitelos, porque do contrario non comeríamos marisco!

A vieira é relativamente abundante nalgúns bancos marisqueiros das Rías galegas, especialmente en Ferrol, Arousa, Pontevedra, Vigo e ultimamente está aparecendo tamén na de Muros – Noia. Péscase con rastros que teñen uns dentes curvados que son arrastrados por unha

embarcación a motor. Os dentes débense cravar uns poucos centímetros no fondo para “levantar” o marisco. A pesca desta especie está moi regulada porque ten problemas de eliminación de toxinas que poden ser sumamente daniñas para a saúde humana. Estas toxinas, que extrae do seu alimento, o fitoplancto, acumúlaas en todo o corpo e en especial no fígado. Algunhas especies de plancto conteñen toxinas e outras non, por iso é preciso controlar continuamente a aparición de especies tóxicas e medir a concentración alcanzada de toxina no corpo da vieira e doutros mariscos, dito sexa de paso. Pero é que ademais a vieira, a diferenza da maior parte dos moluscos, ten o problema de que unha vez que acumula toxina non se libra dela en moito tempo e ademais non a elimina mediante depuración clásica, senón que debe ir destruíndoa moi pouco a pouco durante moito tempo, semanas e xeralmente meses despois de que o fitoplancto xa non teña toxina. É verdade que o lugar do corpo onde máis se acumulan é no fígado

ou hepatopáncreas ¡Toma *palabro!* Pero tamén almacénase no resto do corpo. Así cando no conxunto da parte comestible a dose que pode alcanzarse nunha moderada cantidade de vieiras é baixa, as autoridades permiten extraela e consumila sempre e cando se lle extraia ese órgano coas máximas garantías. Hai sempre desaprehensivos que seguen pescándoas e consumíndoas sen as debidas garantías porque ¡Sempre se comeron e non pasou nada! Ata que pasa. Procesos diarreicos, parálises ou perdas de memoria son as consecuencias desta fala de precaución. E xa se sabe quen son os máis propensos a sufrir as consecuencias, as persoas maiores e os nenos. Pero como xa sabemos que os nosos maiores sofren de fallos de memoria, teñen as tripas soltas ou pódelles

dar parálise pois... iso que de algo hai que morrer e mellor que sexa dunha enchente. E os rapaces tamén con iso de... ¡Que porcalladas comerías ti por aí! Ao final ¡Claro! Se un non morre, tampouco se relaciona coa mariscada do outro día.

Polo momento isto resulta un problema para quen quere facer cartos desenvolvendo o cultivo deste molusco, porque ¡Miúdo problema se lle provocaría a quen teña unha toneladas de vieiras colgando dunha batea e non as poida vender porque están cargadas de toxinas! Algo se está traballando neste campo da *detoxicación* no mundiño


científico, pero polo momento as solucións non parecen atoparse cerca.

A vieira ou venera, scallop en inglés e coquille SaintJacques en francés, tamén ten nome latino ou científico como todos os bichos e plantas, que niso se entreteñen os biólogos que tamén son de deus e teñen que dedicarse a algo para poder comer. O latinorio é *Pecten máximus* ou “o peite máis grande” quen sabe por que, se porque se asemella a un peite polas costelas que ten na cuncha en releve ou por outra cousa. Algúns tamén lle chaman *Pecten jacobeus*, pero esa en realidade é outra especie, moi parecida pero procedente do Mediterráneo, e o de *jacobeus* xa te podes imaxinar por que. Pois si efectivamente polo de Jacobo ou Santiago (saintJacques) ou Sant Yago. Para distinguilas hai que ser un verdadeiro lince, hai que fixarse que as costelas da P. Máximus son de sección redondeada e con estrías ao longo, mentres que P. *Jacobeus* ten as costelas de sección cadrada e a cuncha plana non ten estrías nas costelas. ¡Case na! Por iso non é de estrañar que algúns científicos describiran que xa nas covas de Altamira, os nosos antepasados se prepararan unhas boas mariscadas de P. *Jacobeus*, cando en realidade era a nosa, a P. Máximus. Mira ti que finuras se gastan algúns despois de tantos

anos de estar estas cunchas soterradas e desgastadas. Pero claro non é doado explicar que facían unhas cunchas procedentes do Mediterráneo nas costas asturianas. O turismo non estaba moi desenvolvido entón. Pero como as cunchas utilizáronse dende fai moito tempo como adornos e moeda de cambio, tampouco é moi de estrañar que aparezan en lugares moi afastados do seu lugar de procedencia.

Falando de turismo, de adornos e de cartos, a cuncha de vieira, cuncha de peregrino ou venera séguese utilizando para todo iso 15.000 anos despois de Altamira. O turismo, industria dos nosos días, retomou o tirón das peregrinacións do século XI e XII, agora cun carácter máis lúdico e menos relixioso para dinamizar as economías das poboacións da ruta. Xa entón a igrexa, *mercantilizaba* a fe das boas xentes e obtiña bos beneficios atraéndoa en peregrinación a afastados lugares onde se exhibían “reliquias” de todo tipo dende estelas da cruz de Cristo, pedras de Terra Santa, auga do río Xordán ou os ósos dos santos. Onde se perdan

os curas que me atope eu. Hoxe en día esas falsas reliquias xa non atraen practicamente a ninguén, pero ao persoal agrádalle levarse recordos e entre outras cousas lévanse cunchas de vieira a pelo ou decoradas de mil formas e fabricadas de prata ou plástico, en forma de xoia ou xoguete para os rapaces. O caso é levarse algo e o caso é vender que, a fin de contas, é o que move o mundo. É indispensable lucir unha delas durante a peregrinación para poñela no sombreiro, colgada do bordón ou do pescozo, ou prendida no vestido. A pretensión de que o peregrino recollía as cunchas nas praias para demostrar que realizara a peregrinase é un acertado bulo xa que as cunchas só se podían adquirir



dentro da cidade de Santiago de Compostela baixo a ameaza de excomuñón. Excomuñón máis que ben pensada pois a Santa Madre Igrexa quedábase cun terzo das ganancias das vendas en concepto de gastos de representación e publicidade. Onde se perdan os curas... ¡Ah non, que iso xa o dixen antes! Ao final foi a propia cuncha a que se volveu peregrina viaxando de volta co seu novo propietario.

A cuncha da vieira ten un sen fin de utilidades. Ademais do dito, servía ao peregrino para beber auga, pero a venera foi obxecto de culto noutros sentidos. Achacábanlle poderes afrodisíacos por iso aparece en numerosas pinturas, como as de Botticelli parindo a Venus (venera) ou Afrodita deusa do amor e a fecundidade. A verdade é que a todos os mariscos achacábanlle poderes afrodisíacos. Podería seguir pero igual te aburro e en calquera caso deberían ser os especialistas, os lingüistas quen explicaran isto da orixe das palabras.

COMER NO GROVE NAQUELES TEMPOS

Por: Lolita Aguín

“La memoria es en el gusto parte fundamental del placer” Juan Mari Arzak

Mañás frías dos domingos de novembro, onde polas distintas veciñanzas flotaba no ar o olor cálido do caldo que fervía na ola co porco aínda fresco recién sacado do salgadoiro, coas fabas da casa, a verdura da extrema e o unto envolto en fariña milla. Olores e sabores rexistrados en algún pregue da nosa mente, cos que volvemos a momentos xa vividos.

Está claro que a cociña está de moda. Non hai cadea de radio ou televisión que non teña un espazo na súa programación dedicada a amosarnos as interioridades e segredos da arte de cociñar que nos mostran os chefs máis prestixiosos -con estrelas Michelin ou sen elas- estamos informados a tope do que é unha cebola confeitada ou unha tempura oriental, e tamén como presentar da maneira mais axeitada as viandas no prato.

neste campo da cociña, investigacións que conducen a preparar os alimentos de outras maneiras, ou a engadir outros novos. Poño por exemplo as algas, que ata hai pouco eran descoñecidas no mundo culinario, e que agora cada vez é mais fácil encontralas formando parte dos menús, sobre todo no ámbito da nova cociña.

Pero... Sempre quedo coa dúbida de si realmente toda esa información fai algún efecto na xente.... Cando vou ao súper, fíxome, por curiosidade, no que as persoas meten no seu carro da compra e as mais das veces sorpréndome, porque, a realidade é a que é: Pizzas de todos os sabores listas para ir ao forno, canelóns recheos esperando por un aire de quentura, tortillas de patacas con aspecto algo tristón, polos asados amortallados dentro da súa vestimenta plástica ... Pois si, moita xente, e sobre todo xente moza, opta polo “listo para comer”.

E iso que, as cociñas de agora mesmo son cuasi máxicas: tocas un botón e, de súpeto, funciona todo; isto se acende e dá calor, aquilo outro pica e raia, o de mais aquí bate ou amasa, aquí se conxela pero acolá se desconxela... etc. etc.

Pois nin con esas... Coma dicía unha veciña miña: “Agora que non hai ferruxe, temos estropallos de arame...”

Non, naqueles tempos, no Grove, as cociñas cuasi máxicas non existían.

Pero, había outras cousas: No monte había leña de abondo: piñas, paúlo, cañotas e ramas que se collían sobre todo despois dunha noite de temporal deixando o chan totalmente limpo de todo o susceptible de se queimar. E para unha emerxencia, sempre estaba o bote da leña fondeado en fronte da lonxa, onde Natalio atendía con solicitude aos seus parroquianos, Natalio era un home alegre, sempre estaba contento, pasaba ao barco a traveso dunhas táboas tendidas no peirao, onde a lei de gravidade lle xogou, nalgún momento, algunha mala pasada.

O mercado estaba situado en dous espazos distintos. Na Praza de Arriba vendíanse os produtos da terra, só os Domingos, e na Praza do Corgo todo o que viña do mar, que era diariamente, á mañá e á tarde. Entón non había neveiras, polo que o consumo tiña que ser de inmediato, xa que a conservación só se podía facer salgando ou secando. Case todos os peixes eran susceptibles de se salgar, sen embargo secábanse, case exclusivamente a raia e o polbo, sobre todo este último, que incluso dou lugar a pequenas industrias familiares: secadoiros de polbo, que o enviaban a lugares do interior onde o acceso ao fresco era difícil. Dedúcese de isto que a frescura dos peixes que se consumían estaba garantida. Sen embargo aínda había quen lle puxera peros;


Voume a permitir comentar un afastado recordo dunha tarde calquera onde se verá ata onde chegaba o

sibaritismo das nosas xentes en todo o que concernía ao peixe.

Sabes o que me acaba de pasar muller? !Non me querían vender peixe da mañá; Isto lle dicía miña avoa toda alporizada a unha veciña volvendo da praza coa “besugueira” baldeira debaixo do brazo, especie de fonte ovalada con asas, precursora da contaminante bandexa de poliuretano, pero moito máis respectuosa co medio ambiente.

“Se puede caminar desde el pasado hasta el futuro sin destruir lo más valioso a su paso” Arzak:

Barco da madeira



Non, non vou a falar aquí de cómo se preparan as algas, pero si aproveitar este momento de auxe culinario para recordar unha parte da nosa cociña, sobre todo eses pratos que por ter sido a base do sustento cotián nos anos de escaseza poden levar con eles un certo estigma e quizais a causa diso quedar esquecidos.

Os mais deles, dos que vou a comentar, quedaron soamente nos fogóns das casas e non foron o suficientemente recoñecidos para ser mostrados como unha oferta máis no receptorio que se ofrece como típico. Vou a referirme sobre todo a aqueles pratos que levan **unto** na súa preparación, condimento que se utilizou moito e que agora está quedando relegado, sendo como é a esencia dos sabores que definen unha parte da nosa cociña engadíndolle un toque moi persoal - quizais un tanto exótico- xa que non se parece a ningún outro. Claro que o **unto** que reivindicó e o amarelo, color que lle da o estar enranciado e afumado, o branco non é o axeitado. Hai unha diferenza grande na maneira de cociñar estes pratos agora porque entón non levaban aceite que era un artigo de luxo con un prezo inalcanzable para as precarias economías dese tempo de escaseza que foi a dura posguerra.

Para substituílo, utilizábase o **unto** (a veces tamén substituíu ao leite: auga a ferver co pan de millo, **unto** e con sorte unha cullerada de azucre) a manteiga de porco, o touciño e incluso o aceite de sardiña que se lograba dunha maneira totalmente rudimentaria: Poñíanse os peixes ao sol radiante -nun gabido estanco-pouco a pouco ese calor obtido tan naturalmente facía o seu traballo, e pouco a pouco tamén, ía emerxendo unha materia loura que parecía aceite (omega3 en estado puro) pero entón facíase para fritir o peixe, non para loitar contra o colesterol. Por certo, as sardiñas despois deste proceso reutilizábanse: Cebo para peixes, ou mellor dito xa que estamos no Grove... "enjado".

E agora xa, mostrareilles a maneira de cociñar estes pratos seleccionados entre os mais sinxelos e cotiáns e sempre con adición de unto na súa preparación.

Sardiñas guisadas

Acompañadas con patacas cocidas cortadas en toradas e aromatizadas con **unto** e loureiro.

Ingredientes: 1 quilo de sardiñas, 1 cebola grande, 3 ou 4 tomates, 1 vaso de aceite de oliva, pemento doce e picante, 1 folla de loureiro, 1 vaso de viño branco preferentemente albariño, 1 quilo de patacas, 1 noz de **unto**.

Como se prepara: Límpanse as sardiñas ás que se lle quita a cabeza, tripa e escamas. Estas saen mellor canto mas frescas están. Nunha cazola ponse, todo en cru: aceite, cebola, tomate en toradas, perexil, pemento doce e picante, loureiro e por último o viño. Sobre este leite colócanse as sardiñas cos lombos cara arriba entalándoas un pouco. De seguido ponse a cazola a lume mais ben alto durante aproximadamente quince minutos. É importante que non se cozan de máis, a cebola sobre todo, e que cheguen a mesa ferverdo. Sérvense acompañado coas patacas cocidas co **unto**, pirixel e loureiro e moi ben escorridos.

Sardiñas Salgadas

Dun día para outro, cocidas con **unto** e patacas coa tona.

Ingredientes: 1 ducia de sardiñas, mellor grandes, 1 quilo de patacas cortadas en toradas, aceite de oliva virxe, 1 noz de **unto** xenerosa, perexil, 1 chorro de vinagre, 1 guindilla (chile) (facultativo) 1 folla de loureiro

Como se prepara: Quítaselles a cabeza e as tripas. Ábrese coma un libro, quítaselle a espiña e bótaselle abundante sal. Amontóanse unhas sobre outras, tápanse con máis sal e resérvanse 24 horas, pódense ter mais tempo en sal pero perden calidade.

Póñense a desalgar como mínimo tres horas antes. Lávanse ben as patacas sen pelar e córtanse en toradas. Póñense en abundante auga nunha tarteira co **unto** e o perexil. Cando as patacas están case cocidas engádense as sardiñas ás que se lles terá quitado as escamas, párase o fervor e déixanse así durante 10 minutos na auga sempre a punto de ferver.

A salsa: Nunha cunca ponse o vinagre, o chile, un pouco loureiro e resérvase. Nunha tixola frítense catro dentes de allo machucados, en aceite de oliva virxe. Cando os allos teñen unha bela cor dourada xa está listo para engadir á mestura que temos reservada na cunca. Inmediatamente, ben quente a salsa vértese sobre as sardiñas coas patacas ás que se lle terá escorrido previamente a auga.

Sardiñas rebozadas

Ingredientes: 1 quilo de sardiñas, 1 kg. de patacas, 2 ovos, 1 noz de **unto**, 1 limón, pirixel.

Xeito de limpalas: Escámense as sardiñas, sácaselles a espiña comezando polo rabo, logo cunhas tesoiras córtanse os sobrantes todo ao redor deixándoas case cadradas. (e pouco o que se lles quita e quedan moito mais axeitadas).



Peirao de O Grove.
Importante pesca de sardiña. Anos 50



Embarcaciones
Motores marinos
Mantenimiento
Invernaje y guardería
Accesorios
Servicio técnico

Avda. de Orense, 50 - Teléf.: 986 883 931- Fax: 986 880 095 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

MARINER FORCE QUICKSILVER merCruiser YANMAR

Como se preparan: Ponse abundante aceite nunha tixola co unto, pásanse as sardiñas por fariña unha a unha, (e importante que non se enfariñen todas ao tempo) dándolle palmadas para que lles quede ben fixada a fariña; a continuación pásanse por ovo batido -unha a unha - somérxense no aceite non demasiado quente deixando que adquiran unha bela cor dourada. Vanse colocando nunha fonte sobre papel de cociña para absorber o exceso de graxa. Córtese o limón en cuartos e ponse sobre as sardiñas xunto co pirixel.

Lávanse ben as patacas coa pel, córtanse en dúas metades lonxitudinalmente, somérxense en auga fervendo á que se lle terá engadido previamente unha noz de unto e dúas follas de loureiro e sal. Despois de cocidas atáféganse ben e bótaselles por enriba un pouco de aceite da fritura, ben quente. Sérvense.

Caldeirada de polbo

Con allada perfumada ao unto amarelo.

Ingredientes: 1 polbo de un quilo e medio (e mellor canto máis grande) pero os pequenos valen tamén, 2 quilos de patacas, 1 vaso de aceite, 1 cebola grande, 3 dentes de allo, 1 noz de unto 1 cullerada de pemento doce e 1 culleriña de picante (facultativo).

Como se prepara: Dáselle a volta a cabeza e baléirase. Lávasse o polbo ata que ofrezca resistencia ao pasar a mao por el. A limpeza é moi importante, inflúe moi positivamente no resultado final.

Introdúcese o polbo en abundante auga fervendo sen sal. A cantidade de auga e moi importante porque non debe tocar o solo da cazola, debe flotar. Para que os raxos queden encarcados dáselle volta ao polbo co a cabeza cara a dentro e fanse tres inmersións na auga fervendo, deixando logo que coza entre trinta ou trinta e cinco minutos como máximo.

O punto de cocción obtense pinchando un raxo ao lado da cabeza, non debe entrar con facilidade pois quedaría demasiado brande, debe ofrecer un pouco de resistencia. Na auga cor de rosa que queda, cócese as patacas cortadas en cuarteiróns; cando están cocidas pónense nunha fonte engadíndolle o polbo que terá quedado na ola aparte cuberto de auga. Córtese en cachos cunha tesoiira e acto seguido engádeselle a salsa.

A salsa: Córtese a cebola en xuliana, machúcanse tres dentes de allo, refóganse xuntos nunha tixola con aceite ao que se lle terá engadido unha noz de unto. Cando a cebola comeza a dourarse retírase a tixola da calor e engádeselle o pemento doce e picante. Facultativo: unha cullerada de vinagre ao mesmo tempo que o pemento.

Cadelas, berberechos e percebes

Cocidos con patacas coa tona e unto.

Ingredientes: 500g de cadelas grandes, 250g de berberechos grandes, 250g de percebes grandes. 1 quilo e medio de patacas, perexil, 1 noz de unto, aceite de oliva virxe, 4 dentes de allo, 1 chile, sal.

A salsa: aceite de oliva virxe con allos machucados, chile, todo mesturado en cru (esta salsa pode estar feita con antelación, dura tempo e vai gañando en sabor).

Como se prepara: Nunha tarteira grande ponse auga, unto, perexil e as patacas co a tona cortadas en toros. Cando están

case cocidas engádenselle os mariscos. Cando abran as cunchas retírase do calor, pásanse a unha fonte para engadirlle a salsa e servir. Este prato non debe esperar.



Guiso de peixe

Ollomol, sargo, rodaballo, pinto, maragota, petaraña, congro, xarda, etc. A calquera de eles lles vai ben esta receita, e incluso mesturados.

Ingredientes: 1 quilo de peixe, 1/4 quilo de cadelas, 1 quilo de patacas, aceite de oliva virxe, 1 noz de unto 1 cebola grande, 2 dentes de allo, pirixel, 2 tomates, chícharos, azafrán, pemento doce e picante, pementos morróns, pan raiado e sal.

Como se prepara: Ponse nunha cazola o aceite cos allos machucados, o unto, a cebola cortada en xuliana, refógase todo e engádeselle auga. A continuación cando ferva bótaselle as patacas cortadas en toradas delgadas e os chícharos, e déixanse cocer 10 minutos. Logo engádesse o tomate pelado e cortado, os pementos morróns, o azafrán o pemento e por último o peixe e o sal. Debe quedar coa auga xusta para que cubra o peixe. Deixar cocer aproximadamente 15 minutos mais, retírase, engádeselle 2 culleradas de pan raiado e gratínase 5 minutos no forno forte.

Cadelas moi grandes

Cocidas con patacas se acompañadas dunha allada tradicional.

Ingredientes: 1/2 kg. de cadelas grandes, (e importante que sexan de moi bo tamaño porque o éxito de este prato depende de que sexan uns bos exemplares) 1 kg de patacas peladas cortadas en toradas grosas, 2 nozes de unto, aceite de oliva virxe, 4 dentes de allo, pemento doce e picante e sal.

A salsa: Fritense os allos en aceite virxe ata que estean dourados claros. retirase a tixola da calor e fóra engádeselle o pemento doce e unha culleriña de picante.

Como se prepara: Córtese en toradas as patacas peladas e pónense a cocer en auga xunto co unto.

Cando as patacas estean case cocidas engádenselle as cadelas, esperase a que abran e acto seguido envórcase a salsa por riba e sérvese.

Caio na conta agora que acabei este artigo, que eu o empecei pensando realmente que era comida para tempos de escaseza, pero quédome coa dúbida de si algunhas das receitas serán as adecuadas para estes tempos de crise.

SALVORA na LITERATURA

Por: Anxo Rabuñal



F- FRAGATAS DE LA FLOTA INGLESA EN LA RIA - 1900


Sabíao Valle Inclán, que falar de Sálvora é falar de ventos e de mulleres. "*Sálvora, ai San Vicente / as nenas bonitas / están en Mourente. / Ai Sálvora, ollos da ría / para boas mozas, en Vilagharsía. / Ai Sálvora, vento norteiro / ai Salvora, meu compañeiro, / ai Sálvora, vento ventiño / xa están as rapazas na punta de Aghiño*". Cántase tamén: "*Ai Sálvora, boca da ría / deixa entrar a escuadra / en Vilagharsía*", letra esta daquela época entre 1874 e 1936 na que a flota inglesa, e tamén a sueca,

a alemá e a francesa, fondeaban n'Arousa. "*A ría do norte, guerreira, recibe todas as escuadras do mundo*", escribía Antero de Figueiredo (1944). Tamén se canta: "*Din que Noro está de pleito / e Vionta que tamén / e que Sálvora ten dreito / a mandar por todas tres*". E haberá aínda máis cancións, como unha que non lembro na voz de Sito Sedes con Los Satélites, que máis ou menos era: "*Sálvora quen te quería / que pouco che coñecía*". Mais nesta ocasión deixamos de lado as cantigas, e a importante literatura oral sobre o Home de Sagres, Roldán, santa Catalina e a Santa Compañía. Porén, sobre estes temas o lector curioso pode consultar, entre outros, a Laredo Verdejo (1984), Fernández Soutullo (2003) e Alonso Romero (1981).

No que se refire á literatura administrativa, a primeira mención escrita da illa de Sálvora é ben temperá, pois aparece nun diploma de 899 (*insulam Saluare cum ecclesia ibi sita*) en noutro de 911, ámbolos dous recollidos no *Tumbo A* da catedral de Santiago, e tamén aparece na *Historia Compostelana*, escrita no ano 1015. Recóllese con vacilacións o nome da illa –*Sárborá, Salure, Salicora*– en varios mapas, como o de Pietro Vesconte de 1330, e no de Pedro Texeira de 1634. Martiño Sarmiento (1745) e Cornide Saavedra (1764) fixeron descrições da illa, quizais sen nunca tela visitado, e dende 1770, en que se permiten as industrias pesqueiras na illa, aparecen mencións a Sálvora en diversa documentación legal e xudicial (como os “Antecedentes dun pleito ... sobre a pertencencia de dita illa. 1791-97” conservados no Arquivo da Catedral). Están aínda por investigar os expedientes no Arquivo Militar referidos aos 54 anos de acampamento en Sálvora.

Por último, lembrar O *Libro de Órdenes del Faro de Sálvora*, moitos tomos escritos durante décadas polos fareiros que habitaron a illa, e que aínda que en tantísimas páxinas só

Anotación de 23 de xullo de 1936 no *Libro de Órdenes* do faro de Sálvora



describen rutineiramente os traballos do día, atópanse tamén descrições de sucesos da vida diaria. Recollemos o apunte de José Valentí do 17 de setembro de 1936: "*Visito el radiofaro y la instalación transmisora Standard, en compañía del ayudante encargado del servicio don Calixto Posadas, y por orden de la comandancia militar de Villagarcía retiro un manipulador y diez platillos del transmisor del radiofaro Telefunken dejándolo inutilizado y asimismo cuatro osciladoras, un micrófono y seis lámparas del transmisor Standard, que queda asimismo inutilizada*".

Sobre o señorío de Sálvora pódese consultar a J. Santiago Crespo e a Martínez Barbeito, quen detalla "*a herdanza histórica e lendaria dos primeiros Mariño*". Unha versión da lenda familiar foi recollida por Teodosio Besteiro Torres en "*La leyenda de los Mariños*" (1899), onde explica que o fillo da serea e don Fruela, "*Juan Froiraz Mariño, que debía la existencia a un enlace que ni poetas fraguaron, fue padre de dos poetas insignes*" [Pedro Anes Mariño e Martiño Anes Mariño]. Luís Moure Mariño, honrando o seu apelido, escribiu o artigo a "*A lenda dos Mariño*" (1990). Sen poder abundar, as gallifas literarias ao redor da liñaxe dos Mariño poden suporse creación dalgún clérigo de Compostela, que amañou a lenda da serea de Sálvora en favor dos "*títulos máis ou menos colorados*" –que dixera Salustiano Portela–, que precisaban os Mariño para apropiarse da illa de Sálvora, desatendida polo Cabido de Santiago logo de tantas razias viquingas e sarracenas. Teño para min que a lenda da serea podería ser a reelaboración dunha lenda anterior que falase de 'homes mariños', quizais náufragos ou tropa dalgunha das moitas expedicións habidas entre o século IX e o XIII e ocasionalmente establecidas en Sálvora. Porque, a máis de todo, e en principio, polo que din as versións máis antigas, a serea de Sálvora sería un atlante, un sireno! Claramente o explica Antonio de Torquemada no *Jardín de flores curiosas*: "*Un linaje de hombres que llaman los Marinos, los cuales se dice y afirma por cosa muy cierta, y ellos no lo niegan, que descenden de uno de estos tritones o pescados que decimos ... Y aunque se cuenta de diversas maneras como cosa muy antigua, todas vienen a concluir en que, andando una mujer ribera de la mar, entre una espesura de árboles, salió un hombre marino en tierra, y tomándola por fuerza, tuvo sus ayuntamientos libidinosos con ella, de los cuales quedó preñada, y este hombre o pescado se volvió a la mar, y tornaba muchas veces al mismo lugar a buscar a esta mujer, pero sintiendo que le ponían asechanzas para prenderle, desapareció. Quando la mujer vino a parir, aunque la criatura era racional, no dejó de traer en sí señales por donde se entendió ser verdad lo que decía que con el tritón le había sucedido*".

E quedamos para outro día falar pousado do bonito asunto da serea e dos Mariño, que por outra banda, inspirou dúas obras de Gonzalo Torrente Ballester. Trata o tema na súa primeira novela, *Javier Mariño*, que foi publicada no Nadal de 1943 e retirada da venda aos 20 días. De feito, non se reeditou individualmente ata 1985, pois ninguén parecía estar contento con ela. En 1975 Torrente publicou *El cuento de sirena*, que revisitaba a lenda de forma máis breve e suxestiva, e aínda que o protagonista é un "*Mariño de Vilaxuán*", a serea era "*de Finisterre*", e "*se llevaba para su uso un Mariño de cada generación*". Ambas novelas están ambientadas na costa, mais eluden a referencia a Sálvora, demasiado afastada de Ferrol quizais, e o *Nobiliario* do Conde de Barcelos (1640) é a súa declarada fonte da inspiración.



Un dos blasóns dos Mariño

Indirectamente relacionada con Sálvora pode estar tamén *La sirena rubia*, de Francisco Camba, irmán de Julio Camba e como el nado en Vilanova de Arousa. *La sirena rubia*, publicada en 1926, cinco anos despois do naufraxio do *Santa Isabel*, ambiéntase na Ría Longa, un trasunto da ría de Arousa, repetidamente comparada con Grecia. Uns mariñeiros vense obrigados a deterse na ría, onde mora

e coñecen á serea Aquilea, grega tamén, que habita nunha caverna. A serea ten un fado fatal que atrapa e mata aos que dan con ela. E non conto máis.

A máis antiga referencia literaria á illa de Sálvora, que teñamos noticia, é o conto “A illa milagreira”, publicado na Coruña no nº 8 de *A Nosa Terra*, o 26 de setembro de 1907. O conto estaba asinado por Asieumedre, seudónimo de Manuel Lugrís Freire (pai do pintor de illas e de sereas Urbano Lugrís) e foi recollido en libro no 1909, na 2ª edición de *Contos de Asieumedre*. Neste simpático conto explica Lugrís porqué “*cando pasan as dornas fronte de Sálvora, as mulleres mozas poñen a man sobre da barriga*”. Conta o autor de Sálvora que “*aló polo ano de 1840 ... era propiedade do conde Malvar e ... o maordomo do conde, un tal don Visente [Vicente Caamaño], mercou a illa, e mandou a ela quince familias de labregos, para as que fixo dinantes cachoupiñas*”. Aínda que “*o terreo non é malo ... que está folgado e medra ben o froito*”, os colonos negábanse a permanecer na illa, pois “*haille tantos conexas! furaron de tal xeito o chan!*”. Don Visente mandou gatos para acabar cos coellos, pero aínda así os colonos volveron protestar pois “*agora son tantos os gatos, que non pode haber cristiano que perda o xuício coa barafunda que eles arman*”. De novo don Visente puxo solución ao problema cos gatos, e de novo os colonos se queixaron, pois “*Estamos inzados de fillos! Naquela terra nacen do mesmo xeito que os sapos cando cai orballo de tronada. Mala sentella coma a illa!... Eia! que non tornamos, inda que nos esfolen vivos*”. O conto non remata aquí, pois explica Lugrís como “*despois desto o goberno puxo un faro en Sálvora [en 1852]. Inaugurouno un vizcaíno, de setenta e cinco invernos ben cumpridos, que levaba máis de vinte anos de casado Aos dez meses de estaren na illa, pareu a muller... macho e femia coma dous soles. Dendes daquela as xentes din que en Sálvora hai un demo maliño e criador. Vosté rise? Eu teño nove fillos, e a culpa está en que dendes da miña casa vese a illa. Xa pechei a ventana que da ó mar, pero a miña dona debe mirar algunhas veces para esa terra milagreira*”.

O naufraxio do *Santa Isabel* en xaneiro de 1921, doulle a Sálvora un momento de trágica fama, e se multiplicaron as mencións na prensa de toda parte. En xullo dese ano Avelino Rodríguez Elías escribiu, para a Festa da Raza Galega celebrada en Compostela, o poema “Las heroínas de Sálvora”, que comeza deste modo: “*Arriba el cielo oscuro, encapotado; / abajo, el mar hirviente, embravecido; / enfrente, el peñascal que espera airado / la muerte en derredor*”. En 1924 Eladio Rodríguez González publicou o poema “Carne da raza” no volume *Oracións campesiñas*. Os versos, “*relembra o heroísmo da mulleres da illa de Sálvora*”, que “*quedou como símbolo da fraternidade*” “*nas carraxentas mareiras de Sálvora*”.

Ramón Cabanillas era de Fefiñáns, hoxe en Cambados, e dende a ribeira inzada de velas e dornas albiscaba Sálvora e o con de Noro na boca da ría. Debeu ter tempo para ensoñacións artúricas, pois en 1926 reuniu nunha publicación *Na noite estrelecida* (con debuxos de Castela) integrada por tres poemas ou sagas: *A espada Escalibor*, *O cabaleiro do Sant Grial*, e *O soño do rei Artur*. Probabelmente aquí están os meirandes versos adicados a unha illa galega, e é que a enaltece da mellor maneira, Sálvora, a illa onde aparece a espada Escalibor, a “*illa encantada / de rochedos de coral / esmeralda verdegaia / ó resprandor do luar*”, a illa que “*vela o sono do rei Artur que repousa no sartego aberto polo ferro de Celt*”, “*amada dos vellos deuses, mortos e esquecidos xa, que Sálvora lle chamaron, afeitos nela a atopar repouso doce e tranquilo de celestiais afáns*”. Alonso Montero tamén atopou referencias ao naufraxio do *Santa Isabel* e a Sálvora nos poemas de Cabanillas “As tardes na Pastora” e “A noite na calzada”.

Ramón María del Valle Inclán, que era de Vilanova de Arousa, establece en *Sonata de otoño*, de modo burlesco, a liñaxe do marqués de Bradomín ao referirse a un dos seus antepasados. É unha historia que coñecemos de antes: “*Don Roldán pudo salvarse, y en una barca llegó hasta la isla de Sálvora, y atraído por una sirena naufragó en aquella playa y tuvo de la sirena un hijo, que por serlo de don Roldán se llamo Padín, y viene a ser lo mismo que Paladín. Ahí tienes porqué una sirena abraza y sostiene tu escudo en la iglesia de Lantañón*”. Valle publicou no 1931 *El embrujado*. Tragedia

de terras del Salnés. Nesta peza aparece un breve pero intenso personaxe, Diana de Sálvora. O seu nome, Diana, remite á vida libre no bosque virxe, imaxe redundante coa atlántica illa que a apelida. Diana aparece na fin da obra personificando á illa: "*Viene con ella una brisa de redes y algas. Es blanca, alegre, desnuda de pierna y de pie, con los ojos verdes de onda de mar, metida en vientos y soles*". Vén pola porta pedindo unha pouca fariña e acaba convidada a comer polo amo en troques de fiar unha roca, o instrumento do tempo e do destino. É muller botada ao naipe, "*¡Tengo ciencia! Con ello esclarezco las vidas*" por ela fala o vento do mar.


Álvaro Cunqueiro, que se reclama parente dos Mariño e por elo tamén da serea de Sálvora, publicou en 1961 o artigo "El faisán de Sálvora", recompilado en *O reino da chuvía*. Nela conta a expedición de caza que realizou o seu amigo José María Castroviejo, "*con salvoconducto del propietario, el señor marqués de Revilla, y autorización para matar un único faisán macho*". Por aí soubemos que é "*a illa que habitou o dragón, unha besta vermella*". Cunqueiro supón que quizais o dragón de Sálvora morreu de puro vello, "*ou levouno unha onda dun temporal antigo: esa hora do norte aberto en Sálvora, que mete o mar na illa, ruidosamente*". O fermoso artigo non explica como cociñaron o faisán. Cunqueiro fixo máis referencias á illa, entre outras, fixo fillo de Sálvora ao capitán Pedro Mariño de Lobeira (1528-1594), autor de *Crónica do Reino de Chile*.


Antón Riveiro Coello publicou en 2002 *A canción de Sálvora*. O relato de Riveiro, que recrea o tempo do naufraxio do *Santa Isabel*, está inspirado en "O mastro dos soños", de Suso Paradela, o relato curto das peripecias de "*Xoán da Illa, mariñeiro de Sálvora*", que se "*arrexuntou coa cantante Nereida Fersen para viviren todas as marabillas do seu amor náufrago*".

Para rematar, a máis recente referencia literaria a Sálvora que atopamos é de maio de 2009, cando o CEIP de Aguiño publicou "A serea amarela e canela", en <http://heroínasdesalvora.blogspot.com>, e di así:

*"A serea amarela
nada ata Aguiño
cando sube a marea.
A serea canela
xoga en Sálvora
cando a lúa está chea".*

Un Zeppelin no ceo de Arousa, sen datar.





ONS, O MEU PARAÍSO DE ONTE (IX) XENTES DA MIÑA ILLA

Por: Julio Santos Pena

A Illa, de por si, é un enclave máxico. Foino sempre e, se cadra, daquela moito máis, porque era moito máis “illa” que hoxe, sen tanto balbordo de visitantes, coas súas casas autóctonas e coas súas xentes... as xentes polas que hoxe choran as terras, as pedras do mar, as veigas abandonadas... A Illa en si na que hoxe hai máis estraños que nativos, aínda que algúns, poucos, seguen apegados a ela como apéndice vivos e humanos do terrón que os viu chegar ao mundo hai tanto tempo.

Había daquela, como en todos os pobos do mundo, homes e mulleres de especial significación e presenza, capaces de xerar frases enxeñosas e novos hábitos que os demais repetían de xeito automático, o que daba mostra da influencia que tiñan no entorno humano do lugar.

“Un boi a escote non é caro” Decía aquel vello carenador de dornas que, nativo da Illa, xa non vivía nela pero volvía de cando en vez para darlle ás vellas dornas de Curro ou de Canexol unha man daquel *pringue* negro e máxico que impedía que a auga entrase polas grechas do fondo. “Cachote” era un verdadeiro filósofo sen ter estudado máis que o paso dos anos polo seu propio lombo. As horas de soidade ante as dornas, ás que acariñadamente trataba como fillas propias, serían de seguro tempo de reflexión dabondo para decatarse da realidade da vida. Moitas veces me teño sentado ao seu carón escoitando as súas reflexións, ás veces sorprendentes, cheas de pura filosofía dunha vida apegada ao chan, doadísima de comprender para quen compartira con “Cachote” aqueles sosegados intres observando como as dornas agradecían os aloumiños daquel veterano mariñeiro-carpinteiro de ribeira

“E mañán vés...? Espetábache Manolo Reiriz, aquel home miúdo, louro coma se fora parente do mesmísimo Astérix. Avezado mariñeiro, sempre riseiro, e quen de mesturar o serio coa risa facendo brillar aquel dente de ouro baixo o fino bigote lixeiramente amarelado polo efecto da nicotina. Manolo remataba daquel xeito calquera discusión ou polémica das que se formaban a miúdo por calquera cousa ou incluso por una mala xogada na partida do “truco”...*E mañán vés?*, dicía mirando para un, por non dicir , acabouse este conto!, de peor xeito. Toda a illa chegou a adoptar semellante expresión e ata os nenos na escola, cando calquera compañeiro aseguraba que

oito por catro eran vintecinco, limitábanse a dicir: *Moi ben!...E mañán vés?*

“*Dos potencias se saúdan*” Era a frase con que cada mañá me saudaba Manolo “O Pequeño”, un home delicado de saúde cunha estraña doenza que ennegrecía a súa pel de xeito moi singular e que invariablemente entraba na escola todos os días como se quixera mostrar cada xornada que vivía un día máis.


Manolo “O Pequeño”, tiña que ser inxectado diariamente cun fármaco que eu mesmo lle administraba a una hora concreta. Xa non traballaba no mar por razón do seu estado de saúde aínda que eu me decatara de que o seu remedio principal era a Illa mesma. Fixerámonos moi amigos e “O Pequeño” falábase moito dos seus fillos e da súa familia polos que tanto suspiraba

e sempre con aquel certo medo de se chegaría ao día seguinte. Sería por iso que cada vez que se cruzaba comigo soltábame aquilo de “*Dos potencias se saúdan*” utilizando un castelán de “eses líquidas” moi propio daquel entorno. Por certo que Manolo durou moitos anos máis e os últimos deles vivindo en Bueu como fixeron a maior parte dos illáns na década dos setenta.

“*O trapo moi raro*” Moito teño conversado tamén co señor Olegario, “Cambados”, un home de avanzada idade que tiña un tremendo padecemento asmático que moitas veces lle impedía facer o camiño entre o Pereiró, onde vivía, e o Cucorno, especialmente de ida porque tiña que salvar un promontorio que para calquera sería case nada pero, para el, una

barreira infranqueable. Olegario era outro dos frecuentes “clientes” do dispensario sanitario en que se convertera a miña casa e, cando albiscaba de lonxe que a asma ía facer niño nel, bulía coa botelliña do inxectable para “*poñer a venda antes da ferida*”. Algunhas veces tenme chamado á casa porque xa adoecía da difícil respiración ao que o sometía a súa doenza e entón era alí onde levaba a picada que para el supoñía sempre “*man de santo*” pola melloría case que inmediata que lle proporcionaba.

“Cambados” era un home xa de volta porque emigrara nos seus anos mozos, creo lembrar que a Venezuela, e atesouraba un compendio de historias e anécdotas que contaba coa maior das sornas e a mellor das grazas. Temos pasado na porta da tenda de Checho horas rindo coas cousas de “Cambados”, un



“Cachote”, descansando ao carón da súa casa en Pereiró. Ons.

pouco reais, outro pouco inventadas, que saían da súa boca. Como exemplo aquela anécdota, que aseguraba ser certa, dun día que, saíndo de mañanciña da casa, atopou un trapo moi raro no chan e pensou que era bo para poñelo de reforzo a aquel pao, o espicho, que se axustaba ao buraco existente no fondo da dorna e que, ao chegar á praia, se sacaba para que baleirara a auga do mar que se puidera ter metido a bordo. De volta á casa, segundo contaba, comentoulle á súa dona o do “trapo moi raro” e comprobou como ela e as súas fillas tentaban practicamente de fuxir de alí nerviosas e rindo. Con tempo soubo que aquel trapo non era senón un sostén, invento chegado facía pouco á Illa do que el aínda non tivera referencia.

A bala que me ha de matar xa está escrita aquí! Candiño era outra desas persoas que forman parte intrínseca dun lugar. A Illa e Candiño eran una soa cousa. Vivía no alto do Cucorno, moi preto do faro e prendía as sílabas ao falar dun xeito que había que poñerlle moita atención mentres non te acostumabas a entender todo o que dicía. Candiño chegou un día á miña casa cunha hemorraxia nasal tremenda que só puidemos cortar por un par de horas, ao cabo das cales o seu nariz era una fonte que asustaba. Don Manuel Castro Rial, director do Hospital de Pontevedra, co que tiñamos liña directa para estes casos, vendo que os seus consellos non facían ren decidiu que mandáramos a Candiño urxentemente a Pontevedra. El mesmo o recibiu, logo dunha travesía bastante accidentada nun barco pesqueiro da propia illa, e fíxolle un selado da vea a aquela grave situación.

Daquela en diante, Candiño viña falar comigo moitas veces e contábame historias que acababan sorprendéndome polo contido e pola vivacidade con que as relataba.

A Candiño colleuno a Guerra Civil na zona azul e, como outros tantos españois, sen entender nada do que estaba pasando, viuse cun fusil entre as mans para matar aos que tiña de fronte.

“Eu pasei moito medo”- confesábame cada vez que o rumbo da conversa ía pola contenda nacional.


Efectivamente aquelas historias eran unhas veces de medo e outras de afouteza e valentía pero nunca soubo explicar, aquel

illán arrincado do seu entorno daquel xeito, o por que nin para que estaba alí disparando contra os outros.

Nunha daquelas contaba: - Baixei pola ladeira dun monte a buscar a uns compañeiros e oía os disparos que pasaban preto de mín. O meu capitán berroume dende arriba para que volvera onda el. Contestei e seguí cara abaixo ata chegar a onde estaban os outros. Cando pasou o perigo, o capitán chamoume e con moito cabreo preguntoume que lle tiña contestado e por que non lle obedecerá na retirada e díxelle: - *Meu capitán, a bala que vai matar xa está aquí escrita*” e sinaleille o peito. Daquela dou a volta e só dixi que estaba ben.

Contaba Candiño que, ao remate dunha desas refregas nas trincheiras que hai en todas as guerras, caeu ferido nunha perna o capitán do seu rexemento. A situación era delicada porque non había máis posibilidade que facer una retirada a pé e aquel home non podía valerse por se mesmo. A Candiño ocorréselle a idea de levar a cabalo do seu propio lombo a aquel capitán ferido e ofreceuse para elo. - “Non había outro remedio -explicábame – e collín a aquel home ao lombo e pouco a pouco fomos cara atrás, case todo o día, ata chegar á outra liña onde o atenderon”. Candiño quedou á espera de ordes bastante preocupado, - “porque podíanme mandar outra vez para adiante a andar outro día”, dicía, - pero non foi así porque despois de descansar, o capitán mandou a alguén a preguntarlle que destino quería. “Eu respondinlle que quería volver para a Illa pero dixéronme que non podía ser aínda que me sacaron do fronte e puxéronme a coidar o cabalo dun coronel e alí estiven ata que volví para casa”. Candiño sempre terminaba: - “Quen me dera volver a falar con aquel home!, referíndose ao capitán que levara ao lombo tantas horas.

Doutros moitos homes da Illa podería referir anécdotas e historias. O Sr, Gabriel, o enterrador; Quiano, Vicente, Checho, Antonio... cada quen deles coas súas cousas. Eran, e algúns aínda son, parte da nosa Illa que non tería razón propia de ser sen eles. Membros dunha sociedade que só foi feliz cando descubriu que, fóra dos límites que lles foron propios, había outras ofertas de vida. Alí quedou o terreo e nel, as vivencias de xeracións de illáns dos que eles recolleron o derradeiro testemuño. No meu sentir están todos eles dos que aprendín tanto naqueles poucos anos de convivencia inesquecible.




Candiño despois da xornada de pesca

SUBVENCIONADO POLA:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Secretaría Xeral de Política Lingüística




TEMPOS PARA ESQUECER

Por: José Taboada García

Baseado nun feito real

Era o ano 1940, a guerra acababa de rematar. Unha guerra que nunca debería ter pasado, pois despois da guerra ven a posguerra, que moitas veces é peor ca mesma guerra.

Sobre a guerra xa escribira Don Juan Manuel en “El libro de los Estados” <Señor Conde segund dizen los sabios et es verdat, traen las guerras pobreza, lazeria, despoblamiento del mundo et deservicio de Dios. Est por onde omne debe evitar las guerras>



A nosa non foi unha guerra calquera. Foi civil e os vencedores e os derrotados quedan no mesmo país.

Aos nosos soldados tampouco lles deron bando a escoller. Houbo casos que loitaron irmáns contra irmáns, pais contra fillos... segundo onde os enrolaran.

E así percorría aquel ano na nosa Galiza interior. Polo día facían os traballos do campo e levaban o gando a pastar. Logo viña a noite e despois de cear, a familia xuntábase a carón da lareira e pasaban longas horas falando entre eles.

Esta era unha noite normal para algún, máis non para todos. Os perdedores da guerra, ou sexa, os de esquerdas, tremían.

Viñan, chamaban á porta con camisa azul e fusil na man.

- Que queredes!
- Cartos
- Non temos
- Pois homes

E así pasaba moitas noites, algúns non tiñan nin onde caer mortos. O réxime miraba para outro lado.

Era o mes de febreiro. A lúa estaba chea e o ceo estrelado, sopraba vento do norte e a temperatura era fría. O señor Garrido e a súa dona estaban a carón do lume, agardando a que os últimos tizóns se acabasen antes de deitarse.

A tranquilidade da noite viuse se súpeto truncada polos golpes que escoitaron na porta, non eran golpes calquera, eran golpes dados por culatas de fusil.

- Están aí! – Dixo o señor Garrido. Abríronlle a porta e entraron dous homes apuntando coas armas na man.

- Que queredes! – Dixo a muller
- Vimos por Garrido – Respondeu un deles.

Levantouse Garrido e cando estaba cruzando a porta da cociña.

- A onde mo levades!
- A dar un paseo.

Xa fóra, había dous homes máis, tamén con fusís. Atáronlle as mans ás costas cunha corda, igual que aos outros tres que traían con eles, que xa as tiñan atadas. Puxéronse a andar. Os catro das mans atadas camiñaban diante; os fusileiros detrás, a escasos metros.

Dentro quedaba a súa dona chorando, a súa sogra que espertara tamén chorando. No piso de arriba o seu fillo e a súa filla. Dentro da cociña quedaban enriba da artesa,

cinco cuncas de barro con cinco culleres de ferro dentro, cuncas que pouco antes tiveran caldo, ao seu carón frangullas de pan de millo. Polo chan movíase un gato famélico ao que tamén espertaran.

Xa chegados á entrada da ponte romana, despois de percorrer máis de catro quilómetros, escoitaron como artillaban as armas.


- Por favor non me matedes! – Dixo o Señor Garrido volvéndose.

A resposta foi unha mentira piadosa do máis novo deles.

- Non se preocupe que a vostede non lle vai pasar nada.

Logo xa faláron os fusís. Soaron catro disparos case o mesmo tempo, logo outros catro. A escasos tres metros, fallar é imposible, e dous tiros de fusil son suficientes para matar a calquera home. Caeron aqueles catro corpos feridos de morte. Máis, para rematar a faena, déronlle un tiro máis a cada un, esta vez na cabeza. O tiro de gracia.

Xacía o señor Garrido tombado boca abaixo, cando un deles, co fusil aínda fumeando e apuntándolle, como se dunha peza de caza maior se tratara, meteulle unha bota pola cintura e deulle a volta. Estaba cos ollos e a boca aberta.



- Garrido xa non precisaba o de graza, dixo.

Colgaron as armas ao lombo e fóronse mentres liaban uns cigarros.

Cando xa desapareceran por unha volta do camiño, levantouse o señor Garrido – Si levantouse- e non foi por ningún milagre. O seu corpo estaba atravesado por dúas balas que lle deran no ombro esquerdo. O tiro de graza saíra casqueiro, furáralle a gorra e leváralle algúns pelos por diante. Dirixiuse ao muíño que había preto do lugar da execución e, rascándose contra as pedras dunha esquina liberouse das ataduras. Fixo as primeiras curas rachando a camisa e usando a modo de gasa musgo e liques para conter a hemorraxia. Cando xa as feridas sangraban menos, chamou nunha casa de confianza, onde xa o curaron mellor con augardente e vendas de liño.

Máis non puido pasar alí a noite, podía comprometerlos. Marchouse dicindo que avisaran á súa familia onde se ía agochar. Escolleu a uceira de Soutobello, lugar case inaccesible, preto do nacemento dun río. Alí caváronlle unha cova na que viviu catro anos. A comida leváballe sempre Emilio, o seu fillo, rapaz de dez anos que, para que non desconfiasen, metíanlla nun fol (saco de pel para ir ao muíño).

Veuse este rapaz obrigado a mentir moito.

- Para onde vas Emilio?

- Ao muíño!

- De onde ves Emilio?

- Do muíño!

E así viviu o señor Garrido catro anos que se lle fixeron moi longos. Mentres a familia gardou rigoroso loito. A igrexa non podía dar sepultura cristiá aos paseados.

Pasado este tempo o réxime sacou un armisticio que dicía que os desaparecidos sen delitos de sangue podían presentarse e non sufrirían represalias.

Volveu á súa casa agochado nun carro de fento. Alí estivo tres meses, pasados os cales presentouse sen ter contratempos.

Era o señor Garrido un home normal, un bo veciño. Non estaba casado pola igrexa, e era del Frente Popular. Por iso fora paseado.

O tempo foi pasando e este home levou unha vida normal, sen que volveran a meterse con el.

Era nunha voda, ao finais dos sesenta. O señor Garrido era un invitado, como era eu, un rapaz tamén invitado. Teño que confesar que me impresionou. Sentado fronte a min o señor Garrido contou parte da súa historia. Non nomeou a ningún dos mortos, nin a ningún dos fusileiros. Tampouco ninguén fixo preguntas.

Contou as súas andanzas de forma sosegada, sen mostrar ira ou vinganza, como se quixera esquecer todo.

Outras veces o señor Garrido sacaba peito e, en clave de humor dicía:

- Coidado comigo, que eu morro e resucito.

EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA RÍA DE PONTEVEDRA¹

Por: Xosé Manuel Pereira Fernández

Universidade de Santiago de Compostela

Dende a noite dos tempos ata finais da etapa medieval

Múltiples achados arqueolóxicos no seo da ría revelan a existencia de relacións marítimas cos diferentes fisterres atlánticos e co Mediterráneo dende a noite dos tempos. Sen embargo, Pontevedra non entrará na historia ata 1169, cando Fernando II lle concede o foro. O documento significou o sancionamento xurídico dun asentamento de poboación situado estratexicamente respecto a unha importante vía de comunicación, e orientado cara ao aproveitamento dos recursos do mar. A partir de entón, Pontevedra contou coa permanente protección e favores reais. Así foi como a vila do Lérez gañou a condición de porto privilexiado dentro da ría. Este feito aseguroulle o control dos recursos do mar e o dominio comercial sobre as poboacións mariñeiras próximas que dependían do porto principal para todo o relacionado coa preparación e comercialización do peixe.

Os portos galegos exportadores de peixe mantivéranse nun segundo plano ata 1375, pero o quinquenio que comezou nese ano trouxo unha conxuntura moi favorable. A partir de entón a industria salgazeira experimentou un notable crecemento coa posta en marcha da explotación masiva das salinas de Breaña, Aveiro e Setúbal. A nova dispoñibilidade de sal fixo posible a manipulación de cantidades de peixe suficientes para ampliar o radio de exportación e penetrar nos mercados do Mediterráneo occidental. Neste contexto, a mediados do s. XV a posición comercial preeminente de Pontevedra veuse reforzada por novas concesións reais, situándoa no centro das actividades mercantís de Galicia. Con todo o citado, o marco xurídico para a dominación comercial por parte da vila do Lérez sobre o territorio inmediato estaba creado. Pontevedra camiñaba cara ao seu *Século de Ouro*.



O século XVI. O esplendor da pesca e da vila de Pontevedra

Entre os autores existe coincidencia en afirmar que nunca na historia de Galicia tanta xente se dedicou á pesca como aconteceu no s. XVI. No caso de Pontevedra, o maior e máis dinámico núcleo urbano do Reino de Galicia durante boa parte do Cincocentos, nun reconto nominal de veciños realizado en 1588 cunha intencionalidade fiscal, case o 70% dos mesmos indican a profesión exercida. Deles, practicamente o 45% declaran ser mareantes ou pescadores. A documentación fiscal tamén informa que dentro da achega de Pontevedra á Facenda Real en concepto de alcabalas, o monto do peixe descendeu do 40% do total só en 1579 e 1587, superando o 50% en varias ocasións. Ao mesmo tempo, a suma do importe da cantidade cotizada polas vendas do peixe e o viño -Pontevedra era o porto natural de saída do viño do Ribeiro, de grande predicación cara ao norte nese momento- sempre superou o 60% do total, situándose durante varios anos por encima do 70%.

Ao igual que sucedeu noutros lugares do litoral galego, durante o s. XVI, na Ría de Pontevedra a actividade pesqueira artellouse, fundamentalmente, sobre dous sistemas: de forma comunitaria, mediante os cercos; e dunha maneira máis ou menos individual, tendo, neste caso, nos xeitos a arte de pesca máis representativa. Ámbalas dúas artes de pesca foron as grandes protagonistas das Rías Baixas galegas, levantando tanto apaixonadas defensas como furibundos ataques. Na Ría de Pontevedra os cercos foron os que contaron co apoio "institucional", traducíndose o posicionamento no seu enaltecemento e paralela denigración dos xeitos.

Dun modo semellante ao que acontecía noutros lugares do litoral cántabro-atlántico da Península Ibérica, a actividade



MAQUIEIRA

PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA



pesqueira estivo regulamentada polas ordenanzas de pesca. As súas cláusulas entendían en todo o referido a vedas, obrigas relixiosas e laborais dos mareantes, forma de emprego das diversas artes de pesca e áreas de utilización, medidas e características das mesmas, sancións aos infractores... A súa execución deu lugar a un interminable rosario de preitos. Agora ben, a pesar da recorrente alusión a mortes -enmarcada na esaxerada grandilocuencia reflectida no relato dos incidentes-, unido á reiterada presenza de arcabuces, espadas, béstas, lanzas, pedras, "armas ofensivas y defensivas" nos envites protagonizados polos homes do mar, a realidade final semella foi outra. No peor dos casos, as permanentes liortas remataban en pequenas rabuñadas, simples feridas, algunhas contusións, un pouco de sangue, e algún que outro mergullo. A conflitividade pesqueira tamén pon de manifesto o protagonismo acadado polas mulleres no mundo do mar do s. XVI. Se no referido á constitución dos cercos resulta doado atopalas actuando como "activas socias capitalistas" aportando quiñóns de rede para o seu furnimento, do mesmo xeito aparecen defendendo fisicamente os seus intereses.

O estudo da documentación xerada polos conflitos pesqueiros tamén desvela a existencia dun debate, durante grande parte do s. XVI, entre os homes do mar da época sobre se a mesma era "común" ou debía estar sometida a competencias xurisdiccionais. Os mareantes pontevedreses fixeron un emprego comenenciario do mesmo, pois mentres que na Ría do Lérez buscaron restrinxir a pesca aducindo os seus dereitos xurisdiccionais, cando nalgún momento se desprazaron a puntos do litoral das Rías Baixas que caían fora do seu control, intentaron realizar faenas de pesca invocando o dereito ao emprego "común" do mar.

A visión tradicional, que presentaba aos homes do mar das Rías Baixas galegas como pescadores de baixura, por oposición aos do litoral cántabro, sempre máis avezados a internarse en augas máis procelosas, é rexeitada actualmente tanto por autores da fachada cántabra como pola documentación notarial pontevedresa. Esta presenta aos seus homes do mar como auténticos lobos de mar, capaces de, previo artillado dos seus barcos, dirixirse ao Atlántico Norte á pesca do bacallau, como, a modo de exemplo, ocorre en 1518, 1578 e 1579. No Cincocentos tamén está documentada a presenza de homes do mar e barcos da Ría de Pontevedra no prolífico, en pescada, Banco Canario-Sahariano. A modo de exemplo, o 26 de setembro de 1523 mareantes da Moureira concertábanse ante notario para iren pescar ao citado banco. Os desprazamentos a Terranova e o Banco Canario-Sahariano realizábanse fóra da temporada dos cercos, campaña que na Ría de Pontevedra presentaba unha duración aproximada do 21 de setembro a Nadal. Durante a mesma conseguíase o maior volume de extracción piscícola e obtíñase a maior rendibilidade económica. Esta pauta de actuación parece informar que o norte buscado polos nosos antepasados era a optimización de rendementos e beneficios.

A evolución nos séculos seguintes

Aínda que cada día coñecemos máis elementos das causas e

a evolución da crise de Pontevedra, ata o momento as mesmas non foron estudadas en profundidade. Fronte á tradicional visión que, practicamente, só incidía no cegado do porto e a fuxida da sardiña, no seu momento, o padre Sarmiento xa rexeitou a desaparición da citada riqueza piscícola. Na mesma orde de cousas, máis que a evidente perda de calado do porto e colmatación da Ría no seu tramo final, o que incidiu de forma decisiva na evolución negativa foi o fracaso das negociacións para incorporar á xurisdición pontevedresa o porto de Marín no tramo final do s. XVI. Na segunda metade do Cincocentos tamén se asiste a un sensible incremento da inseguridade na costa debido á actuación de corsarios e piratas protestantes e musulmáns. Nun primeiro momento destaca a actuación inglesa. Pero será no s. XVII e ligado á política pacifista de Felipe III, a cal deixou indefensa e inerme a costa, cando os musulmáns recorran case sen ningún obstáculo as rías causando a destrución de varias vilas.

A finais do s. XVI o desabastecemento de sal foi xeneralizado en Galicia. A este feito engadiuse o paralelo forte incremento do seu prezo. Ao ser Aveiro o seu lugar de aprovisionamento, no caso de Pontevedra a situación chegou ao colapso coa guerra con Portugal (1640-1668). A deficiente conxuntura intentouse solucionar coa creación de salinas autóctonas -actuación que se saldou cun rotundo fracaso-, téndose que recorrer á importación de sal de Nantes (Francia). Ás negativas circunstancias citadas débese engadir a perda da condición de porto internacional por parte de Pontevedra. O feito, debido ao Preito de Carga e Descarga mantido con Baiona e A Coruña, significou para a vila do Lérez unha drástica redución do seu tráfico marítimo e das actividades económicas con el relacionadas. Por se algo faltaba, durante o s. XVII prodúcese a asfixia fiscal pontevedresa. A mesma aparece ligada á figura fiscal dos millóns; mellor dito, á suma do importe de alcabalas e millóns. A situación contrasta co acontecido no s. XVI, onde, fronte a forte presión fiscal sufrida por amplas zonas da Coroa de Castela, a do Reino de Galicia foi bastante benigna. Porcentualmente, Galicia pagaba máis ao comezo do reinado de Felipe II que no momento do seu pasamento. Ante a nova conxuntura do s. XVII, está documentado o asentamento de familias de mareantes pontevedreses noutros portos do litoral.

Aínda que a contracción da actividade económica é perceptible ao longo das catro primeiras décadas do s. XVII, o colapso pontevedrés prodúcese coa guerra con Portugal. Asístese entón a un proceso de militarización, alistamentos, levas, aloxamento de tropas, repartimentos para sufragar gastos... Durante o conflito bélico desaparece case que por completo a exportación de sardiña a Portugal, apartado clave da economía pontevedresa. Aínda que a actividade reanudarase a comezos do s. XVIII, nese intre Pontevedra xa perdera o protagonismo pesqueiro en beneficio doutros portos da Ría, ou das rías veciñas. A partir de 1640 faise patente a decadencia e o empobrecemento de Pontevedra. A situación mantense ata a segunda década do S. XVIII ao enlazarse coa Guerra de Sucesión e o conflito bélico

de 1719 con Inglaterra, no que se produce a invasión e destrución de Pontevedra. Ata mediados da centuria a vila do Lérez parece experimentar unha certa recuperación, pero na segunda metade do século unha serie de factores aceleran a súa ruína: crise agraria, caída das exportacións de peixe a Portugal a consecuencia da Guerra do Peixe, nova serie de conflitos bélicos nos anos seguintes... A longa duración da crise acaba desartellando -practicamente desaparece-, o, nese momento, xa feble sector burgués pontevedrés, nimia caricatura dos poderosos, activos e arriscados mercadores pontevedreses do baixo medievo e s. XVI. A decadencia do arrabalde da Moureira continuou ao longo do s. XIX. En 1904 as capturas da flota pesqueira pontevedresa representaban unicamente o 4% do total da Ría. O breve período de relativo auxe vivido na segunda e terceira décadas do s. XX, foi a última bocexada do porto pontevedrés.

Os intercambios comerciais e humanos entre Portugal e Pontevedra

Durante a época do seu esplendor, a economía pontevedresa sustentouse sobre dous piares básicos: a pesca e a exportación de viño do Ribeiro. Deste xeito, o porto pontevedrés logrou centralizar os dous produtos galegos máis comercializables. Se Cantábrico, Portugal, Andalucía e o Mediterráneo occidental foron, maioritariamente, as áreas receptoras do peixe -sobre todo sardiña- exportado por vía marítima dende Pontevedra, os portos do norte conformaron o lugar de destino do viño do Ribeiro.

Considerablemente elevada tivo que ser a demanda de madeira en Pontevedra. Co paso do tempo asístese a un vagoroso desprazamento dos lugares de aprovisionamento. Se a comezos da década dos anos corenta do s. XVI o porto pontevedrés aparece como único lugar de carga, na segunda metade dos sesenta xa o comparte coa asturiana Navia. Nas últimas décadas do século, Pontevedra pasa a ser importador, procedendo a madeira de Asturias e incluso de Bretaña ou Terranova. O comercio de exportación de madeira tivera os seus puntos de destino en Portugal, Andalucía e Canarias.


Peixe, coiros, carnes, matanza... fixeron que o sal fose un produto vital para a economía pontevedresa. As salinas de Aveiro foron o lugar onde os veciños de Pontevedra realizaron

os maiores aprovisionamentos, chegando a, practicamente, monopolizar o consumo galego. Como queda indicado, a partir de 1640, debido á Guerra de Independencia portuguesa, as salinas francesas de Nantes supliron ás portuguesas. Ademais de sal, Portugal abastecía de azucre a Pontevedra, sendo, neste caso, o porto de Viana o lugar de procedencia dos barcos. O litoral galego tamén foi tradicionalmente deficitario na produción cerealeira. O déficit cubríase coa importación de "pan de sobre o mar". Esta situación invértese a partir de finais do primeiro terzo do s. XVII coa xeneralización do cultivo do millo.

Un dos trazos máis salientables de Pontevedra durante a súa etapa de esplendor foi o seu mercado cosmopolitismo. Xunto ao permanente camiñar de portugueses, bretóns, flamengos, ingleses, asturianos, biscaíños..., as súas rúas tamén contemplaron a presenza de escravos negros e mouros. Pola contra,

sensiblemente menor foi o número de persoas do interior peninsular que deixaron rastro documental. Especial importancia acadou a colonia "flotante" de mestres de navío portugueses, os cales, sobre todo na primeira metade do s. XVI, parecen monopolizar tal actividade nos barcos que atracan no porto pontevedrés. Paralelamente, nas operacións de entrada e saída do porto da cidade de Porto destacou o papel

acaparador mostrado polos galegos como "mestres de barra". Tamén houbo unha serie de persoas do veciño Reino de Portugal que aparecen asentadas no núcleo urbano pontevedrés, procedendo, na súa maioría, das comarcas de Barcelos e Monção. O grupo máis interesante confórmano os conversos. Fuxidos da intolerancia relixiosa da Inquisición portuguesa, atoparon acougo nunha Galicia onde a actuación do Santo Oficio sempre se mostrou sumamente laxa. Pola súa proxección posterior, os Donís brillan con luz propia. Dende a súa chegada a Pontevedra mostraron unha especial atracción polos cargos públicos municipais e a fiscalidade, tanto a real como a local. Aínda que parte da familia permaneceu en Pontevedra, nun momento dado deron o salto á Corte, lugar onde tiveron un relevante papel como banqueiros de Carlos II -cunha menor proxección tamén de Felipe IV-. Se en 1675 Ambrosio Donís xa era Cabaleiro de Santiago, será en 1680 cando os Donís consigan o marquesado de Olivares.



¹ O presente artigo é un resumo das conferencias impartidas baixo o título "A historia da Ría de Pontevedra" entre os días 8 e 12 de novembro de 2005, no IES "A Xunqueira" de Pontevedra, con motivo da actividade de intercambio entre a "Escola Santa María Maior" de Viana do Castelo e o IES "A Xunqueira" de Pontevedra. Actividade enmarcada na Iniciativa Comunitaria ITERREG IIIa-QUET-Cualificación Profesional no Espacio Transfronterizo.

HISTORIAS DO GROVE

"Contos de Taberna"

Por: Moncho Lavandeiro

Todos os pobos teñen un patrimonio inmaterial que se transmite de pais a fillos. O Grove, non ía a ser menos e, a carón da fabulosa lenda do Meco, xorden diariamente un mundo de anécdotas, historias, sucesos,...., narracións, contos,...., protagonizados polo quefacer diario das persoas, pero tamén, por un grupo de persoeiros que teñen un don especial para interpretar todo tipo de situacións e circunstancias especiais.

Tamén hai bos relatores que fan de calquera anécdota ou suceso ocorrido toda unha historia, ás veces real, pero outras, conxugando o real co fantástico, provocan que un simple acontecemento sen importancia se converta en toda unha profunda historia que, en pouco, chegará a tomar visos de lenda.

Nese mundo do "conto" sempre estiveron presentes dous principais escenarios: as barberías e as tabernas. Aínda que agora xa se perdeu moito o costume da visita ás barberías para parolar, era un feito cotián e, ao tempo de ler a prensa e revistas gratis, aproveitaban para comentar, charlar,...., e ata criticar todo tipo de incidencias diarias.

As tabernas tamén cumprían e, aquí si, aínda cumpren, ese labor. Os faladoiros son diarios e o taberneiro soe participar activamente nelas.

As tabernas de O Grove cumpriron dende sempre esa función divulgadora de historias. Hai que ver as que se armaban: *"Chegaba Siño Xosé ao <Tasitas> despois de horas intentando pescar no peirao e só coller un simple e pequeno lorcho, cando, coñecedores do tema algúns dos clientes, comezan alí a mofa e, despois de continuar a rolda por varias tabernas, ao chegar á de <Pitintolo>, o lorcho xa era un completo robalo de 4 kg, e alí argallan o bulo de que van preparalo no <Pescador> e que todo o que queira participar da comedela só ten que ir a xunto Chuco e apuntarse"*. A partires de aí o "conto" xa está montado, só queda esperar a ver o que pasa e se algún parroquiano cae no engado.

Pero tamén xorden a cotío moitas anécdotas reais que os seus protagonistas contan, polo xeral nas tabernas, e que, despois de escoitadas polos amigos, clientes ou polo taberneiro, estes se encargan da súa divulgación, máis ou menos, maquillada, converténdose en pouco tempo nun elo máis da cadea que forma a importantísima cultura popular dunha vila.

Estes feitos, contos, historias, relatos, anécdotas, sucesos, incidentes, narracións,...., lendas son en O Grove, como as Chatas, parte imprescindible da Cultura Popular dos mecos e da súa personalidade. Dalos a coñecer, sen ánimo de desprezo ou ofensa cara aos seus protagonistas, ten que ser unha obriga porque eles e o que lles aconteceu, sempre serán parte imprescindible da cultura meca. Deixala quedar no esquecemento sería un erro imperdoable.

CONTOS DE TABERNA

O TABACO DE TRAILA

Saíran ao mar e atopábanse levantando as nasas. Cando estaban en plena faena, avistaron flotando uns vultos que resultaron ser unhas cantas caixas de Winston.

O patrón, así como tamén a tripulación, non desaproveitaron a ocasión e puxéronse mans a obra.

- Abordo todo o que se poida! - Ordenou o patrón.

Chegado o sábado, día de "partir" as ganancias da semana, xuntáronse o patrón maila tripulación, entre a que se atopa, o seu fillo. O patrón dixo:

- Ben, da venda do peixe e marisco, toca a tanto a cada mariñeiro e para o barco (capital) *cuanto*.

Todo ía ben ata que chegou a partición do tabaco. O patrón seguiu co mesmo sistema de reparto que co peixe.

- Tantos cartóns para cada un e, para o barco (capital) tantos.

Os mariñeiros non quedaron moi satisfeitos e, moito menos, o fillo do patrón que, con moita retranca, díxolle:

¡¡¡E-ló, papá!!! O barco tamén fuma?

ACTIVIDADES "Pineiróns"

Agradecemento á:

Subvencionada



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

O CONGRO DE JAREJA

Jareja é un mariñeiro que, cando se pon a falar das súas capturas, resulta ser o “namber guan” de toda a ría de Arousa.

Un día de tantos, presumindo do que pescara, dixo:

Teño enxanchado nun laño da punta do muelle, dende a semana pasada, un congro tan grande que non o dou sacado enteiro, entón vou traendo para a casa “toro” a “toro”. Pero o peor non é iso, e que cando vou a sacar o seguinte “toro”, vexo que o condenado xa creceu tanto coma os “toros” que lle saquei.

NA BARBERÍA DE TONIO

Un deses días de calor do mes de xullo, estaba Tonio cortándolle o pelo a un cliente. Coa calor que facía, o home quedouse durmido mentres Tonio facía, con toda delicadeza para non espertalo, o seu traballo, xa que, polo espello, mirábao cunha cara de felicidade extrema.

Rematada a faena, Tonio, con moito tino, para non espertalo de súpeto, preguntoulle:

- Como quere a raia?

O cliente, que escoitara ao barbeiro fundido no seu letárxico sono, contestoulle sen esperar:

- ¡¡Con patacas!!

SAN ANTONIO DOS PESUÑOS

Era o día do patrón e estaban a celebrar a misa na capela de San Antonio. Chegou a hora da procesión, e faltaba un home para levar as andas do Santo.

Na terraza da taberna do Lavandeiro, atopábase Pepito, o barbeiro, tomando un viño. Albiscouno Toñito, que facía de sancristán, e foi cara a el.

- A ver Pepe, que nos falta un home para levar o Santo.

Pepito, ergueu a cabeza, mirou para el con cara de asombro e espetoulle:

¡¡... Como non o botedes a andar!!

O COMANDANTE

Atopábanse na taberna un grupo de amigos charlando sobre o cocido que se ían papar na cantina que queda ao lado da gasoleira de Vilalonga sobre as nove da noite.

Na barra un cliente despistado lendo o periódico e tomando unha caña. Chamábanlle o “comandante”. Tiña sona de ser fino de orella e un pouco ou bastante lampantín.

Non repararan eles, que o “comandante”, que non tiña nada que ver co grupo nin co cocido, os estaba a escoitar.

Ao redor das oito da noite, o “comandante” saíu, a lume de carozo. Despediuse, coma se nada e marchou.

Colleu o coche e deu unha pequena volta para que ninguén se decatase de que collía rumbo á cantina.

Ao chegar alí achegouse ao xefe e, coma se nada preguntou:

- Que, aínda non veu ninguén dos do cocido?

Os da cantina, contestáronlle que aínda non, que quedarán para as nove.

- Si, home, xa o sei, pero é que eu teño que ir de viaxe a Ferrol e a esa hora facíase tarde, e quedaron de estar aquí antes. Pero ben, non importa, vaia vostede poñéndome a min algo que xa como antes. Cando veñan despídome e sigo a viaxe.

Confiados os da cantina, puxéronlle unha boa fonte de cocido, que papou en menos de quince minutos. Ao rematar, aínda non eran as nove, ergueuse da mesa e, máis contento que un “rulo”, espetoulle ao dono:

- Cando veñan eles, dígalle que eu xa comín e que non esperei que tiña moita présa.

Ao chegar os outros e despois de escoitar abraiados as explicacións do dono da cantina comentáronlle que o seu amigo comera antes pola présa que levaba. Dixeron eles

- Xa nos fodeu o pájaro do comandante!!!



“Pintos” fronte á taberna do Lavandeiro

OUTRA DE JUAN PROL “PINTOS”

Antes de que existiran ese mundo de aparellos para predición do tempo, eran os mariñeiros os mellores meteorólogos que existían. Se as nubes se pousaban na montaña, se o mar tiña ovelliñas, se as gaviotas voaban alto, se as canilongas reviraban a crista,...., ou se o porco retorecía o rabo, sabían se ía a ventar, a chover, se íamos a ter marusía,...., ou se viña unha tormenta.

Pintos era un deses mariñeiros experto meteorólogo. Cando estalou a Guerra Civil el, que nunca puxera un esparadrapo, foi destinado a Sanitarios. Un día chegoulle o tan ansiado permiso e achegouse ata o Grove.

A súa nai, coma todas as mulleres que sempre preguntaban aos mariñeiros polo tempo, ía a poñer a roupa a secar e, aproveitando que Pintos estaba na casa, preguntoulle:

- Juan, ti que dis? Choverá?

Pintos, todo cheo de razón, contestoulle:

- Pero mi madre, vostede non sabe que eu son Sanitario.

A CULTURA ETNOGRÁFICA DUNHA COMUNIDADE EN REGRESIÓN: "A ILLA DE ONS" "OS PIORNOS"

Por: Fernando Trigo Fontán

INTRODUCCIÓN:

Contaba Salustiano Portela Pazos¹, falando da Illa de Ons no ano 1954, que: "No podemos resistir a la tentación de suponer y admitir como indudable el que esta isla - una de las que entre las Rías Bajas mayor interés despierta, por su amplitud, historia, riqueza del suelo y de las de situación más comprometida, cerca de la playa de la Lanzada, no lejos de la desembocadura de la de Villagarcía de Arosa, a la vista de la de Vigo y de Marín...- ". Vinteseite anos despois, Fernando Alonso Romero², volvía a dicir que: "... se a entidade cultural de Galicia se está a perder é porque nós, os galegos, deixamos que se perda, quizais por ignorancia do que ocorre, quizais por falta de visión de futuro, quizais por comodidade. Máis cada día asistimos con tristeza á lamentabel destrucción dalgún valor cultural;..., de seguir así señores, chegará un día no que, para coñecer a realidade cultural galega haberá que recorrer aos poucos libros que existan sobre a cultura que Galicia tiña no seu pasado, como lamentabelmente teño que facer agora para falar da cultura popular da Illa de Ons".

Pasaron xa máis de 50 anos dende a primeira declaración de Salustiano sobre a importancia histórica, etnográfica e antropolóxica de Ons e vinteito da de Alonso Romero pero, aínda hoxe 2010, ata pertencendo ao único Parque Nacional que existe en Galicia, Ons segue sendo a grande esquecida en estudos, investigacións e prospeccións arqueolóxicas nestes eidos.

AS CONSTRUCIÓNS ANEXAS DENTRO DA CULTURA ETNOGRÁFICA DA ILLA DE ONS


Pedro de Llano comentaba no seu magnífico traballo sobre Ons³ referíndose ás construcións complementarias que: "... xunto á casa-vivenda atopamos toda unha serie de construcións: o palleiro, as corte e cortellos, os

¹ Salustiano Portela Pazos. "Apuntes para la Historia de la Isla de Ons". Cadernos de Estudios Galegos. 1954

² Fernando Alonso Romero. "O ocaso da cultura popular na Illa de Ons" I Coloquio de Antropología de Galicia. Museo do Pobo Galego. 1982

³ Pedro de Llano. "Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida". Cuadernos do Seminario de Sargadelos. 1981

pendellos, os hórreos... fruto das necesidades da economía dos seus habitantes, que se ben en moitas ocasións non se encontran directamente integradas na edificación da propia casa, actúan - illadas ou adosadas a ela - como os seus elementos complementarios, axudándoa a cumprir as súas funcións como centro de vida familiar e a configurar a facer habitabel o seu entorno inmediato."



Piornos construídos polo Marqués de Valladares para gardar o millo do pago da renda dos insulares.

Estas construcións anexas van a servir para desenvolver un papel importante a carón da vivenda. Unhas van a estar destinadas para gardar as colleitas, sobre todo millo e patacas, e protexelas das inclemencias do tempo e de certos animais, como os ratos. Outras están destinadas aos animais e haberá tamén as que van servir para gardar tanto os apeiros da labranza como os aparellos de pesca.

Pedro de Llano fala da similitude destas dependencias ao que foi a arquitectura primitiva da Illa: "... xa que ben a casa foi evolucionando a medida que foi millorando a calidade de vida dos seus habitantes, as construcións adxectivas continuaron mantendo as características edificatorias da casa-vivenda que describira Álvaro das Casas".

OS PIORNOS NA ILLA DE ONS

A medida que comezaron a traballar as terras, os insulares víronse na necesidade de almacenar os produtos agrícolas

(millo, trigo e pataca) sobrantes despois de pagar a renda (que se facía en especies agrícolas) ao dono. A casa quedaba pequena, ao matrimonio había que sumar os ascendentes (avós) e os descendentes (fillos) estes últimos nunha media de tres por familia. Xa se poden imaxinar o xeito de vida dos insulares a mediados do século XIX, nunha “caseta” de 50 metros cadrados ou nun “casal”⁴ de case 60, vivindo seis membros dunha familia; onde ían a gardar as colleitas? Isto motivou o xurdir das edificacións anexas, tanto para o gando (galiñeiros, cortellos, cortes,...) como para os produtos agrícolas (piorno).

O xurdir do piorno en Ons non foi doado. Os primeiros que se coñecen, e que constan en documentos da época, son dous enormes piornos de pedra⁵ sitos no lugar da *Iglesia* (hoxe Canexol), que se atopaban na parte posterior do caserón (dedicado posteriormente a reitoral e escola), que o Marqués de Valladares tiña dedicados ao almacenamento dos produtos agrícolas froitos da renda cobrada aos insulares.

PIORNOS DE MADEIRA

Os primeiros piornos da illa eran moi rudimentarios, coa cámara de táboas de madeira atopadas nas praias ou cantís illáns e como base poñían chantada no chan unha pedra, máis ou menos cilíndrica, duns 30 cm. de base, enriba da cal poñían outra circular, que servía de tornarratos, duns 50 cm. de diámetro.

A medida que as posibilidades económicas dos insulares aumentaron e comezaron a chegar a Ons barcos para pescar e vender sardiña na fábrica de salga. Tamén chegou madeira cortada nos serradoiros do Morrazo para a construción de piornos e con ela os carpinteiros que os construían. De aí xurdiron piornos de madeira cunha tipoloxía moi parecía aos do Morrazo ou Salnés segundo de onde foran os carpinteiros construtores.


⁴ “Casetas e casais” eran os tipos de vivenda existentes na Illa de Ons durante o século XIX e principios do XX.

⁵ Interesante é que, por especialistas, se faga un estudo das pedras que serven de base ao piorno do sur (xa o fixo público en varias ocasión Tino Pardellas) xa que, pola súa forma, indican que non foron traballadas para servir de base a un piorno, senón para unha edificación máis importante. Por calquera razón esa edificación desapareceu e foron utilizadas como soporte da cámara do piorno.



Piorno de madeira do barrio da Iglesia (Canexol) nos anos 60 do século XX. (Foto Stefan Mörling)

Os novos piornos de madeira eran de forma triangular, con base de catro ou seis pés con tornarratos independentes. A cámara totalmente construída de madeira. A cuberta a dúas augas, nun principio de madeira e palla, pasando logo a tella do país. As portas de acceso atopábanse nos laterais. Non tiñan adorno, ao sumo algunha cruz de madeira.



Derradeiro piorno de madeira que se atopaba no barrio de Pereiró e que caeu sen que ninguén o remediara a principios dos anos 90 do século XX

PIORNOS DE PIEDRA

Aínda que as familias máis podentes que collían gran cantidade de colleitas e tiñan animais, xa comezaron a finais do século XIX a ter piornos de pedra ao poder contratar canteiros das terras do Salnés, a súa aparición na Illa data dos anos da fame, segundo contan os veciños.

BAR LONXA
PORTONOVO

Teléf: 986724333

ESPECIALIDAD

* ALBARIÑO

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

Está moi espaxado pola Illa, pero é nos barrios de Canexol e Pereiró onde se atopan en boa cantidade, debido ao feito de que, naqueles anos 40 – 50 do pasado século XX, eran as zonas habitadas polas familias máis ricas de Ons, no que se refire a colleitas e a posesión de cabezas de gando, e podían manter a eses canteiros que acudían á Illa a traballar só a cambio da comida e dun lugar seguro onde refuxiarse (a maioría fuxidos da represión franquista), aínda que tamén viñan canteiros profesionais contratados.

Estes piornos están construídos en cantería coa característica diferenciadora da base, que podemos dividila en tres:

- a) Con pés e tornarratos
- b) Con base maciza de pedra.
- c) Con celeiros que serven para almacenar leña, para gardar patacas e outros produtos agrícolas, trebellos de labranza e ata animais.



Piorno do barrio de Caño que a finais dos anos 70 do século XX, destruíron para aproveitar as pedras en outras construcións

Son de forma rectangular, con cámara de pedra de boa cantería. A cuberta a dúas augas e teñen adornos con cruces e pirámides tamén de pedra.

Son os máis favorecidos en canto a conservación, aínda que moitos atópanse nun estado lamentable hoxe en día.

PIORNOS DE CEMENTO E CEMENTO E LADRILLO

Son os máis recentes, datan, a maioría, dos anos sesenta e ocupan, maioritariamente, os barrios de Caño e Cucorno. Esta terceira xeración de piornos xurdiu co nacemento dunha economía pesqueira forte, que trouxo o crecemento económico dalgunhas familias antes desfavorecidas; tamén grazas a un maior contacto coa península e co coñecemento de materiais de construción accesibles e doados de traballar.

Nestes tempos os piornos de pedra sofren un retroceso, xa que os insulares non poden costear a pedra nin aos

canteiros ao estar pagando, un número importante de veciños, os préstamos dos novos barcos a motor e ata a nova casa en Bueu.

Nestes piornos soen respectarse as formas e dimensións dos de pedra. Son de forma rectangular. A base soe ser maciza de cemento o mesturado con pedra. Hai algunha base formando celeiro, pero son a menos, que utilizan como galiñeiros. A cámara pode ser de cemento só ou mesturada con ladrillo, sendo o tellado a dúas augas con tella plana, polo xeral. Como adorno teñen cruces de cemento.



Piorno de cemento e ladrillo con celeiro para animais.

Estes piornos, hoxe, son os máis castigados na súa conservación. Pódese dicir que ata finais dos anos 90 do pasado século, moi poucos estaban enteiros, aínda que hoxe en día están sendo reconstruídos.

CONCLUSIÓNS

O piorno é unha edificación anexa ás vivendas da Illa de Ons e forma parte da riquísima cultura popular insular, no que ao seu aspecto etnográfico respecta.

Estamos aínda a tempo de conseguir que non se perdan. Axudas hai dabondo, só ten a administración que dirixe á Illa (Consellería de Medio Rural), que poñer a carne no asador e conseguir involucrar aos veciños donos destes monumentos etnográficos para que pidan as axudas necesarias para a súa reconstrución.

A súa utilización posterior nada ten que importar, oxalá foran dedicados ao fin para o que naceron, pero a agricultura en Ons, coa pouca ou nula axuda da administración que teñen os veciños, véxoa coma algo imposible de recuperar.

Os PIORNOS de ONS son parte do PATRIMONIO ETNOGRÁFICO de ONS, hai que Recuperalos e Conservalos